



Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios
e da Rede Galega de Salas

Nº 4 / SETEMBRO 2008

Tecendo vidas con Teatro do Morcego

As sete actrices da última produción
da compañía descóbrennos o universo
feminino de *O club da calceta*

CÁNDIDO PAZÓ O cómico global

Berrobambán

O gran salto que chegou...
unha boa noite

Druidadanza

Técnica, arte e enerxía

culturavai 
www.culturavai.info



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

PARAÍSO chega unha vez máis aos espazos escénicos da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas para dar conta, nesta ocasión, da intensa actividade coa que ambos os circuitos botarán o pano ao 2008. Fano, como sempre, coa firme intención de satisfacer o seu público habitual e de atraer novos espectadores. Esteas no caso que esteas, de seguro que nestas páxinas atoparás unha boa razón para mercar a túa entrada.

A Consellaría de Cultura, a través da nova Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), colabora con 47 concellos e entidades de toda Galicia no desenvolvemento destas carteleiras, que nos últimos catro meses do ano nos ofrecerán as propostas de 93 compañías e formacións artísticas, das que máis do 90 por cento son galegas. As dúas redes suman un total de 439 funcións de teatro de actor, monicreques, danza, maxia e música de cámara coas que se configura un atractivo e variado calendario, como podes comprobar a través do noso caderno central e das sinopses que se distribúen por toda a revista.

Nesta cuarta entrega de *PARAÍSO* tes tamén unha nova oportunidade de coñecer máis de preto algúns dos profesionais galegos que, diante ou detrás das bambolinas, fan posible que gocemos desa mestura de emocións e sensacións que só transmiten os espectáculos ao vivo. Comezamos esta viaxe xunto a dúas das compañías máis consolidadas do noso panorama teatral: Teatro do Noroeste que, cumpridos vinte anos de traxectoria, nos presenta agora *Extrarrádios*, o seu último espectáculo; e Teatro do Morcego, afondando no universo feminino de *O club da calceta* da man das súas sete actrices.

Avanzan as páxinas teatrais co protagonista da nosa portada, o autor, director e narrador Cándido Pazó, a quen lle intentamos arrincar o segredo da súa versatilidade, e algún outro...; para finalizar con Berrobambán, compañía que apostou en firme polo teatro de actor para público infantil e que continúa de xira con *Boas noites*. Xa no apartado de danza, falamos coa coreógrafa Mercedes Suárez sobre as últimas propostas e os novos proxectos de Druidadanza; e, por último, achegámonos ata Tui para visitar e redescubrir o seu Teatro Área Panorámica.

Os comentarios de Antón Lopo, en teatro, e Andrea Álvarez Pino, en novas tendencias escénicas, ofrécennos ao tempo unha visión global do que poderás atopar se, un destes días, decides probar ou repetir como público desta programación. Como ves, tes onde elixir. Senta na butaca: apáganse as luces da sala, acéndense as do escenario, comeza o espectáculo...



Teatro do Noroeste
Vocación e profesión 4-9



Teatro do Morcego. *O club da calceta*
Tecendo vidas 10-15



ENTREVISTA Cándido Pazó
O cómico global 18-22

PROGRAMACIÓN setembro-decembro 08 23-30

COMENTARIO
Antón Lopo. *Comeza o espectáculo* 33



Berrobambán
O gran salto que chegou...
unha boa noite 34-37

COMENTARIO Andrea Álvarez Pino. *Outras teatralidades* 39



Druidadanza. Técnica, arte e enerxía 40-43



Tui, o baluarte sur 44-47

Breves / Dende o paraíso 48-49

PARAÍSO é unha revista de información e promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas que se distribúe de xeito gratuito en espazos escénicos galegos.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais.
Consellaría de Cultura e Deporte.

PRESIDENTA: Ánxela Bugallo Rodríguez.

DIRECTOR: Miguel Martín Fernández.

CONSELLO DE REDACCIÓN: Marcelina Calvo, María Paredes, Ana Rosales.

COORDINACIÓN: Área de Comunicación da AGADIC.

TEXTOS: Noelia Hermida, Ana Rosales, Ana Miragaya.

COLABORAN NESTE NÚMERO: Antón Lopo, Andrea Álvarez Pino.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Ramiro Combo.

FOTOGRAFÍAS: Ovidio Aldegunde, Uqui Permui,
cesións de compañías e arquivo da AGADIC.

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Uqui IIIII Cebra.

Impresión: Litonor. Tiraxe: 9.000 exemplares.

I.S.S.N.: 1887-8164 / D.L.: C 963-2007



AGADIC Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info

TEATRO DO NOROESTE É UNHA COMPAÑÍA DE OBRIGADA REFERENCIA NO PANORAMA TEATRAL GALEGO. VINTE ANOS SOBRE OS ESCENARIOS E CASE UNHA TRINTENA DE ESPECTÁCULOS NO SEU HABER AVALAN NON SÓ A SÚA PROFESIONALIDADE, SENÓN TAMÉN A SÚA VERSATILIDADE E CAPACIDADE PARA AFRONTAR CON SOLVENCIA CANTO SE PROPOÑAN: SOBRE AS TÁBOAS, DESDE OS AUTORES CLÁSICOS UNIVERSAIS ATÉ OS DRAMATURGOS GALEGOS CONTEMPORÁNEOS; E FÓRA DELAS, DESDE A XESTIÓN DUNHA SALA ESCÉNICA ATÉ UNHA ACTITUDE COMPROMETIDA CO SECTOR AO QUE PERTENCEN.

TEATRO DO NOROESTE

Coa súa última montaxe, *Extrarradios*, o núcleo que forman Eduardo Alonso e Luma Gómez volve ao teatro de autor logo de dúas exitosas producións de gran formato: *Imperial: Café Cantante*, Vigo 1936 e *Romeo e Xulieta*. Volveron ou –melhor dito– seguen cun teatro máis íntimo no que queren amosarnos a cara menos visible da sociedade. Sitúannos nos arrabaldes dunha cidade, nunha recóndita paraxe de autobús, para que coñezamos a convivencia casual de dúas mulleres que sobreviven no lado máis marxinal. Mendiga unha, prostituta outra. De an-

temán, dúas personalidades aparentemente antagónicas que chegan, incluso, a ser intercambiáveis a medida que estreitan lazos de amizade.

Ademais de director, Alonso é o autor de *Extrarradios*, unha metáfora de extremos ante a vida, dunha historia que transcorre lonxe do corazón da cidade, xusto alí onde os corazóns parecen non sentir. Deseñou para esta obra dúas tipoloxías de muller chegadas ao seu maior punto de degradación, ás que dan vida a actriz Victoria Pérez no papel de Ra-

“NON SEI SE A OBRA É FEMINISTA, AÍNDA QUE TEN MOITO DE FEMININA. ÉSTAS MULLERES TRATAN DE ABRIRSE PASO NA XUNGLA SOCIAL E PLANIFICAN UNHA VINGANZA CONTRA OUTROS, CONTRA QUEN AS EXPLOTA, CONTRA UN MUNDO QUE AS USA E AS TIRA”







4.48 PSICOSE

Nut Teatro

Autor: Sarah Kane / Dirección: Carlos Neira
Elenco: Carlos Neira e Arantza Villar / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Nut Teatro leva á escena o último texto de Sarah Kane, autora británica xa desaparecida. Unha viaxe entre a lucidez e a loucura que fai da súa propia morte a obra de arte final. *4.48 Psicose* é a milimétrica e arrepianete crónica do suicidio que a autora cometería tres meses despois da súa escrita, creatividade en estado puro a través das palabras, da súa dor inmensa, da súa desesperanza, da súa lucidez brutal. Unha dramaturxia da morte que é toda unha declaración de vitalismo.

+info. en: www.nutteatro.es



A BOMBILLA MÁXICA

Teatro do Atlántico

Autor: Woody Allen / Dirección: Xúlio Lago
Elenco: Manu Fernández, Daniel Lago, María Barcala, Dami Contreras, Lucía Regueiro e Gonzalo M. Uriarte
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Un Woddy Allen insólito, desenvolvendo un rexistro absolutamente imprevisible nel, preséntanos un texto de moi alta calidade, como non podería ser doutra maneira, no que nos mostra o difícil mundo da adolescencia e a vellez, das relacións de parella, o mundo da maxia cunha gran dose do seu humor e personalizado na familia Pollack.



A LINGUA DAS BOLBORETAS

Teatro del Andamio

Autor: Manuel Rivas / Dirección: Tatiana Likhacheva
Elenco: Álvaro Guevara e Manu Clavijo / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A lingua das bolboretas narra os feitos que aconteceron na primavera de 1936 ata o día en que estala a Guerra Civil nunha pequena aldea galega. Moncho, un neno de seis anos, iníciase na amizade, no saber e no descubrimento dos misterios da vida. A través da súa mirada inocente e axudados pola ollada máis madura do bondadoso mestre don Gregorio, introducímonos no ambiente familiar, social e político da aldea, ata o momento da gran ruptura final.

+info. en: www.teatrodelandamio.com

TEATRO DO NOROESTE

quel, a prostituta, e Luma Gómez, que interpreta a mendiga. As circunstancias da vida empúrranas a esa situación, na que se debate a inocencia da máis nova e a veteranía da maior.

“Son personalidades que se intercambian no sentido en que á sociedade o detrito lle dá igual”, di o autor. “As dúas, en solitario, serían incapaces de facer o que rematan facendo, pero xuntas configuran outra personalidade que se auto-alimenta, se autopotencia, e son capaces de enfrontarse ao que faga falta, á sociedade”, explica.

“Non sei se a obra é feminista —continúa Luma—, aínda que ten moito de feminina. Estas mulleres tratan de abrirse paso na xungla social e planifican unha vinganza contra outros, contra quen as explota, contra un mundo que as usa e as tira”, argumenta. “No teatro de Eduardo hai máis mulleres que, nun momento dado, deciden vingarse de alguén que non coñecemos, que non aparece no espectáculo, pero que si é reflexo dun home que, se non é violento, usa e abusa das mulleres como dun obxecto. Aquí tamén acontece”, reflexiona a actriz.

Extrarrádios é o espectáculo número 26 para esta compañía que leva máis de vinte anos de traxectoria ininterrompida. Eduardo Alonso e Luma Gómez fundaron Teatro do Noroeste en 1987 cunha responsabilidade que aínda asumen hoxe: facer teatro de calidade para consolidar públicos, coas miras postas na xente nova, potenciais espectadores. A súa liña de creación tense sustentado en obras de clásicos do teatro como William Shakespeare, Bertolt Brecht, Albert Camus ou Caron de Beaumarchais, xunto a autores contemporáneos da dramaturxia galega como Suso de Toro, Miguel Anxo Murado, Lino Braxe ou o propio Eduardo Alonso.

Foi precisamente el quen ideou un dos espectáculos de maior éxito para a compañía, polo que máis forte apostaron e arriscaron: *Imperial: Café Cantante. Vigo, 1936*. Presentárono hai dous anos e foi galardoado con cinco premios María Casares. “Un esforzo moi grande a todos os niveis do que aínda estamos descansando”, reconece o autor desta obra ao estilo do cabaré europeo que relata o ambiente dun recoñecido café de Vigo nos días previos ao estoupido da Guerra Civil. Supuxo contar cun elenco de dez actores e actrices, un arduo labor de investigación histórica e xornalística, e es-

tudar e afondar no estilo do musical, ademais do grande esforzo en produción e distribución. “Foi un dos espectáculos máis caros que produciu Teatro do Noroeste e, case seguro, dos máis caros que se fixeron a nivel privado en Galicia”, resalta Eduardo.

A versión contemporánea do *Romeo e Xulieta* de Shakespeare que a compañía presentou en 2007 interpretada por unha nova xeración de actores galegos tamén lles deparou moitas satisfaccións pola boa acollida de público. E de igual xeito, outros títulos como *As vodas de Fígaro*,



Historias peregrinas, Macbeth ou *Noite de Reis*, que presentaron a mediados dos anos noventa. Co novo século chegou tamén un momento especialmente intenso para a compañía como foi a simultaneidade coa súa etapa como coexistora da compostelá Sala Yago.

“Como compañía, preocupámonos a mellora do sistema teatral en xeral e sentímonos responsables de crear unha base de traballo e de mellora das condicións laborais para que os que se vaian incorporando atopen cousas feitas”, sinala Luma.

**“COMO COMPAÑÍA,
PREOCÚPAMOS A MELLORA
DO SISTEMA TEATRAL EN XERAL
E SENTÍMONOS RESPONSABLES
DE CREAR UNHA BASE DE
TRABALLO E DE MELLORA DAS
CONDICIÓNS LABORAIS”**

Eduardo Alonso e Luma Gómez son unha suma de talentos complementarios na súas funcións dentro da compañía, que adoita nutrirse tamén da participación dos mellores intérpretes e técnicos do país. Á fronte dos textos e da dirección el, sobre os escenarios ela, aínda que non hai nada pactado, algunha vez intercambiaron posicións. “Se o podemos facer entre os dous, somos un exército”, sentenciou a actriz.



A MIRADA DE PIER

Nut Teatro

Autor: Nut Teatro / Dirección: Carlos Neira
Elenco: Arantza Vilar, Iria Sobrado, Nerea Barros e Xiana Carracelas / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A partir de historias de desexo que nos chegan a través do cine, da arte e da literatura, extraemos os conflitos que xera este sentimento, despersonalizándoos e universalizándoos, creando unha historia de ficción crible e real co emprego deses clichés e estereotipos a favor do traballo e como parte da ficción.

Cando a imaxe dirixida consiga que te sintas atraído pola erótica do poder, quizais comeces a entender por que Pier lles dá de comer ás súas cobaías.

+info. en: www.nutteatro.es



AEROPLANOS

Lagarta Lagarta

Autor: Carlos Gorostiza / Dirección: Rosa Álvarez
Elenco: Ernesto Chao e X. M. Olveira “Pico”
Xénero: Teatro adultos/Comedia

“*Aeroplanos* é unha comedia: de texto, de intriga, idealista, enxeñosa e de linguaxe sutil. Sabemos que rir é unha defensa contra a angustia e, de maneira moi xeral, a comedia é o lugar de todos os alivios posibles. É unha viaxe da vida, dun instante, dun segundo. Unha viaxe onde o tempo, medible por un reloxo, non ten ningunha importancia, dunha viaxe que ten un minuto, nada máis, pero este minuto... dentro... teno todo”. Rosa Álvarez.



ANXELIÑOS

Espello Cóncavo

Autor: Roberto Vidal Bolaño / Dirección: Arturo López
Elenco: Fernando Morán, Rodrigo Roel, Estíbaliz Veiga, Manu Fernández e Isabel Martínez Risco
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Charli, ex-policía franquista, dirixe unha axencia de cobro de morosos. Xunto con el, Leti, a súa filla; Chema, o xenro; Tigre, vello amigo, tan fiel como inútil; e sor Anxélica, unha monxa empeñada en salvar almas á forza.

Charli e os seus serán capaces de calquera cousa con tal de salvar a axencia, incluso pactar co diabólico gánster Damián...



ARTE
Fulano, Mengano e Citano

Autora: Yasmina Reza / Dirección: Celso Parada
Elenco: Manuel Álvarez, Xosé M. López Conde e Manuel Pombal / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Serxio acaba de mercar un cadro totalmente branco que lle custou unha morea de cartos. O seu amigo Marcos, que odia a arte moderna, non comprende que a alguén se lle poida ocorrer pagar por “semellante trapallada”. Entón intervéñ Iván, o terceiro en discordia, que intenta mediar entre ambos os dous pero acaba metido no enredo. Humor ácido e brillante para amosarnos curiosas actitudes ante a vida.

+info. en: www.fulanomenganocitano.com



**AURORA RODRÍGUEZ E A SÚA
FILLA HILDEGART**
Encena Produccións Artísticas

Autora: Marga do Val / Dirección: Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno / Elenco: Roberto Cordovani, Eisenhower Moreno e Marga do Val / Xénero: Teatro adultos/Drama

A historia verídica dunha muller galega de Ferrol que nos anos trinta en Madrid aterrorizou España matando a súa filla Hildegart, de 19 anos. Unha historia de horror, de loucura e liberdade, de asasinato e forza.

+info. en: www.tal2005.com



BAILADELA DA MORTE DITOSA
Teatro de Ningures

Autor: Roberto Vidal Bolaño / Dirección: Etelvino Vázquez / Elenco: Sonia Rúa, Fran Paredes, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Mónica Camaño, Salvador del Río e Casilda García / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Bailadela da morte ditosa preséntanos seis encontros coa morte noutros tantos cadros. Encontros procurados sempre polos personaxes e por diferentes motivos: adiantar a propia morte para fuxir do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou acabar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa andado.

+info. en: www.teatrodeningures.com



TEATRO DO NOROESTE

EDUARDO ALONSO DIRECTOR DE TEATRO DO NOROESTE

A súa creatividade medrou parella á evolución da compañía que fundou, Teatro do Noroeste, e nunha tarxeta rápida de presentación nunca hai que esquecer que estamos diante do primeiro director do Centro Dramático Galego. Posuidor dun currículo de vertixe, puido ser enxeñeiro ou xornalista, pero é, sobre todo, un director escénico, mais tamén un autor destacado da dramaturxia actual, que sente e concibe o teatro como o mellor escape da nosa realidade social.

**“DO LADO FEMININO AS
COUSAS VENISE DESDE
UN PUNTO DE VISTA
MÁIS AMPLO. E ESE
DISTANCIAMENTO PARÉ-
CEME TEATRALMENTE
MOI INTERESANTE”**

Con *Extrarrádios* recupera de novo o teatro de autor, logo de dous espectáculos de maior envergadura. Por que?

Porque non se pode facer todo á vez. Unhas veces fanse espectáculos máis grandes, de elencos máis amplos, e esta vez tocoulle a algo máis íntimo. Pero seguro que na seguinte volvo a un espectáculo de grande elenco, porque o teatro ten iso: que a min me interesa todo tipo de teatro. Non é volver, é seguir.



Eduardo Alonso e Luma Gómez tomando o aperitivo nos composteláns soportais do Suso

Gústalle afondar na deshumanización, no desapego que o ser humano sente por si mesmo, na falla de memoria da sociedade. Que atopa nese lado máis antisocial do individuo?

Como autor, entendo que o teatro debe ser un reflexo, debe estar pegado a unha realidade, e este tipo de temas adoitan ser os que me preocupan. A sociedade foise construíndo sobre uns valores e uns elementos que a miúdo rexeitan a toda unha serie de xentes, de personaxes e de situacións que son os que máis

me interesan e penso que, ademais, son os que máis deben interesar. Por iso reclamo a atención sobre eles dunha forma metafórica ou poética. Pero é mais unha necesidade persoal que un sentido social.

Iso outorga maior forza aos seus personaxes?

Indiscutiblemente. Interésame o teatro de personaxe e os seus conflitos, que moven todo o proceso creativo. Son personaxes en conflito co seu medio, co medio que lles toca lidar en cada caso.

Recordando obras súas como *As damas de Ferrol* ou outras interpretadas pola compañía, como *A tixola polo mango*, *muller non é para tanto* ou *A casa do pai*, en *Extrarrádios* estamos de novo ante mulleres en papeis protagonistas. Por que esa óptica feminina?

Non o sei. Se cadra porque nestes ámbitos de difícil encaixe a muller resulta tamén un elemento protagónico. Seguramente as personaxes femininas, pola súa adaptabilidade, dan un matiz de posible solución a todo o conflito que, no caso dos personaxes masculinos, non é tan posible. É o meu gusto pola alteridade. Non me interesa o propio, interésame máis o outro, e nese outro tamén está a muller. Chámame moito máis a atención a muller, a feminidade, que a masculinidade.

Que papel lle confire á muller? Hai algún trazo definitorio das personaxes femininas nas súas obras?

Só teñen o trazo da feminidade, de que teñen un sentido máis distante para analizar as situacións. No lado feminino sempre hai unha certa ironía, unha certa distancia que me gusta destacar, e no lado masculino hai máis implicación obsesiva, hai máis fanatismo. Do lado feminino as cousas vense desde un punto de vista máis amplo. E ese distanciamento paréceme teatralmente moi interesante.

Existe unha aproximación do seu teatro á novela?

No sentido de que trato de manter unhas coordenadas de estrutura dramática, si. Estou contando algo a alguén e, polo tanto, teño que estar moi pendente de que entenda o que eu lle vou contando. No meu caso en particular, existe unha conciencia moi clara de que vai haber un espectador que quere ser testemuña directa de algo que pasa, que el poderá contar en primeira persoa e non quere que llo conten. Eu, cando monto ou adapto, busco sempre que haxa unha parte na que o espectador sexa o primeiro en coñecer o que acontece.

Como director e á hora de adaptar textos, inclínase por clásicos teatrais e autores galegos contemporáneos. Que busca neles?

Volver aos clásicos de cando en vez é necesario, pero sempre os tratei de ti a ti, coma se fosen autores contemporáneos, pero sen a posibilidade de debater con eles algúns aspectos que si podo facer cos autores vivos. Enfoco todo o material como se fose escrito para agora, non me propoño facer unha reconstrución arqueolóxica dese traballo. Gústame pararme a reflexionar sobre como se escribiu ese texto para os espectadores da época, para reproducir e traducir ao momento actual esas intencións.



BICOS CON LINGUA

Talía Teatro

Autor: Varios autores / Dirección: Avelino González
Elenco: Artur Trillo e Antonio Casais / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Bicos con lingua é un espectáculo que nace dun forte sentimento de amor á lingua, á nosa lingua. Comedia creada a partir de historias curtas que tratan de ofrecer un panorama de situacións do idioma galego.



CACHAI

Miroscopio Perdicións

Autor: Pepe de Jiménez / Dirección: Pepe de Jiménez
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Cachai introdúcenos nunha viaxe. Unha viaxe que se inicia cando non queda nada, ás veces familia, casa, traballo, identidade legal, saúde ou afecto. A vida entón acontece grazas á insistencia por agarrarse a ela. Nunha loita constante por non perder a dignidade. Nunha loita por sobrevivir. Cando non queda nada é preciso renacer. Renacer despois da perda. Renacer desde a carencia. Renacer dos anónimos, daqueles dos que ninguén se lembra, das vítimas. Dos inocentes. Dá igual se ocorre en Galicia, en Marrocos, en Chile ou en Palestina. *Cachai?*



CHICHO E A SANTA COMPAÑA

Lambríaca

Autor: Xosé Manoel Conde / Dirección: Xoán Abreu
Elenco: Humy Donado, Fran Peleteiro, Xulio Cela e Xosé Manoel Conde / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Quen de neno ou nena ao carón do lume, nunha noite de treboada, non escoitou historias fantásticas da Santa Compañía? Ben... aquel. Pero quitando o amargado, quen non as escoitou? Que si... que o xordo obviamente tampouco. Pero ídesme deixar contar o choio ou ides estar molestado?... Iso está mellor. Hai algo nas historias de terror que fai que volvamos sentirmonos asustados, sentirmonos como cando eramos nenos, protexidos do mundo pola soa presenza dos nosos dous pais... ou da nosa nai.

+info. en: www.lambriaca.com



COMIDA CHINESA

Teatro de Adro

Autor: Pedro Ángel Ramos García / Dirección: Lino Braxe / Elenco: Josito Porto e Mónica García
Xénero: Teatro adultos/Outros

Un violador e asasino en serie e a nai dunha das súas vítimas, xuntos nun apartamento. Ela foi a súa psiquiatra na prisión. El é o seu paciente favorito. Unha relación imposible e enfermiza. O amor e a vinganza. O desastre e a éxtase. A vida. *A morte e a doncela* ou *O silencio dos cordeiros*. Un traballo diferente para un actor e para unha actriz. Un autor novo. Para sempre un desafío. Un tema aínda nunca tratado no teatro feito en Galicia. Un combate dialéctico e físico a un só asalto. O soño da razón cría monstros de Goya. *Algún día morrerás, pero antes preciso coñecer algo da túa alma* (anónimo do século XIV).



CRÓNICA DE DÍAS ENTEIROS,
DE NOITES ENTEIRAS

A Factoría Teatro

Autor: Xavier Durringer / Dirección: Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle / Elenco: Anabel Gago, Rocío González, Toni Salgado, Alberto Rolán e Xosé Manuel Esperante
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Nun espazo de transición, de tránsito dun lugar a outro, cinco personaxes da mesma xeración, de entre 30 e 35 anos, andan á procura de algo. Andan á procura deles mesmos. Procuran con ansia, con todas as súas forzas. Coa súa voz, cos seus movementos, cos seus textos, cos obxectos, coas súas músicas, coas súas imaxes, cos seus ruidos... Isto narrámolo en forma de crónicas. Crónicas das súas noites enteiras e dos seus días enteiros, presentadas como unha colaxe, un andel de pequenos fragmentos de vidas, para expresar un desexo: o amor.



DÁME VELENO

Sarabela Teatro

Autora: Ánxeles Cuña Bóveda
Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda
Elenco: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo, Xosé A. Porto
"Josito", Tito R. Asorey, Fina Calleja, Nate Borrajo e David Varela
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Un avó e unha avoa moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comuni-

carse con ela desde o alén. Un dos seus netos crese un mariscal, mentres as súas tías teñen a tola esperanza de poder axudar, coas súas accións, a facer máis levadía a existencia dos infelices. Unha parella disposta a non deixarse arrebatado o seu amor. Un neto mesquiño, un cirurxián plástico sádico e unha enfermeira ansiosa tecerán un nobelo fantástico.

+info. en: www.sarabellateatro.com

ALÁ POR ONDE PASA CREA DEVOCIÓN. *O CLUB DA CALCETA*, A ÚLTIMA PRODUCCIÓN DE TEATRO DO MORCEGO, LEVA PERCORRIDOS OS PRINCIPAIS ESCENARIOS DE GALICIA SEN DEIXAR INDIFERENTE A NINGUÉN, POLA SÚA CALIDADE ARGUMENTAL E POLO ADMIRABLE TRABALLO DE INTERPRETACIÓN DAS SETE ACTRICES PROTAGONISTAS, COA DIRECCIÓN DE CELSO PARADA. O TEXTO É DA ESCRITORA LUCENSE MARÍA REIMÓNDEZ. COA SÚA NOVELA HOMÓNIMA, ARRASA NAS LIBRARÍAS DE VARIOS PAÍSES, O QUE DALGÚN XEITO PREDICÍA O ÉXITO DESTA HISTORIA DE MULLERES... NON SÓ APTA, SENÓN RECOMENDABLE PARA PÚBLICO MASCULINO.

TECENDO-VI

TEATRO DO MORCEGO

presenta

O club da calceta



Nunca unhas agullas e un nobelo de la co-braran tanto significado como cando quen as manexa son sete mulleres con ganas de plantar cara aos seus destinos. Un labor tan intranscendente como a calceta vólvese, entón, un acto de rebeldía e reivindicación feminista. Máis aínda cando se practica en grupo e da unión sae a forza. Daquela, cada punto que se dá e cada confesión que se fai é unha sacudida de consciencias e un paso máis nesa carreira por superar unha vida de frustracións e menosprezos.

Este é o fío argumental da última novela de María Reimóndez, que leva por título *O club da calceta*, un recente éxito de Edicións Xerais. Nela preséntanos un grupo de mulleres con vidas moi diferentes pero cun problema en común: unha sociedade que as infravalora, que non as deixa ser o que elas queren. Xuntas atopan refuxio nas sesións de calceta.

Celso Parada, director de Teatro do Morcego, rendeuse á valía artística desta obra narrativa e á súa forza argumental e presentou este ano unha adaptación, na que nos transporta a un universo feminino de loita e superación e nos invita a reflexionar sobre a condición da muller.

Parada, que asumiu tamén a dirección da montaxe, foi quen versionou o texto para teatro, un traballo que seguiu de preto a autora do libro. “Gústame respectar sempre o que é a textualidade do autor, xa que o texto non é meu, e neste caso fixen a dramaturxia desde a propia voz da autora, quixen sacar a esencia do libro. A propia María Reimóndez deume moitas facilidades para que eu interpretase o texto e ela mesma colaborou comigo”, asegura. “Da obra seducíume a problemática actual que aborda a través de seis prototipos de muller que están nun momento de inflexión nas súas vidas e, tamén, a sinceridade do



DILE A MI HIJA QUE ME FUI DE VIAJE

Teatro del Duende

Autor: Denise Chalem / Dirección: Jesús Salgado
Elenco: Marta Belaustegui, M.^a José Goyanes e Celia Bermejo / Xénero: Teatro adultos/Drama

Entre as catro paredes dunha cela, dúas mulleres están condenadas a encontrarse. É o perigoso argumento desta tenra obra escrita sen compracencia por Denise Chalem. No realismo do cotián acentuado polo ruído dos ferrollos e as intrusionas dunha vixilante, a forza e a beleza deste encontro vital seméllanos aínda máis valioso. Encarcerada desde hai sete anos, Dominique, de clase baixa, non ve ben a chegada de Caroline e as súas grandes manoiras. Un mundo separa estas dúas mulleres. Ao final, o confinamento da cela acabará por unilas.

+info. en: www.teatrodelduende.com



E TI, QUEN VÉS SENDO?

Talía Teatro

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó
Elenco: Toño Casais, Artur Trillo, David Creus, Dani Trillo, Marta Ríos, Rosi Barcala, María Ordóñez, Diego Rey, Gustavo G. Dieste e Xurxo Barcala / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Que pasaría se, de súpeto, alguén ocupase o teu lugar na vida? Pero non alguén en xeral, senón unha copia exacta de ti mesmo, que coñece ata os máis íntimos detalles da túa vida. Como demostrar que un mesmo é o “auténtico” cando o “outro” é idéntico a un mesmo? Este é o arranque da peripécia do *Anfitrión*, de Plauto, revisitada en clave actual por Cándido Pazó.



EN LA SOLEDAD DE LOS CAMPOS DE ALGODÓN

Cámara Negra Teatro

Autor: Bernard-Marie Koltés / Dirección: Carlos Álvarez-Ossorio / Elenco: Alfredo Padilla e Carlos Álvarez-Ossorio
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Dous actores, cara a cara, encarnan un dos textos chave da dramaturxia francesa de finais do século xx. Un duelo de palabras en que cada un asume un rol diferente e oposto: un inmigrante e un europeo. E xorde o conflito... Como comunicarse co outro? Como aceptar a súa diferenza? É posible o diálogo nun mundo con tantas diferenzas? O intervalo entre a palabra e a violencia? Chamada de atención ante a necesidade urxente de establecer a comunicación entre homes e sociedades para evitar as fisuras sociais, económicas e culturais do século xxi.

+info. en: www.camaranegra.org

DAS





EXTRARRADIOS (COMEDIA DAS MULLERES DESAMPARADAS)

Teatro do Noroeste

Autor: Eduardo Alonso / Dirección: Eduardo Alonso
Elenco: Luma Gómez e Victoria Pérez / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Comedia urbana, aínda que marxinal, sobre o frutífero encontro de dúas mulleres singulares, unha mendiga chegada ao punto de maior degradación e unha puta de estrada barata e acabada, que disputan o seu espazo vital, a paraxe abandonada do bus 108. Nos límites imprecisos da cidade, e posiblemente tamén da realidade, móvense estas personaxes que, a pesar da súa lateralidade, manteñen o seu dereito a ser felices.

+info. en: www.teatrodonoroeste.com



FLORES MIGRATORIAS

Teatro D2

Autores: Diego Freire, Manu Lago, Teresa de la Hera e Fran Riveiro / Dirección: Teresa de la Hera
Elenco: Teresa de la Hera, Diego Freire, Fran Riveiro, Manu Lago, David Castro e Cris Mouzo / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

“Resulta que agora quero a quen me quixo e decidín non querer. Acho de menos a pel de galiña, a gargallada sincera. Agora sorrio cando cheiro os teus pasos. Non é a miña sombra a que te acompaña. Xusto aí, no teu regazo, é onde quixera perderme contigo. A felicidade: nunca agora, sempre antes. Pecho os ollos e por un segundo o meu arredor é perfecto. Atrapémolo, sintámolo”.

+info. en: <http://teatrod2.wordpress.com>



FRIDA KAHLO

A Internacional

Autor: Jorge Rey / Dirección: Jorge Rey
Elenco: Margarita Fernández, Manuela Varela, Alfredo Padilla e Daniel Casquero / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Na súa última noite, Frida viaxa polos momentos máis inquietantes da súa vida, marcada por un intenso amor á beleza e á creatividade, así como polo sufrimento dun corpo sumamente violentado. Esta dualidade do creativo imaxinario en oposición á dor e á violencia permítenos elaborar un discurso reflexivo e audaz sobre a represión que soporou e soporta a muller na sociedade.

+info. en: www.ainternacional.com

seu discurso; un discurso no que a autora cre e que defende profundamente”, engade.

Teatro do Morcego leva a escena, en forma de monólogos, a vida das sete mulleres que Reimóndez perfila na súa novela. Son: Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Nanda, Luz e a tía Davinia, unha personaxe de soño, metafórica, que cobra maior relevancia que na obra orixinal porque actúa como enlace das seis historias. As nosas protagonistas convértese en asiduas á terapia do club da calceta porque nese espazo común ao que acoden cada día poden ser elas mes-

mas. Aí falan da súa vida e escoitan as vidas doutras. E así, desafogan, reforzan a súa autoestima e alimentan a súa ansia por superarse.

Para darlles vida a estas personaxes, o director da compañía, Celso Parada, rodeouse de verdadeiros talentos da escena galega: Susana Dans, Laura Ponte, Maxo Barjas, Elina Luaces, Luísa Merelas, Imma Antón e Estíbaliz Espinosa. Tamén Mabel Rivera, como axudante de dirección.


“Era coma unha especie de débeda histórica que eu tiña con todas elas. Desgraciadamente hai moi poucos textos na dramaturxia universal con tantos papeis femininos,

entón esta era unha ocasión fantástica e había que aproveitala para chamar as primeiras figuras femininas do teatro galego. E están todas aí. Naturalmente, estou encantado”, confesa.

O burgués fildalgo, de Molière; *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao; *A gran ilusión*, de Eduardo de Filippo; *Morte accidental dun anarquista*, de Darío Fo, ou *O lazariño de Tormes* compoñen, entre outras, o repertorio da compañía desde que botou a andar en 1989, apostando sempre por bos textos e grandes autores e movéndose, na maioría das veces, na liña da comedia clásica e contemporánea.



O club da calceta súmase á lista pero achega algo de seu: “É un espectáculo moi enriquecedor desde o punto de vista formal pola función escénica do coro que creei para esta montaxe”, admite Parada. Refírese o director a cancións como *Grándola Vila Morena*, *Mea culpa*, *Patapalo...* e outros temas que as actrices interpretan ao longo do espectáculo. “Creativamente foi bonito porque o coro fixo que se enriquecese plasticamente o espectáculo. A música para min é temática, introduce cada personaxe cunha burla do coro cara a ela, e iso proporciónanos unha visión irónica sobre as protagonistas, que se rin tamén delas mesmas e, ao mesmo tempo, suaviza o seu drama persoal”, explica o director.



Celso Parada



Estíbaliz Espinosa



HAMLETMASCHINE
Cámara Negra Teatro

Autor: Heiner Müller / Dirección: Carlos Álvarez-Ossorio
Elenco: Carlos Álvarez-Ossorio / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Vivimos hoxe en día nas “ruínas de Europa”: unificación, estandarización, globalización, homoxeneización... Pensamento único. Todos somos convertidos en máquinas, ou máis ben en engranaxes dunha máquina, en comida lixo. Neste contexto, *Hamletmaschine* é hoxe máis que nunca un texto absolutamente necesario e sorprendentemente vixente.

+info. en: www.camaranegra.org



HENDAYA, MON AMOUR
Bacana

Autor: Xúlio Abonjo / Dirección: Xúlio Abonjo
Elenco: César Goldi e Xúlio Abonjo / Xénero: Teatro adultos/Comedia

O 23 de outubro de 1940, no punto límite entre as conquistas militares do III Aich, en España tivo lugar un encontro. *Hendaya, mon amour* conta en clave de comedia musical o encontro entre Adolfo the Hit “Fito”, o Führor do III Aich, e Francisco Frango “Paco”, o Claudillo de España. Un musical que navega por diferentes estilos musicais: twist, hip hop, balada romántica, copla, pop. A meirande historia de amor endexamaís contada. Unha comedia na que o amor acaba co fascismo. Un musical *made in Bacana*.

+info. en: www.bacana.es



IDE TODOS AO INFERNO
Teatro Lope de Vigo

Autor: Julián Rodríguez Novo / Dirección: Julián Rodríguez e Xosé Manuel Conde / Elenco: Marta Lado, Javier Octavio de Toledo e Julián Rodríguez
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Conta unha linda milenaria que o Demo era o delegado sindical dunha empresa chamada Paraíso. Ocupaba o primeiro posto na liña de sucesión á presidencia desta multinacional. O tema é que o Creador do negocio escolleu o seu sucesor a dedo: o seu fillo (un rapaz sen currículo que con trinta e tres anos aínda vivía na casa da nai, levaba guedellas, ía ao traballo sen afeitar... e saía cunha tal María Magdalena), que enchufou na empresa a todos os seus amigos menos a un tal Xudas. Despois desta inxustiza laboral, o Demo dimitiu, fíxose autónomo e puxo a súa sede social nun baixo (baixando) con calefacción centralizada. Din que alí está como Deus.

TECENDO VIDAS

LUISA MERELAS. A coxa que quere ser condutora de autobús

Di que a personaxe que encarna, Nanda, ten un problema de minusvalía pero tamén de integración na sociedade. É coxa dunha perna e desde pequena sufriu os insultos dos rapaces. O seu soño frustrado é poder chegar a ser condutora de autobús. Nanda achega unha visión diferente dos homes que a que teñen as outras, porque o seu marido é o contrapunto de todos os demais, “o home máis marabilloso do mundo”, di; ata o punto de facela sospeitar se está con ela por compaixón. “O uso da palabra, a oportunidade de que as mulleres poidamos expresar como sentimos, é o sentido común deste espectáculo”, admite a actriz.

Luisa Merelas é unha desas damas destacadas na escena galega, cunha vida dedicada á interpretación, tanto en teatro como en cine e televisión. Se revisamos os seus papeis máis recentes, *O regreso ao deserto*, do CDG, valeulle o premio de interpretación teatral Maruxa Villanueva; e *O burgués fidalgo*, de Teatro do Morcego, a nominación como Mellor Actriz nos María Casares. No cinema, os seus últimos traballos son *Siete mesas de billar francés*, de Gracia Querejeta (2007), *La promesa*, de Héctor Carré (2004), e *Los lunes al sol* (2001), de Fernando León.

IMMA ANTÓNIO. Unha prostituta que soña outras vidas

Esta actriz coruñesa é Luz, unha prostituta “á que lle pasan demasiadas cousas e todas demasiado grandes”, di a intérprete. A personaxe a quen dá vida “demostra que as mulleres podemos ser as peores inimigas para nós mesmas. Foxe da súa dramática realidade soñando con outras vidas que ve na tele, nos libros... ata que se cruza coa historia da tía Davinia e, abraida, decide contala, pero escribíndoa no turbante que tecerá no club da calceta.

Imma António é actriz, escritora e deseñadora. O seu labor profesional abrangue campos como o teatro, o cine, o vídeo, a televisión, o deseño e a creación literaria. Escribiu adaptacións de obras de Shakespeare, A. Dorfman, A. Long, etc. De colleita propia son títulos recentes como *A ciencia dos anxos* (Premio Rafael Dieste 2003) e *Os cárceres do esquizo* (Xerais, 2004). Foi nominada como Mellor Actriz nos María Casares en 2001 polo seu papel en *Otelo*, de Producións Librescena, e por *A morte e a doncela*.



AS QUE CALCETAN...

Son sete grandes actrices galegas. Cada unha delas interpreta un estereotipo de muller que atopa no club da calceta o catalizador da súa identidade. Os seus monólogos sobre o escenario non deixan indiferente a ninguén. Elas fan unha suxestión: que neste club tamén teñan cabida os homes.

ESTÍBALIZ ESPINOSA.

Un espírito rebelde apaixonado polo canto

Encarna a personaxe da tía Davinia, unha pantasma cantareira e con carácter que se aparece para acirrar a súa sobriña, Matilde, porque quere que se espila e cambie de vida.

Segundo a actriz, Davinia foi unha muller adiantada á súa época, forte e grande no físico, pero tamén na súa personalidade, porque se enfrontou á hipocrisía moral do momento. Tomou a xustiza pola súa man e matou o home que violara á súa amiga, un señorito da vila, e despois suicidouse. Permanece entón o seu recordo de muller valente, feminista, heroica. No club da calceta eríxena “patrimonio da mulleridade”.

A Estíbaliz Espinosa, como a Davinia, tamén lle gusta cantar; por iso encaixa á perfección na personaxe, especialmente polo seu dominio do canto lírico, que pon de manifesto na obra. Esta polifacética actriz coruñesa, con varios blogs na rede, é tamén unha recoñecida poeta, autora de obras como *Pan (libro de ler e desler)*, Premio Esquíu 1999, *—Orama*, premiada co Díaz Xácome de Novos Creadores en 2001, e *Número e*, Premio Espiral Maior de Poesía 2001.



SUSANA DANS. Unha ama de casa sen máis expectativas

Interpreta a Matilde, unha ama de casa da aldea, acomplexada polo seu aspecto físico. “Marcouna toda a súa vida. Ela provén dunha aldea e vive sumida nun mundo moi pechado, pero vai ser o vehículo condutor entre Davinia e todas as demais e vainas contaxiar do seu espírito”, explica Susana Dans.

Falar desta actriz é falar de teatro, cine e televisión, así como de moitos premios que recoñecen a súa valía artística. O último recolleuno este mesmo ano: o María Casares á Mellor Actriz Secundaria polo seu papel en *A piragua*, do CDG. *O ano do cometa* valeulle o mesmo galardón en 2005, e en 2002 a súa interpretación en *Rosalía*. Por *O cerco de Leningrado* gañou en 2000 o de Mellor Actriz Protagonista. Un ano despois, en 2002, recibiu o premio de interpretación Maruxa Villanueva por *Mulleres*.

ELINA LUACES. A beata que quere ser cura

É unha das fundadoras do teatro galego actual. Esta ferrolá comezou a traballar en compañías como Escola Dramática, Luís Seoane, Ancora... Logo entrou nos elencos do Centro Dramático Galego e protagonizou unha das primeiras series da TVG, *A familia Pita*. Actuou noutras máis. Con Xabier Villaverde participou na película *Continental* e así ininterrompidamente ata hoxe.

Interpreta a Elvira, a beata. Segundo di, “unha muller criada nunha atmosfera santona que dedica a súa vida á igrexa, sometida, dalgún modo, polo cura”. Ten aspiracións imposibles: quere ser cura, unha muller cura.

MAXO BARJAS. Unha muller guapa, non parva

O seu currículo é de seguro tan completo como o que Rebeca, a súa personaxe, presenta para optar a postos de traballo nos que, logo, só interesa o seu físico.

Maxo Barjas xa cantou antes, e fíxoo no *Imperial: Café Cantante*, de Teatro do Noroeste, onde encarnaba unha famosa fadista. A súa interpretación valeulle unha nominación como Mellor Actriz nos Premios María Casares 2006, premio que si recolleu polo seu papel en *A gran ilusión*, de Teatro do Morcego. Esta actriz ourensá é unha habitual da escena galega, de moitas series de TVG, tamén presentadora, actriz de dobraxe e de cinema, por exemplo en *O lapis do carpinteiro* (2002).

De Rebeca di que o ten todo para ser feliz: é intelixente, con capacidade profesional, un bo currículo, é guapa e ten noivo formal. Porén, o seu noivo “é un fillo de puta” que a quere “como boneca de compañía”; a súa nai só lle inculca que coide o seu corpo, e está farta dos “xefes babosos” e de que, por ser unha muller guapa, todo o mundo a trate coma se fose un obxecto. Unha situación “moi típica” na nosa sociedade actual, opina a actriz.

LAURA PONTE. A “progre” do grupo

É a revolucionaria e inconformista Anxos. “Unha tipa súper concienciada política e persoalmente que chega a rachar co partido político no que estivo involucrada e coa súa relación íntima de parella porque é consciente de que está claudicando con esa serie de valores que defendeu sempre”, di Laura. Coma todas, Anxos tamén atopa a saída no club da calceta. “Alí, entre todas collemos forza para tomar os camiños que nós entendemos máis importantes para nós mesmas”, apunta a actriz.

De Laura Ponte poderíamos dicir que non está falta da forza que lle sobra á súa personaxe. Da súa extensa carreira sabemos, ultimamente, do seu papel na serie da TVG *Os Atlánticos*. Nacida en Bos Aires, comezou no teatro a mediados dos setenta para converterse logo nunha habitual das montaxes do CDG, como *Rosalía*, coa que foi nominada aos María Casares como Mellor Actriz Secundaria. Un ano despois, en 2003, recolleu o de Mellor Actriz Protagonista por *Mulleres*. Compaxina o teatro coa televisión e o cine. Vímolala, por exemplo, en *León e Olvido* (2004) ou en *Los girasoles ciegos*, de José Luis Cuerda (2007).





IFIXENIA EN ÁULIDE
Arela das Artes

Autor: Eurípides / Dirección: Charo Amador
Elenco: Fran Paredes, Mónica Sueiro, Diana Mera, César Aldea, Mighello Blanco, Fernando Pedrido, Xosé M. Esperante, Alba Barreiro, Silvia Camino Saco, Marta Pérez, Rocío González, Vanesa Sotelo, Teté García, Rosa Puga Davila e María Caparrini / Xénero: Teatro adultos/Clásico

Amence no campamento. Agamenón, xefe do exército dos gregos, esnaquizado entre as razóns de Estado e o amor pola súa filla Ifigenia, dispónse a dar unha contraorde en segredo que evite o seu sacrificio, condición necesaria para a saída da expedición grega cara a Troia e a conquista da cidade... É a historia da inmolaición dunha vítima inocente para satisfacer os deuses e gañar unha guerra. Máis aínda, é a historia dunha vítima que, despois de defender o seu dereito a vivir e rogarlle a seu pai que non a mate, acepta finalmente ser inmolada xustificando o seu sacrificio pola vitoria e a gloria do seu país. A traxedia grega preséntanos enigmas esenciais á condición humana; cuestións que os homes nunca deixaron de considerar.



KAMIKAZE
Pistacatro Produtora de Soños

Autores: Pistacatro e Hernán Gené / Dirección: Hernán Gené / Elenco: Borja Fernandez, Pablo Reboleiro, Alfonso Medina, Manuel Lago, Natalia Outeiro, Antón Coucheiro e Xabier Mera / Xénero: Teatro adultos/Outros

A homenaxe pola morte do Sr. Kamikaze reúne os seus estraños camaradas nunha cerimonia que repiten solemnemente cada ano. Un tipo gris e aburrido chega alí de xeito accidental. Quen era este morto para merecer tantos honores? Por que despois da morte se celebra tanto a vida? Será que a vida é tamén unha kamikaze?

+info. en: www.pistacatro.com



LA VERDADERA HISTORIA DE LOS HERMANOS MARX
Teatro Meridional

Dirección: Álvaro Lavín / Elenco: Marina Sereskesy, Paloma Vidal, Luis Callejo, Álvaro Lavín, Chani Martín e Iván Villanueva / Xénero: Teatro adultos/Outros

Neste espectáculo partimos das figuras dos irmáns Marx, das súas películas e das súas personalidades reais, para crear unha fantasía de hoxe para as xentes de hoxe e de aquí.

+info. en: www.teatromeridional.com



LAS TRES HERMANAS
Teatro Círculo

Autor: Anton Chéjov / Dirección: Pablo Corral Gómez
Elenco: Noelia Abenza Barceló, Cruz Hernández, Ana Campos del Alcázar, Miguel Ángel Cantero, Nef Martínez, Josep Vicent Asensi i Calvet e Vicent Grande i Roig
Xénero: Teatro adulto/Drama

A sensibilidade e o bo traballo de Anton Chéjov fan que esta obra centenaria siga viva e vixente, cunha capacidade de comover que esta proposta de Teatro Círculo reafirma a través da intensidade interpretativa do conxunto actoral e a sobriedade e beleza da proposta escénica do director. Unha inmensa tristura, xunto con algúns momentos de felicidade, impregnan esta peza, que narra as relacións dunha familia que vive lonxe da Moscova onde naceu e creceu.

+info. en: www.teatrocirculo.com



LILI CAMALEÓN
B.B. Produccións

Autora: Blanca Cendán / Dirección: John Eastham
Elenco: Carlos Ariel, Suso Alonso e Blanca Cendán
Xénero: Cabaré

Blanca Cendán, con Carlos Ariel ao violonchelo e Suso Alonso ao piano, fannos viaxar na historia de Europa a través das melodías que marcaron o século xx. Unha historia chea de paixón, humor, traxedia e *glamour* que xa foi presentada en festivais internacionais (Mozambique, Croacia, Portugal). Blanca Cendán foi premiada no concurso Talente Momento da escena de Berlín. Carlos Ariel foi alumno de Sir Colin Davis e traballou coa London Symphony. Suso Alonso conseguiu o premio da crítica de Barcelona pola ópera *Annus Horribilis*, do grupo Chévere. Sensualidade, frescura e calidade musical son os ingredientes deste cabaré camaleónico.

+info. en: www.liliberlin.com



LIONEL (O MALESTAR DO BENESTAR)
Casa Hamlet

Autor: Manuel Lourenzo / Dirección: Santiago Fernández
Elenco: Gloria Rico e Manuel Lourenzo / Xénero: Teatro adultos/Outros

Unha parella de profesores universitarios, Max e Rita, retíranse a unha casa no campo onde coñecerán unha nova vida non exenta de sorpresas, tanto no eido profesional como no amoroso.



MEDIDAS PREVENTIVAS
Ancora Produccións

Autor: Gustavo Pernas Cora / Dirección: Gustavo Pernas Cora / Elenco: Xosé Bonome, Ánxela G. Abalo e Vicente de Souza / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Medidas preventivas lanza unha mirada irónica e crítica, non exenta de humor... negro, sobre as novas relacións e os novos comportamentos sociais. Medidas desenfocadas e dirixidas a cidadáns de a pé, presuntos culpables nos seus actos cotiáns. Medidas absurdas que venden protección a cambio da submisión e seguridade a cambio de medo. Medidas que converten os cidadáns en policías de si mesmos. Fragmentos de ficción ou sucesos dunha realidade que xa existe ou á que asistiremos en breve. Premio Mellor Libro de Teatro 2007 da Asociación de Escritores en Lingua Galega.



NÁUFRAGOS
Teatro Galileo

Autor: André Roussin / Dirección: Pedro Rubín
Elenco: César Cambeiro, Ana Santos, Paco Campos e Raúl Varo / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Obra de recoñecido éxito internacional, *Náufragos* aborda as relacións de parella nunha illa paradisíaca logo dun naufragio. *Náufragos* é un espectáculo de amizade, sinceridade, amor e liberdade individual; unha obra teatral recoñecida pola crítica francesa como unha xoia do teatro contemporáneo.

+info. en: www.teatrogalileo.es



NO COMMENT
P.T. Excéntricas

Dirección: Quico Cadaval / Elenco: Marcos Orsi, Víctor Mosqueira e Borja Fernández / Xénero: Teatro adultos/Outros

Unha obra en construción, moitos metros sobre o nivel do chan. Os operarios non falan, en parte polo barullo das máquinas, en parte porque veñen de países e culturas diferentes. É o Babel moderno. Constrúese contra o ceo e non se entende quen o fai. Sen necesidade de falar, dous obreiros encóntranse: un veterano e un novo; o que leva toda a vida e que dalgún modo comprende a política do ladrillo e aquel outro que, se cadra, preferiría ser violinista ou economista ou xamán na súa terra natal.

+info. en: www.emedous.com



NON É TAN FÁCIL
Malasombra

Autor: Paco Mir / Dirección: Marcos Orsi / Elenco: Xoque Carvajal, Pablo Alvarado e Sandra Lesta / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Comedia escrita polo popular actor Paco Mir, con máis de 16 premios, entre eles o Max. A compañía Malasombra preséntanos a obra *Non é tan fácil*, que nos conta que é difícil romper unha relación de parella. Quique, tras sete anos de relación, quere deixar a súa noiva Andrea, pero non sabe como. Busca apoio e consello nun camareiro, Lucas, co que irá repasando un feixe de disparatados xeitos de romper a relación sen facerlle dano. Pero comprobarán que non é tan fácil.



NOVECENTO
Nunca +1

Autor: Alessandro Baricco / Dirección: Antón Ferrari
Elenco: Mighello Blanco / Xénero: Teatro adultos

Ano 1927. Tim Tooney, un rapaz de 17 anos, embarca no *Virginian*, un transatlántico que fai a ruta entre Europa e América sempre cargado de xente: uns poucos ricos e moitos emigrantes. Alí coñecerá un pianista que toca unha música inexplorable e cunha historia sorprendente... A última parte da obra resulta unha poesía ao desprendemento dos desexos como sistema para liberarnos das ataduras que nos fan tan difícil afrontar a morte.

+info. en: www.mighello.com



O CLUB DA CALCETA
Teatro do Morcego

Autora: María Reimóndez / Dirección: Celso Parada
Elenco: Susana Dans, Laura Ponte, Maxo Barjas, Elina Luaces, Luisa Merelas, Imma António, Estíbaliz Espinosa
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Seis mulleres moi diferentes entre si acoden a clases de calceta, un lugar onde converxen as súas frustracións pero, tamén, un lugar onde toman conciencia da súa situación e da necesidade de superala. A través dun espazo tan tradicionalmente feminino como a calceta, estas mulleres atopan no valor da unidade a forza para sobrepoñerse a un presente que as nega ou infravalora. Desde a intriga e a hilaridade, emerxe unha profunda reflexión e revisión sobre a condición feminina.



O NEGRO VAI CON TODO
Pepa e Davide & Madame Cell

Elenco: Pepa Yáñez, Davide Salvado e Nacho Muñoz
Xénero: Cabaré

Dous creadores de Cabaret D’aquí... Dúas voces temperamentais que seguen un camiño paralelo: a beleza, un obxectivo diferente ao que nos teñen acostumados con *Unha noite no muíño*... O fin agora mesmo? Bailar, os medios póñenos eles. Partindo dunha melodía que escoitaron nun bar, dunha vella copla, dun vinilo raiado dun faiado, revolven outra vez no saber popular, rural pero urbano en definitiva, séguenlle o rastro ata facelo evolucionar de xeito natural e chegar a un son de hoxe, á vangarda. Somos novos e iso hai que festexalo. Esta nova viaxe empréndena cun vello acompañante: Madame Cell, desde o piano ata as programacións electrónicas.



O PETO DE PAN
Santart Teatro

Autor: Matei Visniec / Dirección: Theodor Smeu Stermin
Elenco artístico: Lina Pérez e Martín Souto
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Moi ben acollida no Festival de Teatro de Valencia de 2006, *O peto de pan* forma parte da *Triloxía cómica macabra*. A acción transcorre arredor dun pozo abandonado, onde dous vagabundos fan apoloxía da filosofía existencialista empregando a imaxe dun can abandonado. Posiblemente, o can fartouse dos homes e retirouse un tempo ao pozo, ou ben caeu alí, vítima dun erro ou dunha mala intención. Ninguén o sabe.

+info. en: www.santart.com



PERÓN, PERÓN
A Internacional

Autor: Jorge Rey / Dirección: Jorge Rey / Elenco: Manuela Varela, Daniel Casquero, Alfredo Padilla e Mario Tomás López / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

En *Perón, Perón* non hai unha pretensión de relato histórico, pero si existe a apropiación das figuras de Perón e de Evita a modo de relato mitolóxico, case prometeico, que xorden desde os records dun galego inmigrante en Bos Aires que, xa na vellez, evoca oniricamente a súa vida, desde a súa chegada a Bos Aires ata a partida do neto cara á súa Galicia natal un par de xeracións despois.

+info. en: www.ainternacional.com



PLAY
Play&Rewind

Autores: Uxía P. Vaello e Borja Fernández / Dirección: Uxía P. Vaello e Borja Fernández / Elenco: Borja Fernández e Uxía P. Vaello / Xénero: Teatro adultos/Outros

É un xogo de dous personaxes manipuladores e manipulados, nun sentido non pexorativo destas palabras, usando todas as súas capacidades coa axuda de elementos externos para conseguir modificar o outro, desde o inerte ao vivo, do vivo ao humano, do simplemente humano ata o emotivo.



PONI
Almacabra-Teatro-Circo

Autor: Versión libre sobre textos de Rodrigo García
Dirección: Nando Llera / Elenco: Mercedes C. Calderón, Yolanda Paz e Nando Llera / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

É a historia dunha familia decadente, contada desde o punto de vista da filla de oito anos. Paí, nai e nena vense inmersos nun labirinto de precariedade social, vital e humana. Teñen que buscar unha saída. A historia desenvólvese en dous planos consecutivos: por unha banda, os textos narrados pola nena, que nos trasladan a un fermoso parque un día de domingo, no que decide liberar o poni da tiranía do fotógrafo que o explota montando nenos encima; e por outra, as accións á vista, que se desenvolven na crúa intimidade do fogar familiar. Ambas as liñas descorren en paralelo, pero os seus conflitos converxen nun tema común: a claustrofobia social.



QUERO SER GRANDE
Talía Teatro

Autor: Artur Trillo / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Marta Ríos, Rosi Barcala e María Ordóñez
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Espectáculo cómico creado sobre historias curtas que trata de contar as vicisitudes da adolescencia, esa idade controvertida e polémica que xera luces e sombras.



SOBRE FLORES Y CERDOS
Iria Producciones

Autor: Nancho Novo / Dirección: Félix Cubero e Nancho Novo / Elenco: Nancho Novo e Pablo Castillo
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Trátase dun espectáculo moi directo, divertido e bastante insólito que integra plenamente o espectador no seu desenvolvemento e faino rir desde o principio ata o final mediante cancións, historias e poesías, grazas a un xenial, sarcástico, intelixente e enxeñoso sentido do humor. Nancho Novo preséntase como un completo *showman* que consegue que cada pase se lle faga moi curto ao público. O concepto “guarromántico” do amor que ten Novo é tamén o selo desta obra que non busca exclusivamente a gargallada, senón que pretende reflexionar sobre o mundo da parella e os tópicos de xénero.

+info. en: www.iriaproducciones.com



UBÚ REI
La Imagina Machina

Autor: Alfred Harry / Dirección: Suso Díaz / Elenco: Tito Asorey, Nate Borrajo, David Varela, Galicia Gutiérrez “Gali”, Ledicia Álvarez “Lele” e Andrea C. Freire
Xénero: Teatro adultos/Comedia

O clásico contemporáneo volve percorrer os escenarios galegos. Ubú, esa grotesca marioneta, conquista o poder pola violencia e a traizón, e continúa exercéndoas, movido por un desaforado e obsceno apetito de dominación. Unha farsa sobre os dramas shakesperianos en clave musical. Un espectáculo onde o humor, o grotesco, o xogo da máscara, as cancións, unha escenografía abraiante e un traballo de iluminación e proxeccións fan desta montaxe un verdadeiro espectáculo multimedia.

+info. en: www.laimaginamachina.com



CANTANDO BAJO LAS BALAS
K Producciones

Autor: Antonio Álamo / Dirección: Álvaro Lavín
Elenco: Adolfo Fernández e o pianista Mariano Marín
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Cantando bajo las balas é a crónica –en clave cómica e musical– do primeiro acto oficial franquista da historia, que tivo lugar o 12 de outubro de 1936 no Paraninfo da Universidade de Salamanca, narrada polo cadáver invicto do xeneral José Millán Astray, fundador da Lexión.

+info. en: www.kproducciones.com



UNHA PRIMAVERA PARA ALDARA
Teatro do Atlántico

Autora: Teresa Moure / Dirección: Xúlio Lago
Elenco: María Bouzas, Susana Dans, María Barcala, Belén Constenla, Marcos Correa, Josi Lage, Lucía Regueiro, Artur Trillo e Xoán C. Mejuto / Xénero: Teatro adultos/Drama

As monxas do mosteiro de Santa María están a pasar por un momento difícil; os medios económicos non alcanzan e os arrendatarios das súas terras hai tempo que non lles fan pago das rendas. No exterior é tempo de revoltas; contra dos abusos dos nobres feudais, que fixeron dos tributos e dos dereitos señoriais un agravio permanente en contra dos labregos, estase a producir un crecente movemento de rebeldía: estoupa a Revolta Irmandiña.

Un criado chega ao convento solicitando acollida para o seu señor, cabaleiro irmandiño ferido gravemente na batalla e necesitado de refuxio e de coitados para sandar... As monxas, logo de intensos debates, xa que as regras non permiten presenza masculina no convento, deciden poñer por diante a misericordia e acoller o forasteiro ata que se vexa curado das súas feridas...



VARADAS
Compañía Femme Fatale

Autor: Nelson Quinteiro / Dirección: Nelson Quinteiro
Elenco: Cristina Mariño, Rosa Gallardo, Eva Arias, María Manero, Ita García, Carmina García e Débora Botana
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Din que certas especies de cetáceos se achegan á praia nunha especie de suicidio... Ao saberen a fin dos seus días, déixanse levar pola corrente ata acabar nun areal onde, pouco a pouco, se van deixando morrer... ou moitas veces matar polas aves preeiras, pola man dos homes, pola luz directa do sol sobre a súa pel.

Din que certas especies de cetáceos poden chorar e teñen unha intelixencia moi superior á dos humanos... Un coñecemento antigo, un instinto desbordado.

A teoría da evolución está trabucada. Aínda que pode ser certo que o home veña do mono e das copas das árbores, o certo é que a muller vén do mar.

Esta é a idea da que parte *Varadas*, unha nova proposta da Compañía Femme Fatale de achegarse ao cabaré, pero desde unha perspectiva contemporánea.

+info. en: www.myspace.com/ciafemme fatale

AS SÚAS SON HISTORIAS DESAS BASEADAS EN FEITOS REAIS, ÁS QUE SÓ EL SABE SACAR PUNTA CON MOITAS DOSES DE SORNA E COMICIDADE. TEN ESCRITO E ADAPTADO TEXTOS PARA AS MÁIS DESTACADAS COMPAÑÍAS DO NOSO PAÍS E, RECENTEMENTE, ESCRIBIU E DIRIXIU PARA O CDG O EXITOSO ESPECTÁCULO *A PIRAGUA*. Á FRONTE DA DIRECCIÓN, COMO NARRADOR OU AUTOR TEATRAL, CÁNDIDO PAZÓ REBORDA IMAXINACIÓN E FAI DO TEATRO UN DIVERTIMENTO. DI QUE SÓ SE TRATA DE SENTAR A TRABALLAR E TIRAR DO FÍO... PERO ALGO ESPECIAL HABERÁ QUE TER PARA QUE ESE FÍO VAIA, E VAIA BEN.

CÁNDIDO

O CÓMICO GLOBAL

É vostede un autor polifacético: dramaturgo, director, actor e narrador oral. De que xeito se complementan estes traballos?

Son pólas dunha mesma árbore, a árbore dunha persoa que quere contar algo a outra xente. É isto fágoo como actor, como autor, como director de escena ou como narrador oral. O termo que reúne todas esas facetas é o de cómico. Polo tanto, é unha combinación que a min me está resultando bastante máis cómoda do que podería parecer desde fóra.

Como concibe o oficio da dramaturxia?

Como un elemento que é un todo. Primeiro, adiviñar que pezas se poden facer dese todo e recombinalas, para ofrecer un produto máis ou menos distinto daquel do que partiches, pero que estableza unha comunicación co público dependendo do xé-

“CANDO ALGÚN RAPAZ ME PREGUNTA QUE TEN QUE FACER PARA SER CONTADOR DE HISTORIAS, EU SEMPRE LLE DIGO QUE ESCOITAR MOITO. ANTES DE FALAR HAI QUE ESCOITAR”

nero en que esteas traballando. No meu caso, podería ser para unha peza teatral ou para contar eu mesmo unha historia, porque nos dous casos hai dramaturxia. É facer como fixo o creador de Frankenstein: mover unha serie de pezas para que naza un ser vivo.

Como comeza o proceso creativo? Onde atopa a inspiración?

Se é unha peza miña, comezo cunha idea que para min ten que constituír unha metáfora. No edificio onde eu vivía seica houbo un problema porque un veciño tiña unha piragua no garaxe. De aí xurdiu a idea para *A piragua*. Pareceume choqueiro, pintoresco, que iso supuxese un problema. Notaba, no meu entender, que había alguén un tanto incapaz de comprender as diferenzas que pode haber no uso das cousas e que denotaba bastante intolerancia. Entón pensei que po-

dería facer unha metáfora dese problema tan actual que é a violencia machista e xuntei os dous temas. Desde ese momento, só queda sentar a traballar e tirar dese fío.

Como pon de manifesto en *A piragua*, a orixe dunha montaxe teatral está moitas veces na actualidade, na vida cotiá. Como se fai dela teatro?

Do día a día rescatamos anécdotas, estímulos... Todo nace na vida real, aínda que ti despois o poidas procesar como realista, como sobrerrealista, como surrealista, como algo fantasioso, como un xogo para un público infantil... Cando algún rapaz me pregunta que ten que facer para ser contador de historias, eu sempre lle digo que escoitar moito. Antes que falar, hai que escoitar. A partir de aí, terá ou non capacidade para facer do escoitado un material que se lles poida comunicar aos demais.

PAZÓ



Que ten de atractivo o traballo de contador de historias?

Que me permite actuar diante do público e ser xogar da palabra, que é o que necesito. Ten de sedutor que sabes que hai argumentos que non dan para facer unha peza teatral senón outro tipo de composición. Podería escribir un relato, pero eu quero que as cousas que escribo cheguen directamente e o máis rápido posible ao público. Iso, a narración proporcionámo e faime feliz, porque xa non sinto que teño historias aí paradas á espera de atoparen os seus camiños. Os autores estamos para que todas esas historias perduren de forma literaria ou escénica.

“SEMPRE ME MANTEÑO NESE EXERCICIO DE EQUILIBRIO, NESE IR POLO FÍO COMO UN FUNÁMBULO, ENTRE DIVERTIRME MOITO E PENSAR MOITO”

Que calidades se lle presupoñen a un bo narrador oral?

É unha curiosidade que un ten ou non. Se a tes, podes facela crecer. É unha actitude ante a vida. Mentres es neno ou mozo é unha actitude inconsciente, natural. Ao cabo dun tempo, valórala e fala medrar. Despois, un debe estar dotado e contar con outras armas para facer visible ese material almacenado e transformalo en historias para ser narradas.

Cando esas historias deben ser contadas como drama, cando como comedia?

Non é tanto que o tema induza a que teña que ser un drama, unha traxedia ou unha comedia, senón que dependerá das actitudes e aptitudes anímicas á hora de crear de quen leva esa historia ao papel. O meu ánimo tende sempre a buscar ese lado cómico e, no caso concreto de *A piragua*, esta foi a miña disposición de partida. Eu consideraba que tiña que darlle ao espectador ese tema envolto dunha maneira tal que, para el, vir ao teatro fose un exercicio lúdico, aínda que se tratase un tema tan terrible como é o da violencia doméstica. A min recórdame a cando eramos pequenos e nos vacinaban da poliomielite: dábannos unha pedra de azucre impregnada da vacina, xa que, se non fose así, sabería moi mal.

Como definiría o seu teatro?

En xeral a xente espera que o produto que eu lles ofrezca sexa un produto de claroscuros, cun humor moi particular ao que eu chamo “cándido” (por divertirme co meu nome). Ao tempo, achega moitísimos contidos que teñen que ver coas preocupacións diarias e cotiás ou coas máis transcendentais, incluso ás veces, metafísicas. Pero sempre me manteño nese exercicio de equilibrio, nese ir polo fío como un funámbulo, entre divertirme moito e pensar moito. Considerando que pensar pode ser algo realmente divertido e que divertirse pode dar tamén para pensar e facer pensar.

Toda obra teatral agocha sempre un transfondo crítico?

Non creo que teña que haber unha mensaxe porque un considere que o público a debe recibir, senón porque un, desde a súa forma de facer, necesita trasladar esa mensaxe. Eu si o necesito, e encántame que detrás dun exercicio absolutamente cómico haxa algo, por pouco que sexa, en termos de contido. Despois, se o espectador capta unicamente o aspecto máis lúdico e non entende absolutamente nada do que lle queres dicir, a min iso non me preocupa. Só me sentirei fracasado se o espectador se aburre e non capta todas as capas que hai detrás do que eu estou a facer. A crítica non é algo intrínseco ao exercicio teatral, pero si a comunicación.



Ten vostede versionado e adaptado obras de Beaumarchais, Brecht, Shakespeare, Plauto... Sempre cabe unha revisión dos clásicos?

Versionáanse os clásicos porque unha peza que chegou ata os nosos días é porque ten uns valores estruturais que fan que sexa un magnífico material para traballar na actualidade, nun contexto social e cultural ben distinto. Non é unha traizón ao autor, porque moitas pezas teatrais ao pé da letra hoxe en día non funcionarían. Eu non creo que sexa deshonesto adaptar as obras, incluso considerando as propias circunstancias da compañía que as vai interpretar. Sempre hai algo que achegarlles. E tal é así que, cun material eterno como o *Anfitrión*, de Plauto, pensei que precisaba facer as cousas dunha

determinada maneira para que funcionasen, e iso, ao final, non deu nunha adaptación, senón nunha obra inspirada noutra. Tamén teño teimas e historias propias que me perseguen, pero como son vago, disperso, poden quedar maquinando no meu ideario o tempo que sexa, e ata que alguén me fai unha encomenda normalmente non se concretan.

Tamén son moitas e importantes as compañías galegas para as que ten adaptado, escrito e dirixido textos. Inflúe dalgún xeito a traxectoria ou calidades da compañía nese labor creativo?

Isto é un exercicio humano. É algo que vai ser posto enriba dun escenario por xente viva e en vivo, vai ser escoitado nun patio de butacas por xente viva e en vivo e, para min, este encontro de seres vivos define o teatro. Coñezo os actores e actrices cos que vou traballar, necesito escribir sabendo que eles van ser os que lle poñan carne á miña letra. Haberá quen pense que iso me condiciona; eu penso que iso me potencia. Haberá quen pense que iso inhabilita que esas pezas queden escritas para outros actores; eu digo

“COÑEZO OS ACTORES E ACTRICES COS QUE VOU TRABALLAR, NECESITO ESCRIBIR SABENDO QUE ELES VAN SER OS QUE LLE POÑAN CARNE Á MIÑA LETRA. HABERÁ QUEN PENSE QUE ISO ME CONDICIONA; EU PENSO QUE ISO ME POTENCIA”

que non, porque calquera outro actor que interprete eses textos atopará outras formas, e a ese meu texto apareceranlle novas luces que eu descoñecía. Ter ese material humano preto de min sèrveme para traballar sen o nivel de angustia que normalmente me atezaba cando escribo.

Que carencias ten o teatro actual?

A posibilidade de que os espectáculos poidan exhibirse con asiduidade e cunha permanencia de varios días, que non sexa algo especial e puntual, senón unha oferta regular para o tempo de lecer nas nosas vilas e cidades. O teatro é unha arte que necesita do apoio público, como tantas outras cousas (non pensemos que somos especiais), polo tanto, a quen nos debemos é á cidadanía, representada polo público, que é a quen peor se está tratando hoxe en día e a quen máis atención lle deben as administracións públicas.



Que fai cando non pensa en teatro?

Calquera outra cousa. Son moi afeccionado ao ciclismo, miro a tele ou leo... Nada especial.

Unha interpretación teatral memorable para vostede é...?

A de Víctor Mosqueira en *Commedia. Un xoguet para Goldoni*.

Díganos o nome dun actor e dunha actriz de referencia.

Sempre me chamou moito a atención Marcello Mastroianni ou Sofía Loren. Non sei por que, a verdade. Eu son pouco mitómano, pero no caso de Mastroianni é previsible, sempre me gustou ese actor.

A obra cumio do teatro?

Hai que dicir sempre que está por escribir. Diría *A paz perpetua*, de Juan Mayorga, porque foi a última que me atinxiu e me agradou.

Cal é o último libro que leu?

Foi unha biografía de Pancho Villa, por Paco Ignacio Taibo II. Gústame ler cousas de tipo histórico. Pa-seino moi ben.

Para escribir: lapis e papel ou Word?

Ordenador sempre. Nunca escribín nada se non foi en ordenador, agás as redaccións da escola, claro. Cando empecei a facer guiños comprei o meu primeiro ordenador, no ano 1986. Quizais no teatro galego fun dos primeiros informatizados.

Que personaxe teatral lle gustaría interpretar?

O personaxe de Balbino, de *Memorias dun neno labrego*. Gustaríame facer unha adaptación para un xénero que non está por inventar, que é metade narración metade teatro, onde os personaxes actúan pero ao mesmo tempo contan. Entón podo contar desde o home que son hoxe e actuar desde o neno que fun en tempos. E intúo que o Balbino para isto daríame certo xogo. Tería que comprobalo.

Que lugar de Galicia promovería, por descoñecido, quizais?

O Monte Alba, en Vigo.

Vigo, 1960. Do Celta... ou supoñemos mal?

Si, claro. Para a miña traxedia e desgraza. Eu distingo, na xente que anda ao redor do fútbol, entre futbolistas, futbolófilos, futbolómanos e futbolópatas. Son futbolero, non futbolófilo nin futbolómano, e moitísimo menos futbolópata. Vou seguindo as vicisitudes, ultimamente bastante tristes, do Celta.

Se tivese que sorprendernos cun menú, que prato elixiría?

Prepararía algún tipo de arroz con zume de laranxa. En xeral, no mundo dos arroces móvome bastante ben.

Cando acende a televisión?

Despois de traballar, de escribir, cando teño ganas de estar sentado e deixarme afundir no sofá ao estilo Homer Simpson.

Díganos un refrán.

“O que nunca tivo un porco e agora ten un porquiño, curri, curri, currichiño”. Era un que contaba moito a

miña nai. Quere dicir que sempre se dá importancia a aquelas cousas ás que un non está afeito, que un non ten. O que un non ten sempre parece que é máis interesante, e isto moitas veces é inxusto.

Cando se permite un capricho ou se dá unha homenaxe, que fai?

Non son de caprichos gastronómicos. Cando me permito un capricho compro algo ao que hai tempo lle teña ganas, pero ao que sei que por razóns económicas non debo sucumbir. Entón, collo e, se economicamente podo, sucumbo. Dedícome ao consumismo.

Que canción non se cansaría nunca de escoitar?

Todas as cancións do mundo poden cansar se se repiten constantemente. Eu defínome a min mesmo como bastante melóforo. Esaxerando, diría que non gozo coa música. Non son melófilo.

Descúbranos a súa paixón oculta.

Os máis achegados a min saben que me gustan os touros, e sei que é algo difícil de defender e que pode resultar algo vergoñento, sobre todo aquí, neste país. Non é algo que leve de maneira clandestina, pero sei que pode ser conflitivo ir facendo bandeira desta taurofilia que eu poida ter.

E unha frustración?

Que como actor a miña profesión non me dese máis oportunidades ou non tivese eu máis *chance*.

De pequeno, que quería ser de grande?

Nunca tiveron a máis mínima conciencia de que quería ser de maior porque nunca quixen ser maior. E como nunca quixen ser maior, nunca pensei que quería ser.



PROGRAMACIÓN
SETEMBRO-DECEMBRO 2008

[consultar posibles modificacións de carteleira
en *www.culturavai.info*]

PROVINCIA DA CORUÑA
A CORUÑA

SETEMBRO

5 ás 20.30 h _Teatro Colón Caixa Galicia CÍA. GALEGA DE DANZA CONTEMPORÁNEA - BALLET JESÚS QUIROGA. <i>A luz?</i>	[P. 38]
12 e 13 ás 20.30 h _Forum Metropolitano ENCENA PRODUCCIÓNS ARTÍSTICAS SL <i>Aurora Rodríguez e súa filla Hildegart</i>	[P. 08]
12 e 13 ás 20.30 h _Teatro Rosalía Castro NOVA GALEGA DE DANZA. <i>Tradición</i>	[P. 43]
24 ás 20.30 h _Teatro Colón Caixa Galicia TEATRO DE ADRO. <i>Comida chinesa</i>	[P. 10]
24 ás 21.00 h _Forum Metropolitano COMPAÑÍA FEMME FATALE. <i>Varadas</i>	[P. 17]
27 ás 19.00 h _Forum Metropolitano ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5. <i>Polgariño</i>	[P. 35]

OUTUBRO

11 ás 19.00 h / 12 ás 12.00 e 19.00 h Teatro del Andamio _ TALYTAKUMY <i>Os contracontos de Talyta e Kumy</i>	[P. 32]
12 ás 19.00 h _Teatro Rosalía Castro DRUIDADANZA. <i>Abcdanza</i>	[P. 38]
16 e 17 ás 12.00 h / 18 ás 19.00 h Forum Metropolitano SARABELA TEATRO. <i>Cristovo e o libro das marabillas</i>	[P. 31]
18 ás 17.00 h / 19 ás 12.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio DANTHEA TEATRO. <i>As aventuras do Polichonela</i>	[P. 31]
19 ás 19.00 h _Teatro Rosalía Castro TEATRO MERIDIONAL SL <i>La verdadera historia de los hermanos Marx</i>	[P. 16]
23 ás 20.30 h _Teatro Colón Caixa Galicia SARABELA TEATRO. <i>Dáme veneno</i>	[P. 10]
25 ás 19.00 h / 26 ás 12.00 e 19.00 h Teatro del Andamio _ THE PINGA TEATRO <i>O rei de mares</i>	[P. 32]

NOVEMBRO

1 ás 20.30 h / 2 ás 19.00 h _Teatro Rosalía Castro TEATRO DE ADRO. <i>Comida chinesa</i>	[P. 10]
8 ás 17.00 h / 9 ás 12.00 e 17.00 h Teatro del Andamio KATARSIS, EDUCACIÓN E TEATRO SL. <i>Pacama</i>	[P. 34]
9 ás 19.00 h _Teatro Rosalía Castro TERESA NIETO EN COMPAÑÍA. <i>De cabeza</i>	[P. 40]
15 ás 19.00 h / 16 ás 12.00 e 19.00 h Teatro del Andamio _ ARELA DAS ARTES <i>Arela Miúda en: o recuncho de Anabel</i>	[P. 31]

22 ás 19.00 h / 23 ás 12.00 e 19.00 h Teatro del Andamio _ TEATRO TEMPO <i>Os tres porquiños e algún outro</i>	[P. 34]
23 ás 19.00 h / 24 ás 11.30 h _Teatro Rosalía Castro TEATRO DO MORCEGO. <i>O club da calceta</i>	[P. 16]
28 e 29 ás 20.30 h _Forum Metropolitano NUT TEATRO. <i>A mirada de Pier</i>	[P. 07]
29 ás 19.00 h / 30 ás 12.00 e 19.00 h Teatro del Andamio PABLO NOJES Y PÁPRIKA TEATRO <i>Qué pasa en la plaza III</i>	[P. 35]

DECEMBRO

4 ás 20.30 h _Teatro Colón Caixa Galicia ARELA DAS ARTES. <i>Ifixenia en Áulide</i>	[P. 16]
5 ás 12.00 h / 6 ás 19.00 h _Forum Metropolitano ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5. <i>Polgariño</i>	[P. 35]
11 e 12 ás 12.00 h / 13 ás 19.00 h Forum Metropolitano KATARSIS, EDUCACIÓN E TEATRO SL. <i>Un ratiño e a lúa</i>	[P. 37]
12 e 13 ás 20.30 h _Teatro Rosalía Castro LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]
13 ás 19.00 h / 14 ás 12.00 e 19.00 h Teatro del Andamio _ TALÍA TEATRO. <i>Menos lobos</i>	[P. 32]
19 ás 11.30 e 20.30 h / 20 ás 20.30 h Teatro Rosalía Castro _ P.T. EXCÉNTRICAS. <i>No comment</i>	[P. 16]
20 ás 19.00 h / 21 ás 12.00 e 19.00 h Teatro del Andamio _ TÍTERES CASCANUECES <i>A rúa das pantasma</i>	[P. 31]
27 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio DANTHEA TEATRO. <i>As aventuras do Polichonela</i>	[P. 31]
28 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio TRES GLOBOS. <i>O sapo encantado</i>	[P. 32]
29 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio PABLO NOJES Y PÁPRIKA TEATRO. <i>Runako e Ebere</i>	[P. 36]

A ESTRADA

OUTUBRO

17 ás 21.30 h _Teatro Principal P.T. EXCÉNTRICAS. <i>No comment</i>	[P. 16]
24 ás 21.30 h _Teatro Principal SARABELA TEATRO. <i>Dáme veneno</i>	[P. 10]
31 ás 21.30 h _Teatro Principal LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]

AMES

SETEMBRO		
26 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
TALÍA TEATRO. <i>Quero ser grande</i>	[P. 17]	
OUTUBRO		
19 _Casa da Cultura do Milladoiro		
BERROBAMBÁN TEATRO. <i>Boas noites</i>	[P. 31]	
31 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
TEATRO GALILEO. <i>Náufragos</i>	[P. 16]	
NOVEMBRO		
23 _Casa da Cultura do Milladoiro		
GALITON. <i>Babiliglub</i>	[P. 31]	
28 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
DECEMBRO		
23 ás 17.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro		
ARTELLO TEATRO ALLA SCALE 1:5. <i>Polgariño</i>	[P. 35]	

ARTEIXO

SETEMBRO		
5 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
ALBIÓNS TEATRO. <i>Ao circo con Augusto e Bianco</i>	[P. 31]	
12 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
THE PINGA TEATRO. <i>O rei de mares</i>	[P. 32]	
19 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
TEATRO DEL ANDAMIO. <i>O monstro do castelo</i>	[P. 32]	
OUTUBRO		
31 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
BACANA. <i>Hendaya, mon amour</i>	[P. 13]	
NOVEMBRO		
7 _Centro Cívico Cultural		
IRIA PRODUCCIONES SL. <i>Sobre flores y cerdos</i>	[P. 17]	
28 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
EXPERIMENTADANZA. <i>Y otra vez...</i>	[P. 43]	

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

OUTUBRO		
10 ás 21.00 h _Cine Alovi		
TEATRO DO MORCEGO. <i>O club da calceta</i>	[P. 16]	
19 ás 18.00 h _Cine Alovi		
PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS. <i>Kamikaze</i>	[P. 16]	
31 ás 21.00 h _Cine Alovi		
IRIA PRODUCCIONES SL. <i>Sobre flores y cerdos</i>	[P. 17]	
NOVEMBRO		
7 ás 21.00 h _Cine Alovi		
LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
14 ás 21.00 h _Cine Alovi		
MARCO GONZÁLEZ TANGO ARGENTINO		
<i>Al sur del sur</i>	[P. 40]	

BETANZOS

NOVEMBRO		
16 ás 20.30 h _Aula Municipal de Cultura		
TALÍA TEATRO. <i>Quero ser grande</i>	[P. 17]	
30 ás 20.30 h _Aula Municipal de Cultura		
TEATRO GALILEO. <i>Náufragos</i>	[P. 16]	
DECEMBRO		
12 ás 12.00 h / 13 ás 19.00 h		
Aula Municipal de Cultura _TEATRO DEL ANDAMIO		
<i>O monstro do castelo</i>	[P. 32]	
14 ás 20.30 h _Aula Municipal de Cultura		
A INTERNACIONAL. <i>Frida Kahlo</i>	[P. 12]	
16 ás 11.00 e 12.30 h _Aula Municipal de Cultura		
OS QUINQUILLÁNS. <i>O mago de Oz</i>	[P. 32]	

BOIRO

OUTUBRO		
10 ás 21.00 h _Casa da Cultura Ramón Martínez López		
TEATRO DE NINGURES. <i>Bailadela da morte ditosa</i>	[P. 08]	
24 ás 21.00 h _Casa da Cultura Ramón Martínez López		
LAMBRÍACA. <i>Chicho e a Santa Compañía</i>	[P. 09]	
NOVEMBRO		
6 ás 11.15 h _Casa da Cultura Ramón Martínez López		
GALITON. <i>Babiliglub</i>	[P. 31]	
14 ás 20.00 h _Casa da Cultura Ramón Martínez López		
OS QUINQUILLÁNS. <i>O mago de Oz</i>	[P. 32]	
21 ás 11.15 e 20.00 h		
Casa da Cultura Ramón Martínez López		
TÍTERES CACHIRULO. <i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	[P. 31]	
28 ás 21.00 h _Casa da Cultura Ramón Martínez López		
TEATRO LOPE DE VIGO. <i>Ide todos ao inferno</i>	[P. 13]	

CARBALLO

OUTUBRO		
10 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
TALÍA TEATRO. <i>E ti, quen vés sendo?</i>	[P. 11]	
17 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO MERIDIONAL SL		
<i>La verdadera historia de los hermanos Marx</i>	[P. 16]	
19 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
DECEMBRO		
21 ás 18.00 h _Pazo da Cultura		
BÚHO Y MARAVILLAS. <i>Los músicos de Brenes</i>	[P. 32]	
28 ás 18.00 h _Pazo da Cultura		
GALITON. <i>Babiliglub</i>	[P. 31]	
29 ás 18.00 h _Pazo da Cultura		
ARTELLO TEATRO ALLA SCALE 1:5. <i>Polgariño</i>	[P. 35]	

CEDEIRA

OUTUBRO		
5 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
ILUSIONISTA PEDRO VOLTA. <i>Ilusión</i>	[P. 38]	
26 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
TEATRO LOPE DE VIGO. <i>Ide todos ao inferno</i>	[P. 13]	
NOVEMBRO		
16 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
MALASOMBRA. <i>Non é tan fácil</i>	[P. 16]	
23 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
LAMBRÍACA. <i>Chicho e a Santa Compañía</i>	[P. 09]	
30 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
MAGO BENXAMÍN. <i>A maxia de Benxamín e Loli</i>	[P. 38]	

DECEMBRO		
14 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
JAVIER MURO. <i>Sonata máxica</i>	[P. 38]	
28 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
CHRYSTYAN MAGIC. <i>A maxia do Nadal</i>	[P. 38]	

CEE

OUTUBRO		
11 _Salón de Actos do Concello		
MIROSCOPIO PERDICIÓNs. <i>Cachai</i>	[P. 09]	
17 e 18 _Salón de Actos do Concello		
TEATRO DEL ANDAMIO. <i>A lingua das bolboretas</i>	[P. 06]	

CULLEREDO

OUTUBRO		
31 ás 19.15 h _Edificio de Servizos Múltiples		
TALÍA TEATRO. <i>O merlo branco</i>	[P. 32]	
DECEMBRO		
12 ás 19.15 h _Edificio de Servizos Múltiple		
OS QUINQUILLÁNS. <i>O mago de Oz</i>	[P. 32]	
19 ás 19.15 h _Edificio de Servizos Múltiples		
TÍTERES CACHIRULO. <i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	[P. 31]	

FERROL

SETEMBRO		
19 ás 20.30 h _Teatro Jofre _TEATRO DO NOROESTE		
<i>Extrarrádios (comedia das mulleres desamparadas)</i>	[P. 12]	
OUTUBRO		
5 ás 20.30 h _Teatro Jofre _A FACTORÍA TEATRO		
<i>Crónicas de días enteiros, de noites enteiras</i>	[P. 10]	
12 ás 20.30 h _Teatro Jofre _CÍA. PEPE HEVIA. <i>Odonata</i>	[P. 42]	
18 ás 20.30 h _Centro Cultural Torrente Ballester		
DÚO DÜRICHEN-PERMUY. <i>Dúo Dürichen-Permuy (violín e piano)</i>	[P. 50]	
26 ás 19.00 h _Teatro Jofre		
PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS. <i>Kamikaze</i>	[P. 16]	
NOVEMBRO		
7 ás 20.30 h _Centro Cultural Torrente Ballester		
COMPAÑÍA FEMME FATALE. <i>Varadas</i>	[P. 17]	
14 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
TALÍA TEATRO. <i>E ti, quen vés sendo?</i>	[P. 11]	
21 ás 20.30 h _Centro Cultural Torrente Ballester		
NUT TEATRO. <i>4.48 Psicose</i>	[P. 06]	

DECEMBRO		
5 ás 20.30 h _Centro Cultural Torrente Ballester		
JAVIER MARTÍN. <i>Insultos privados</i>	[P. 41]	
12 ás 20.30 h _Centro Cultural Torrente Ballester		
TEATRO D2. <i>Flores migratorias</i>	[P. 12]	
19 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
26 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
SARABELA TEATRO. <i>Dáme veleno</i>	[P. 10]	

MUROS

OUTUBRO		
11 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil		
TEATRO GALILEO. <i>Náufragos</i>	[P. 16]	
25 ás 18.30 h _Centro Cultural e Xuvenil		
GALITOOON. <i>Babiliglub</i>	[P. 31]	
NOVEMBRO		
15 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil		
IRIA PRODUCCIONES SL. <i>Sobre flores y cerdos</i>	[P. 17]	
29 _Centro Cultural e Xuvenil		
DISQUE DANZA. <i>Menú vexetal (dáme verde)</i>	[P. 42]	

DECEMBRO		
20 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil		
LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
27 ás 18.30 h _Centro Cultural e Xuvenil		
ALBIÓNS TEATRO. <i>Ao circo con Augusto e Bianco</i>	[P. 31]	

NARÓN

SETEMBRO		
20 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DE ADRO. <i>Comida chinesa</i>	[P. 10]	
27 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DEL DUENDE		
<i>Dile a mi hija que me fui de viaje</i>	[P. 11]	
OUTUBRO		
3 ás 20.30 h / 4 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
10 ás 20.30 h / 11 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
P.T. EXCÉNTRICAS. <i>No comment</i>	[P. 16]	
18 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO MERIDIONAL SL		
<i>La verdadera historia de los hermanos Marx</i>	[P. 16]	
25 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
FULANO, MENGANO E CITANO. <i>Arte</i>	[P. 08]	

NOVEMBRO		
3 ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO GORAKADA. <i>La ciudad inventada</i>	[P. 32]	
5 e 6 ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal		
TANXARINA TÍTERES. <i>Sombreiros sen chapeu</i>	[P. 36]	
7 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO ATLÁNTICO. <i>Unha primavera para Aldara</i>	[P. 17]	
10 e 11 ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal		
SARABELA TEATRO. <i>Cristovo e o libro das marabillas</i>	[P. 31]	
13 e 14 ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal		
TALÍA TEATRO. <i>O merlo branco</i>	[P. 32]	
15 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
BÚHO Y MARAVILLAS. <i>Los músicos de Brenes</i>	[P. 32]	
22 _Auditorio Municipal		
K PRODUCCIONES. <i>Cantando bajo las balas</i>	[P. 17]	

DECEMBRO		
12 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
CÍA. GALEGA DE DANZA CONTEMPORÁNEA -		
BALLET JESÚS QUIROGA. <i>Valle rosa</i>	[P. 43]	
13 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
CÍA. PEPE HEVIA. <i>Odonata</i>	[P. 42]	
14 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
NOVA GALEGA DE DANZA. <i>Tradicción</i>	[P. 43]	

NOIA

OUTUBRO		
10 ás 22.00 h _Teatro Coliseo Noela		
IRIA PRODUCCIONES SL. <i>Sobre flores y cerdos</i>	[P. 17]	
17 ás 22.00 h _Teatro Coliseo Noela		
TEATRO LOPE DE VIGO. <i>Ide todos ao inferno</i>	[P. 13]	
24 ás 22.00 h _Teatro Coliseo Noela		
ENCENA PRODUCCIÓN S ARTÍSTICAS SL		
<i>Aurora Rodríguez e súa filla Hildegart</i>	[P. 08]	

NOVEMBRO		
14 ás 22.00 h _Teatro Coliseo Noela		
LAGARTA LAGARTA _Aeroplanos	[P. 07]	

OLEIROS

SETEMBRO		
6 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
TEATRO DE ADRO. <i>Comida chinesa</i>	[P. 10]	

OUTUBRO		
4 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
LA IMAGINA MACHINA. <i>Ubú Rei</i>	[P. 17]	
11 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
TEATRO DO NOROESTE. <i>Extrarrádios (comedia das mulleres desamparadas)</i>	[P. 12]	
18 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
BSTUDIO. <i>De meu</i>	[P. 41]	

ORTIGUEIRA

SETEMBRO		
6 ás 21.00 h _Teatro da Beneficencia		
IRIA PRODUCCIONES SL. <i>Sobre flores y cerdos</i>	[P. 17]	
OUTUBRO		
4 ás 21.00 h _Teatro da Beneficencia		
BACANA. <i>Hendaya, mon amour</i>	[P. 13]	
19 ás 17.00 h _Teatro da Beneficencia		
TEATRO DEL ANDAMIO. <i>O monstro do castelo</i>	[P. 32]	
NOVEMBRO		
1 ás 21.00 h _Teatro da Beneficencia		
LAMBRÍACA. <i>Chicho e a Santa Compañía</i>	[P. 09]	
23 ás 17.00 h _Teatro da Beneficencia		
GALITON. <i>Golulá</i>	[P. 32]	
DECEMBRO		
7 ás 18.00 h _Teatro da Beneficencia		
KATARSIS, EDUCACIÓN E TEATRO SL. <i>Un ratiño e a lúa</i>	[P. 37]	

SADA

SETEMBRO		
12 ás 18.00 h _Casa da Cultura Pintor Lloréns		
TEATRO DEL ANDAMIO. <i>O monstro do castelo</i>	[P. 32]	
OUTUBRO		
17 ás 18.00 h _Casa da Cultura Pintor Lloréns		
ALBIÓNS TEATRO. <i>Ao circo con Augusto e Bianco</i>	[P. 31]	
19 ás 20.00 h _Casa da Cultura Pintor Lloréns		
TEATRO DO ATLÁNTICO. <i>A bombilla máxica</i>	[P. 06]	
NOVEMBRO		
14 ás 18.00 h _Casa da Cultura Pintor Lloréns		
ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5. <i>Polgariño</i>	[P. 35]	
16 ás 20.00 h _Casa da Cultura Pintor Lloréns		
ESPELLO CÓNCAVO. <i>Anxeliños</i>	[P. 07]	
DECEMBRO		
14 ás 20.00 h _Casa da Cultura Pintor Lloréns		
FULANO, MENGANO E CITANO. <i>Arte</i>	[P. 08]	

SANTIAGO DE COMPOSTELA

SETEMBRO		
5 e 6 ás 21.00 h _Teatro Principal		
A FACTORÍA TEATRO		
<i>Crónicas de días enteiros, de noites enteiras</i>	[P. 10]	
13 ás 18.00 h _Sala Santart _TALYTAKUMY		
<i>A árbore da vida</i>	[P. 31]	
14 ás 12.00 h _Sala Santart		
TALYTAKUMY. <i>Os contracontos de Talyta e Kumy</i>	[P. 32]	
14 ás 12.30 h / 15 ás 11.00 h _Teatro Escena		
TANXARINA TÍTERES. <i>Os narigudos</i>	[P. 32]	
21 ás 12.30 h / 22 ás 11.00 h _Teatro Escena		
TÍTERES TROMPICALLO. <i>Bolboreta</i>	[P. 31]	
23 ás 21.00 h / 24 ás 12.00 e 21.00 h / 25 ás 21.00 h		
Teatro Principal _A INTERNACIONAL. <i>Frida Kahlo</i>	[P. 12]	
27 ás 18.00 h / 28 ás 12.00 h _Sala Santart		
ARELA DAS ARTES. <i>Arela Miúda en: o recuncho de Anabel</i>	[P. 31]	
28 ás 12.30 h / 29 ás 11.00 h _Teatro Escena		
TALÍA TEATRO. <i>Menos lobos</i>	[P. 32]	
OUTUBRO		
4 e 5 ás 21.00 h _Teatro Principal		
ESPELLO CÓNCAVO. <i>Anxeliños</i>	[P. 07]	
10, 11 e 12 ás 21.00 h _Sala Santart		
CÁMARA NEGRA TEATRO. <i>Hamletmaschine</i>	[P. 13]	
12 ás 12.30 h _Teatro Escena		
VIRAVOLTA TÍTERES		
<i>Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón</i>	[P. 38]	
18 e 19 ás 21.00 h _Sala Santart		
ENCENA PRODUCCIÓNS ARTÍSTICAS SL		
<i>Aurora Rodríguez e súa filla Hildegart</i>	[P. 08]	

NOVEMBRO		
2 ás 12.30 h _Teatro Escena		
COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE. <i>Os soños na gaiola</i>	[P. 32]	
6 ás 20.30 h _Teatro Escena		
B.B. PRODUCCIÓNS. <i>Lili Camaleón</i>	[P. 16]	
7 ás 20.30 h _Teatro Escena		
TEATRO DE ADRO. <i>Comida Chinesa</i>	[P. 10]	
8 ás 20.30 h _Teatro Escena		
CASA HAMLET. <i>Lionel (o malestar do benestar)</i>	[P. 16]	
8 e 9 ás 21.00 h _Sala Santart		
TALÍA TEATRO. <i>Bicos con lingua</i>	[P. 09]	
9 ás 12.30 h _Teatro Escena		
THE PINGA TEATRO _Unha rosa no xardín	[P. 37]	
12, 19 e 26 ás 22.00 h _Sala Nasa		
PEPA E DAVIDE & MADAMME CELL		
<i>O negro vai con todo</i>	[P. 17]	
13, 14 e 15 ás 22.00 h _Sala Nasa		
PLAY&REWIND. <i>Play</i>	[P. 17]	
16 ás 12.30 h _Teatro Escena		
SEISDEDOS. <i>Varietés</i>	[P. 38]	
21 e 22 ás 20.30 h _Teatro Escena		
ANCORA PRODUCCIÓNS. <i>Medidas preventivas</i>	[P. 16]	
22 e 23 ás 21.00 h _Sala Santart		
TEATRO D2. <i>Flores migratorias</i>	[P. 12]	
23 ás 12.30 h _Teatro Escena		
TÍTERES CASCANUECES. <i>Un cuento viejo vuelto a contar</i>	[P. 37]	
29 e 30 ás 21.00 h _Sala Santart		
TEATRO DEL ANDAMIO. <i>A lingua das bolboretas</i>	[P. 06]	
30 ás 12.30 h _Teatro Escena		
GALITON. <i>Babiliglub</i>	[P. 31]	
DECEMBRO		
4 ás 20.30 h _Teatro Escena		
SANTART TEATRO. <i>O peto de pan</i>	[P. 17]	
5 ás 20.30 h _Teatro Escena		
CÁMARA NEGRA TEATRO		
<i>En la soledad de los campos de algodón</i>	[P. 11]	
5 e 6 ás 21.00 h _Teatro Principal		
P.T. EXCÉNTRICAS. <i>No comment</i>	[P. 16]	
6 ás 18.00 h / 7 ás 12.00 h _Sala Santart		
TÍTERES CACHIRULO. <i>Pinocho</i>	[P. 34]	
6 ás 20.30 h _Teatro Escena		
BACANA. <i>Hendaya, mon amour</i>	[P. 13]	
7 ás 12.30 h _Teatro Escena		
SEISDEDOS. <i>Duetto de fío</i>	[P. 31]	
9 e 10 ás 21.00 h _Teatro Principal		
NUT TEATRO. <i>A mirada de Pier</i>	[P. 07]	
14 ás 12.30 h _Teatro Escena		
CARAMUXO TEATRO SC. <i>Glub, glub</i>	[P. 31]	
19 e 20 ás 21.00 h _Teatro Principal		
TALÍA TEATRO. <i>E ti, quen vés sendo?</i>	[P. 11]	
20 ás 18.00 h / 21 ás 12.00 h _Sala Santart		
COMPAÑÍA DO ELEFANTE ELEGANTE. <i>Tristán, cara de can</i>	[P. 36]	
26 e 27 ás 18.00 h _Teatro Principal		
OS QUINQUILLÁNS. <i>O mago de Oz</i>	[P. 32]	
28 ás 18.30 h _Teatro Principal		
BERROBAMBÁN TEATRO. <i>Boas noites</i>	[P. 31]	
29 e 30 ás 18.30 h _Teatro Principal		
DISQUE DANZA. <i>Menú vexetal (dáme verde)</i>	[P. 42]	

PROVINCIA DE LUGO

BURELA

OUTUBRO

17 ás 21.30 h _Casa da Cultura LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]
25 ás 18.00 h _Casa da Cultura OS QUINQUILLÁNS. <i>O mago de Oz</i>	[P. 32]
31 ás 21.30 h _Casa da Cultura FULANO, MENGANO E CITANO. <i>Arte</i>	[P. 08]

NOVEMBRO

8 ás 18.00 h _Casa da Cultura ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5. <i>Polgariño</i>	[P. 35]
14 ás 21.30 h _Casa da Cultura TEATRO DO MORCEGO. <i>O club da calceta</i>	[P. 16]
22 ás 18.00 h _Casa da Cultura TÍTERES CACHIRULO. <i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	[P. 31]
28 ás 21.30 h _Casa da Cultura PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS. <i>Kamikaze</i>	[P. 16]

FOZ

SETEMBRO

5 ás 21.00 h _Sala Bahía BÚHO Y MARAVILLAS. <i>Los músicos de Brenes</i>	[P. 32]
15 ás 21.00 h _Sala Bahía MARCO GONZÁLEZ TANGO ARGENTINO. <i>Al sur del sur</i>	[P. 40]

OUTUBRO

2 ás 19.00 h _Sala Bahía DISQUE DANZA. <i>Menú vexetal (dáme verde)</i>	[P. 42]
9 ás 19.00 h _Sala Bahía GALITON. <i>Babiliglub</i>	[P. 31]

NOVEMBRO

7 ás 21.00 h _Sala Bahía TALÍA TEATRO. <i>Quero ser grande</i>	[P. 17]
21 ás 21.00 h _Sala Bahía NOVA POESÍA. <i>Galicia na memoria</i>	[P. 50]
28 ás 21.00 h _Sala Bahía TEATRO DO NOROESTE <i>Extrarrádios (comedia das mulleres desamparadas)</i>	[P. 12]

DECEMBRO

5 ás 21.00 h _Sala Bahía MALASOMBRA. <i>Non é tan fácil</i>	[P. 16]
12 ás 21.00 h _Sala Bahía TEATRO GALILEO. <i>Náufragos</i>	[P. 16]
26 ás 21.00 h _Sala Bahía CUARTETO EPHIMERE. <i>A muller como inspiración</i>	[P. 50]
27 ás 19.00 h _Sala Bahía ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5. <i>Polgariño</i>	[P. 35]

LUGO

DECEMBRO

22 ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire GALITON. <i>Golulá</i>	[P. 32]
29 ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire SARABELA TEATRO. <i>Cristovo e o libro das marabillas</i>	[P. 31]
30 ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire OS QUINQUILLÁNS. <i>O mago de Oz</i>	[P. 32]
31 ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire DISQUE DANZA. <i>Menú vexetal (dáme verde)</i>	[P. 42]

MONFORTE DE LEMOS

OUTUBRO

4 ás 20.00 h _Edificio Multiúsos IRIA PRODUCCIONES SL. <i>Sobre flores y cerdos</i>	[P. 17]
5 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos SARABELA TEATRO. <i>Cristovo e o libro das marabillas</i>	[P. 31]
12 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos BÚHO Y MARAVILLAS. <i>Los músicos de Brenes</i>	[P. 32]
19 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos PRODUCCIÓNS ACONTRABUTACA. <i>Robin Hood</i>	[P. 35]
25 ás 20.00 h _Edificio Multiúsos BSTUDIO. <i>De meu</i>	[P. 41]
26 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos DISQUE DANZA. <i>Menú vexetal (dáme verde)</i>	[P. 42]

NOVEMBRO

15 ás 20.00 h _Edificio Multiúsos TEATRO DO ATLÁNTICO. <i>Unha primavera para Aldara</i>	[P. 17]
---	---------

DECEMBRO

13 ás 20.00 h _Edificio Multiúsos BACANA. <i>Hendaya, mon amour</i>	[P. 13]
--	---------

VILALBA

SETEMBRO

27 ás 20.30 h _Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray A FACTORÍA TEATRO. <i>Crónicas de días enteiros, de noites enteiras</i>	[P. 10]
---	---------

OUTUBRO

4 ás 20.30 h _Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray NUT TEATRO. <i>4.48 Psicose</i>	[P. 06]
11 ás 20.30 h _Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray ARELA DAS ARTES. <i>Ifixenia en Áulide</i>	[P. 16]

NOVEMBRO

15 ás 20.30 h _Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]
--	---------

DECEMBRO

13 ás 20.30 h _Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray P.T. EXCÉNTRICAS. <i>No comment</i>	[P. 16]
20 ás 20.30 h _Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray NUT TEATRO. <i>A mirada de Pier</i>	[P. 07]

VIVEIRO

OUTUBRO

18 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]
24 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz LUDUS TONALIS. <i>Riseiro</i>	[P. 50]

NOVEMBRO

7 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz DÚO SAXO PIANO, ALEJANDRO CABALAR-LAURA DÍAZ <i>Alejandro Cabalar e Laura Díaz</i>	[P. 50]
14 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz GRUPO DE MÚSICA ANTIGA MARTÍN CÓDAX <i>Que eu sei muit</i>	[P. 50]
29 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz TEATRO DO MORCEGO. <i>O club da calceta</i>	[P. 16]

DECEMBRO

6 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz ENSEMBLE VIGO 430. <i>Do século XVIII ó XXI</i>	[P. 50]
13 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz ANCORA PRODUCCIÓNS. <i>Medidas preventivas</i>	[P. 16]

PROVINCIA DE OURENSE
O BARCO DE VALDEORRAS

SETEMBRO		
26 ás 20.00 h	_Teatro Municipal Lauro Olmo	
GALITOON.	<i>Golulá</i>	[P. 32]

OUTUBRO		
10 ás 21.00 h	_Teatro Municipal Lauro Olmo	
TEATRO GALILEO.	<i>Náufragos</i>	[P. 16]
17 ás 20.00 h	_Teatro Municipal Lauro Olmo	
ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5.	<i>Polgariño</i>	[P. 35]
24 ás 21.00 h	_Teatro Municipal Lauro Olmo	
MALASOMBRA.	<i>Non é tan fácil</i>	[P. 16]

NOVEMBRO		
7 ás 21.00 h	_Teatro Municipal Lauro Olmo	
BACANA.	<i>Hendaya, mon amour</i>	[P. 13]
21 ás 21.00 h	_Teatro Municipal Lauro Olmo	
TEATRO DO MORCEGO.	<i>O club da calceta</i>	[P. 16]

DECEMBRO		
5 ás 21.00 h	_Teatro Municipal Lauro Olmo	
TEATRO DEL ANDAMIO.	<i>A lingua das bolboretas</i>	[P. 06]
19 ás 21.00 h	_Teatro Municipal Lauro Olmo	
TEATRO MERIDIONAL SL	<i>La verdadera historia de los hermanos Marx</i>	[P. 16]
30 ás 20.00 h	_Teatro Municipal Lauro Olmo	
THE PINGA TEATRO.	<i>O rei de mares</i>	[P. 32]

O CARBALLIÑO

OUTUBRO		
17	_Auditorio Municipal	
THE PINGA TEATRO.	<i>O rei de mares</i>	[P. 32]

NOVEMBRO		
7	_Auditorio Municipal	
PRODUCCIÓNS ACONTRABUTACA.	<i>Robin Hood</i>	[P. 35]
14	_Auditorio Municipal	
NUT TEATRO.	<i>A mirada de Pier</i>	[P. 07]
21	_Auditorio Municipal	
TEATRO LOPE DE VIGO.	<i>Ide todos ao inferno</i>	[P. 13]
28	_Auditorio Municipal	
SARABELA TEATRO.	<i>Dáme veneno</i>	[P. 10]

DECEMBRO		
20	_Auditorio Municipal	
OS QUINQUILLÁNS.	<i>O mago de Oz</i>	[P. 32]

OURENSE

SETEMBRO		
19 e 20 ás 21.00 h	_Teatro Principal	
TEATRO DEL DUENDE.	<i>Díle a mi hija que me fui de viaje</i>	[P. 11]
25, 26, 27 e 28 ás 21.00 h	_Teatro Principal	
LAGARTA LAGARTA.	<i>Aeroplanos</i>	[P. 07]

OUTUBRO		
2 ás 20.30 h	_Auditorio Municipal	
TEATRO DO NOROESTE.	<i>Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas)</i>	[P. 12]
9 e 10 ás 20.30 h / 11 e 12 ás 20.00 h	Teatro Principal	
SARABELA TEATRO.	<i>Dáme veneno</i>	[P. 10]
25 e 26 ás 20.30 h	_Auditorio Municipal	
TEATRO D2.	<i>Flores migratorias</i>	[P. 12]
31 ás 20.30 h	_Teatro Principal	
TEATRO DO MORCEGO.	<i>O club da calceta</i>	[P. 16]

NOVEMBRO		
15 ás 20.00 h	_Teatro Principal	
TALÍA TEATRO.	<i>E ti, quen vés sendo?</i>	[P. 11]
16 ás 12.00 h	_Auditorio Municipal	
TANXARINA TÍTERES.	<i>Sombreira sen chapeu</i>	[P. 36]
22 ás 17.00 e 18.30 h	_Teatro Principal	
GALITOON.	<i>Golulá</i>	[P. 32]

23 ás 12.00 h	_Auditorio Municipal	
ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5.	<i>Polgariño</i>	[P. 35]
23	_Teatro Principal	
K PRODUCCIONES.	<i>Cantando bajo las balas</i>	[P. 17]
27 ás 20.30 h	_Auditorio Municipal	
FULANO, MENGANO E CITANO.	<i>Arte</i>	[P. 08]
29 e 30 ás 20.00 h	_Teatro Principal	
TEATRO DO ATLÁNTICO.	<i>Unha primavera para Aldara</i>	[P. 17]

DECEMBRO		
14 ás 12.00 h	_Auditorio Municipal	
PRODUCCIÓNS ACONTRABUTACA.	<i>Robin Hood</i>	[P. 35]
19 ás 20.30 h	_Auditorio Municipal	
ARELA DAS ARTES.	<i>Ifixenia en Áulide</i>	[P. 16]
21 ás 12.00 h	_Auditorio Municipal	
BERROBAMBÁN TEATRO.	<i>Boas noites</i>	[P. 31]
21 ás 20.00 h	_Teatro Principal	
TEATRO MERIDIONAL SL	<i>La verdadera historia de los hermanos Marx</i>	[P. 16]
28 ás 18.00 h	_Teatro Principal	
ENTREMANS.	<i>Que pasa aquí?</i>	[P. 42]
29 ás 18.00 h	_Teatro Principal	
TÍTERES CACHIRULO.	<i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	[P. 31]
30 ás 17.00 h	_Teatro Principal	
TEATRO GORAKADA.	<i>La ciudad inventada</i>	[P. 32]

RIBADAVIA

SETEMBRO		
6 ás 22.00 h	_Auditorio da Casa da Cultura	
MAGO ROMARÍS.	<i>Por arte de maxia</i>	[P. 38]

OUTUBRO		
18 ás 20.00 h	_Auditorio da Casa da Cultura	
MIROSCOPIO PERDICIÓNs.	<i>Cachai</i>	[P. 09]

NOVEMBRO		
1 ás 20.00 h	_Auditorio da Casa da Cultura	
MAGO BENXAMÍN.	<i>A maxia de Benxamín e Loli</i>	[P. 38]
29 ás 20.00 h	_Auditorio da Casa da Cultura	
LA IMAGINA MACHINA.	<i>A habitacion da maxia</i>	[P. 38]

DECEMBRO		
6 ás 20.00 h	_Auditorio da Casa da Cultura	
TEATRO DEL ANDAMIO.	<i>A lingua das bolboretas</i>	[P. 06]
20 ás 20.00 h	_Auditorio da Casa da Cultura	
FULANO, MENGANO E CITANO.	<i>Arte</i>	[P. 08]
27 ás 20.00 h	_Auditorio da Casa da Cultura	
CYRILLE SINCLAIR DE MAGIA A LA CARTA	<i>A nosa maxia</i>	[P. 38]

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
CAMBADOS

NOVEMBRO		
9 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude FULANO, MENGANO E CITANO. <i>Arte</i>	[P. 08]	
16 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude TEATRO DO NOROESTE. <i>Extrarrádios (comedia das mulleres desamparadas)</i>	[P. 12]	
23 ás 19.00 h / 24 ás 11.00 h Auditorio Municipal da Xuventude TEATRO DEL ANDAMIO. <i>A lingua das bolboretas</i>	[P. 06]	
30 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude ARELA DAS ARTES. <i>Ifixenia en Áulide</i>	[P. 16]	

CANGAS DO MORRAZO

OUTUBRO		
4 ás 18.00 h _Auditorio Municipal ENTREMANS. <i>Que pasa aquí?</i>	[P. 42]	
18 ás 20.30 h _Auditorio Municipal EXPERIMENTADANZA. <i>Corpo, son-creación</i>	[P. 40]	
24 e 25 ás 20.30 h _Auditorio Municipal COMPañÍA FEMME FATALE. <i>Varadas</i>	[P. 17]	
31 ás 20.30 h _Auditorio Municipal TEATRO DE NINGURES. <i>Bailadela da morte ditosa</i>	[P. 08]	
NOVEMBRO		
1 e 2 ás 20.30 h _Auditorio Municipal TEATRO DE NINGURES. <i>Bailadela da morte ditosa</i>	[P. 08]	
15 ás 20.30 h _Auditorio Municipal ANCORA PRODUCCIÓNs. <i>Medidas preventivas</i>	[P. 16]	
21 ás 11.00 h / 22 ás 18.00 h _Auditorio Municipal ANCESTRAL SERVICIOS MUSICALES, SL. <i>D-vertido</i>	[P. 50]	
29 ás 20.30 h _Auditorio Municipal TEATRO DO NOROESTE <i>Extrarrádios (comedia das mulleres desamparadas)</i>	[P. 12]	
DECEMBRO		
13 ás 20.30 h _Auditorio Municipal TEATRO DO ATLÁNTICO. <i>Unha primavera para Aldara</i>	[P. 17]	
22 ás 18.00 h _Auditorio Municipal BÚHO Y MARAVILLAS. <i>Los músicos de Brenes</i>	[P. 32]	
23 ás 18.00 h _Auditorio Municipal _GALITOOON. <i>Golulá</i>	[P. 32]	
26 ás 18.00 h _Auditorio Municipal ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5. <i>Polgarriño</i>	[P. 35]	
27 ás 18.00 h _Auditorio Municipal BERROBAMBÁN TEATRO. <i>Boas noites</i>	[P. 31]	

GONDOMAR

OUTUBRO		
25 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío TEATRO DO ATLÁNTICO. <i>A bombilla máxica</i>	[P. 06]	
NOVEMBRO		
1 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío ENCENA PRODUCCIÓNs ARTÍSTICAS SL. <i>Aurora Rodríguez e súa filla Hildegart</i>	[P. 08]	
15 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío FULANO, MENGANO E CITANO. <i>Arte</i>	[P. 08]	
22 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío NUT TEATRO. <i>4.48 Psicose</i>	[P. 06]	
29 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío BACANA. <i>Hendaya, mon amour</i>	[P. 13]	
DECEMBRO		
27 ás 18.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío TÍTERES CACHIRULO. <i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	[P. 31]	
28 ás 18.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío THE PINGA TEATRO. <i>O rei de mares</i>	[P. 32]	
29 ás 18.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío TEATRO DEL ANDAMIO. <i>O monstro do castelo</i>	[P. 32]	
30 ás 18.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío DISQUE DANZA. <i>Menú vexetal (dáme verde)</i>	[P. 42]	

LALÍN

SETEMBRO		
12 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro TEATRO DE ADRO. <i>Comida chinesa</i>	[P. 10]	
OUTUBRO		
24 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
NOVEMBRO		
14 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro TEATRO DO NOROESTE. <i>Extrarrádios (comedia das mulleres desamparadas)</i>	[P. 12]	
21 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro TALÍA TEATRO. <i>E ti, quen vés sendo?</i>	[P. 11]	

PONTEAREAS

SETEMBRO		
5 ás 21.30 h _Auditorio Municipal Reveriano Soutullo LAMBRÍACA. <i>Chicho e a Santa Compañía</i>	[P. 09]	
26 ás 21.30 h _Auditorio Municipal Reveriano Soutullo ARELA DAS ARTES. <i>Ifixenia en Áulide</i>	[P. 16]	
OUTUBRO		
24 _Auditorio Municipal Reveriano Soutullo MIROSCOPIO PERDICIÓNs. <i>Cachai</i>	[P. 09]	
DECEMBRO		
20 ás 20.30 h _Auditorio Municipal Reveriano Soutullo GRUPO DE MÚSICA ANTIGA MARTÍN CÓDAX <i>Que eu sei muit</i>	[P. 50]	

PONTEVEDRA

OUTUBRO		
16 ás 11.30 e 21.00 h _Auditorio M. Pazo da Cultura BACANA. <i>Hendaya, mon amour</i>	[P. 13]	
23 ás 11.30 e 20.30 h _Teatro Principal LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
NOVEMBRO		
6 ás 20.30 h _Teatro Principal TEATRO DO NOROESTE. <i>Extrarrádios (comedia das mulleres desamparadas)</i>	[P. 12]	
20 ás 21.00 h / 21 ás 11.30 h _Auditorio M. Pazo da Cultura LA IMAGINA MACHINA. <i>Ubú rei</i>	[P. 17]	
DECEMBRO		
4 ás 20.30 h _Teatro Principal MALASOMBRA. <i>Non é tan fácil</i>	[P. 16]	
11 ás 20.30 h _Teatro Principal P.T. EXCÉNTRICAS. <i>No comment</i>	[P. 16]	

REDONDELA

OUTUBRO		
10 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira LAMBRÍACA. <i>Chicho e a Santa Compañía</i>	[P. 09]	
11 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira QUINTETO DE VENTO METAL SANTA CECILIA <i>Concerto de vento Metal</i>	[P. 50]	
18 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira SEXTETO DE CORDA NO MAR. <i>Concerto de corda</i>	[P. 50]	
25 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira LUDUS TONALIS. <i>Riseiro</i>	[P. 50]	

SANXENXO

SETEMBRO		
20 ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán		
IRIA PRODUCCIONES SL. <i>Sobre flores y cerdos</i>	[P. 17]	
OUTUBRO		
25 ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán		
LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
NOVEMBRO		
29 ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán		
FULANO, MENGANO E CITANO. <i>Arte</i>	[P. 08]	

TUI

OUTUBRO		
3 ás 20.00 h _Teatro Municipal Área Panorámica		
SARABELA TEATRO. <i>Cristovo e o libro das marabillas</i>	[P. 31]	
17 ás 21.00 h / 18 ás 20.00 h		
Teatro Municipal Área Panorámica		
IRIA PRODUCCIONES SL. <i>Sobre flores y cerdos</i>	[P. 17]	
24 ás 20.00 h _Teatro Municipal Área Panorámica		
ARTELLO TEATRO ALLA SCALE 1:5. <i>Polgariño</i>	[P. 35]	
31 ás 21.00 h _Teatro Municipal Área Panorámica		
ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS SL		
Aurora Rodríguez e súa filla Hildegart	[P. 08]	
NOVEMBRO		
7 ás 20.00 h _Teatro Municipal Área Panorámica		
TEATRO GORAKADA. <i>La ciudad inventada</i>	[P. 32]	
21 ás 21.00 h _Teatro Municipal Área Panorámica		
BSTUDIO. <i>De meu</i>	[P. 41]	

VIGO

SETEMBRO		
11, 12 e 13 ás 21.30 h / 14 ás 20.30 h _Teatro Arte Livre		
TEATRO CÍRCULO. <i>Las tres hermanas</i>	[P. 16]	
19, 20, 21, 26, 27 e 28 _Teatro Ensalle		
PLAY&REWIND. <i>Play</i>	[P. 17]	
19 e 20 ás 21.30 h / 21 ás 20.30 h _Teatro Arte Livre		
NUNCA + 1. <i>Novecento</i>	[P. 16]	
21 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
TEATRO LOPE DE VIGO. <i>Ide todos ao inferno</i>	[P. 13]	
26, 27 e 28 ás 21.30 h _Teatro Arte Livre		
A INTERNACIONAL. <i>Perón, Perón</i>	[P. 17]	
28 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
A FACTORÍA TEATRO		
<i>Crónicas de días enteiros, de noites enteiras</i>	[P. 10]	
OUTUBRO		
3, 4 e 5 _Teatro Ensalle		
PISANDO OVOS. <i>Menos 1</i>	[P. 41]	
3 e 4 ás 21.30 h _Teatro Arte Livre		
CÁMARA NEGRA TEATRO. <i>Hamletmaschine</i>	[P. 13]	
9 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
TEATRO DO NOROESTE <i>Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas)</i>	[P. 12]	
9, 10 e 11 ás 21.30 h _Teatro Arte Livre		
ALMACABRA - TEATRO-CIRCO. <i>Poni</i>	[P. 17]	
10, 11 e 12 _Teatro Ensalle		
PISANDO OVOS. <i>30.000</i>	[P. 38]	
26 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
LAGARTA LAGARTA. <i>Aeroplanos</i>	[P. 07]	
NOVEMBRO		
7 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
ESPELLO CÓNCAVO. <i>Anxeliños</i>	[P. 07]	
22 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
TEATRO DO ATLÁNTICO. <i>Unha primavera para Aldara</i>	[P. 17]	



A ÁRBORE DA VIDA

Talytakumy

Autor: Silverstain / Dirección: Talytakumy
Elenco: Joshua Mc Carey e Paulina Alonso
Xénero: Teatro infantil/Monicreqs
Unha simpática nena visita sempre a súa amiga incondicional: unha árbore; entre elas hai unha actividade indestrutible, pero o tempo, coma sempre, cambia as cousas e lamentablemente a nena tamén; agora a nena medrou e deixa de visitar a súa antiga amiga, mais a árbore non cambia, espera a súa amiga a nena e ensínanos que nin o tempo nin as circunstancias da vida cambian as amizades verdadeiras.

+info.en: www.talytakumy.com



A RÚA DAS PANTASMAS

Títeres Cascanueces

Autor: Javier Villafañe / Dirección: Lázaro Duyos Jordán
Elenco: Lázaro Duyos Jordán / Xénero: Teatro infantil/Monicreqs
Esta é unha aventura máis do valente Xanciño e a espelida María. Acontece que a casa de María está a ser visitada por aparicións, pantasmas e mesmo demos. Só o enxeño de María e as picardías de Xanciño lograrán vencelos e desenmascaralos.

+info. en: www.titerescascanueces.net



AO CIRCO CON AUGUSTO E BIANCO

Albións Teatro

Autor: Xosé Rico / Dirección: Xosé Rico / Elenco: Xosé Rico e Toni Deaño / Xénero: Teatro infantil/Outros
Recreación moi divertida dos pallasos tipo Augusto e Bianco. Bianco é o pallaso “listo” e non pode levar nada a bo termo, xa que sempre aparece Augusto, o pallaso “parvo” que acaba tomándolle o pelo e buscando o lado absurdo da realidade. Sucédense divertidos *sketchs* inspirados na tradición do circo e nestes personaxes.



ARELA MIÚDA EN:
O RECUNCHO DE ANABEL

Arela das Artes

Autora: Charo Pita / Dirección: Charo Pita
Elenco: Marta Pérez e Diana Mera / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo
Bel perdeu o seu can chamado Sultán. A Ana esvaeceúselles a súa planta Anastasia. Todo aconteceu á vez dun xeito enigmático e inexplicable. Ambas as dúas son moi diferentes, pero, unidas polo azar, comezan a traballar xuntas co fin de descubrir a causa da misteriosa desaparición das súas mascotas, sen se decataren de que a busca que inician é a un tempo unha forma de resolver a intriga e un estraño camiño para construír entre elas unha verdadeira amizade.



AS AVENTURAS DO POLICHOLENA

Danthea Teatro

Autor: Anónimo / Dirección: Carlos Clemente
Elenco: Begonha Rosende, Carlos Clemente e Roberto Vilariño / Xénero: Teatro infantil/Monicreqs
A tranquilidade, a calma e a normalidade do fondo do mar veranse interrompidas por un pequeno peixe e a súa peculiar forma de falar, diferente á de todos os peixes. O noso pequeno amigo tentará integrarse na vida cotiá nas profundidades do mar, pero o que vai obter é o rexeitamento de todos; vaia, de todos non: a pequena estrela imitará en todo o noso amigo. Xuntos vivirán divertidas e temerosas aventuras intentando ser aceptados polo resto.

Superarán os nosos amigos o rexeitamento de todos?



BABILIGLUB

Galitoon

Autora: Andrea Bayer / Dirección: Andrea Bayer
Elenco: Óscar Ferreira, Santiago Alonso e Xurxo Cortázar
Xénero: Teatro infantil/Monicreqs
A tranquilidade, a calma e a normalidade do fondo do mar veranse interrompidas por un pequeno peixe e a súa peculiar forma de falar, diferente á de todos os peixes. O noso pequeno amigo tentará integrarse na vida cotiá nas profundidades do mar, pero o que vai obter é o rexeitamento de todos; vaia, de todos non: a pequena estrela imitará en todo o noso amigo. Xuntos vivirán divertidas e temerosas aventuras intentando ser aceptados polo resto.

+info. en: www.galitoon.com



BOAS NOITES

Berrobambán Teatro

Autora: Paula Carballeira / Dirección: Jorge Padín
Elenco: Paula Carballeira, Anabell Gago, Chiqui Pereira, Pili Alonso, Manolo Panforreireiro; músicos de escena: Vadim Yukhnevich, Pablo Pérez e Begoña Riobó
Xénero: Teatro infantil/Outros
Para poder durmir ben tes que acabar cos teus medos, iso sábeo de sobra Pedro Chosco, que é quen nos trae o sono cada noite. Xiana, pola contra, só pensa en atopar algo de tempo para xogar e, se polo día ten demasiadas cousas que facer, pola noite é libre de dispor do seu tempo. O que pasa é que a noite é o momento do misterio, das criaturas que non se atreven a asomar polo día, e, se non dormes, descubrirás o que se agocha entre as sombras.

+info. en: www.berrobamban.com



BOLBORETA

Títeres Trompicallo

Autores: Marián González e Luís González / Dirección: Santiago Montenegro / Elenco: Marián González, Luís González e Nacho Sanz / Xénero: Teatro infantil / Monicreqs
Bolboreta é a historia da relación entre unha nena e o seu pai. A nena, unha princesa, e o pai, un rei, que a través dun personaxe nun principio aterrador se van descubrir mutuamente. Unha obra que fala da superación dos medos, do respecto aos que son diferentes, da forza da amizade para cambiar o mundo, da rebeldía propia dos nenos e nenas, a través da relación paterno-filial.

+info. en: www.trompicallo.com



CRISTOVO E O LIBRO DAS MARABILLAS

Sarabela Teatro

Autora: Fina Calleja / Dirección: Fina Calleja
Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo e Fina Calleja. Manipuladores: José Bayón e Rubén Dobaños / Xénero: Teatro infantil/Xestual
Colón é neno e o mundo quedalle pequeno. Aborrece a escola. Cristovo quere viaxar e cre que a coraxe e a forza son a súa mellor carta de presentación. É inxenuo pensar que ninguén se vai aproveitar de tan boas intencións. Sofía e o *Libro das marabillas* descubriránlle que a máis grande aventura está no coñecemento. Como, se non, un neno de doce anos pode coñecer Armenia, Bagdad, as estepas tártaras ou a escintilante corte de Kublai Kan?

+info. en: www.sarabelateatro.com



DO, RE, MI, MOZART XOGA AQUÍ

Títeres Cachirulo

Autor: Jorge Rey / Dirección: Jorge Rey
Elenco: Carmen Domech e Jorge Rey
Xénero: Teatro infantil/Monicreqs
Espectáculo de marionetas de fío talladas en madeira, que locen os seus elegantes movementos nun retablo barroco. Unha invitación do emperador convoca o neno Mozart a tocar en palacio. Isto esperta a envexa e desconfianza do mestre de cámara, quen intentará impedir a celebración do concerto. Mentres, o neno, vivaz e alegre, sedúceo coa súa xenialidade musical, incorporada nos seus xogos e tarefas cotiás.

+info. en: www.titerescachirulo.com



DUETO DE FÍO

Seisdedos

Autor: Seisdedos / Dirección: Anxo García Fernández
Elenco: Anxo García e Luís Iglesias / Xénero: Teatro infantil/Monicreqs
Diversos *sketchs* musicais representados por marionetas de fío coa participación do público.

+info en: www.viravolta.es



GLUB, GLUB

Caramuxo Teatro

Autor: Juan Rodríguez / Dirección: Juan Rodríguez
Elenco: Juan Rodríguez e Laura Sarasola / Xénero: Teatro infantil/Outros
Caramuxo Teatro presenta o primeiro espectáculo de teatro para bebés realizado en Galicia. Unha montaxe para nenos de seis meses a tres anos acompañados por adultos. *Glub, glub* conta a historia da amizade entre un barquiño de papel afundido no fondo do mar e un peixe rebuldeiro. Unha montaxe chea de estímulos e cunha linguaxe sinxela, case xestual, que introduce os máis novos nunha aventura fantástica e sorprendente.

+info en: www.caramuxoteatro.net



GOLULÁ
Galitoon

Autora: Andrea Bayer / Dirección: Andrea Bayer
Elenco: Andrea Bayer, Chisco Casteleiro, Santiago Alonso e Óscar Ferreira / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Golulá é un país que só ten unha nube. Os seus habitantes tiñan medo a perdela e por iso un gardián moi especial coidaba dela: Bunkaa, un gorila moi grande, forte e de gran corazón. Neste país tamén vivía Lara, a mellor amiga de Bunkaa, unha rapaza aventureira e emprendedora. Xuntos podían pasar horas, días, semanas. Un día o malvado doutor Terrier roubará a única nube de Golulá e todo cambiará: o riso deixará de escoitarse, os ríos comezarán a secar, os nenos terán sede. Lara e Bunkaa emprenderán unha viaxe chea de perigos para tentar salvar o seu país.

+info en: www.galitoon.com



LA CIUDAD INVENTADA
Teatro Gorakada

Autor: Jokín Otegi / Dirección: Jokín Otegi / Elenco: Oihane Enbeita, Miren Gaztañaga, J. Cruz Gurruzaga e Susana Sotelo Muro / Xénero: Teatro Infantil/Outros

Na cidade inventada cohabitan diferentes contos tradicionais de lugares e procedencias diversas. Como ocorre coas persoas, relaciónanse entre si, mestúranse e enriquecéense dando lugar a unha historia moderna e mestiza.

+ info. en: www.emedous.com



LOS MÚSICOS DE BRENES
Búho y Maravillas

Autor: Jesualdo Díaz e Juan Luís Clavijo
Dirección: Jesualdo Díaz, Juan Luís Clavijo / Elenco: Irahí Romero, Daniel Romero, Carmela la Chocolate (cantora e marionetista), Juana Larreta (bailaora e marionetista), Juan Marube (cantaor) e Rubén Silva (guitarrista)
Xénero: Teatro Infantil/Comedia

Los músicos de Brenes está baseada na fábula dos irmáns Grimm *Os músicos de Bremen*, resaltando os valores que transmite esta coñecida e moi representada historia, principalmente a importancia dos vellos na sociedade e o poder que temos as persoas ao unírmonos para conseguir un mundo mellor. Estas e outras mensaxes están reflectidas no espectáculo de forma divertida, amena e en clave flamenca.

+ info. en: www.agada.es



MENOS LOBOS
Talía Teatro

Autor: Artur Trillo / Dirección: Artur Trillo / Elenco: Rosi Barcala, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Gustavo G. Dieste
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Jennifer, Christopher e Jonathan son tres nenos de sete anos que van á casa da súa amiga Jessica a celebrar o seu aniversario, pero atópanse coa noticia de que a festa é mañá.

Menos lobos é un espectáculo áxil onde o ritmo trepidante dos seus diálogos intentará en todo momento captar a atención do público infantil.



O MAGO DE OZ
Os Quinquilláns

Autor: L. Frank Baum / Dirección: Kevin John Stewart, Carolina Ramos / Elenco: Eva Vila, Zezilia Meléndrez, Pablo Sánchez, Xoán Curiel e Lucho Penabade
Xénero: Teatro infantil/Outros

Dorinda saíu voando despois de que un refacho de vento a elevase aos ceos. Cando aterra coñece os Musquiños, pero sobre todo vive grandes aventuras con Espantallo, Home de Lata e León Covarde ata chegaren á Cidade Esmeralda, onde vive o Mago de Oz. Nesta aventura, Dorinda demostrará a súa astucia fronte á Bruxa Malvada e a súa tenacidade para conseguir volver á casa.



O MERLO BRANCO
Talía Teatro

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Marta Ríos, Toño Casais, Rosi Barcala, David Creus, Dani Trillo, María Ordóñez e Diego Rey
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Papá Merlo e Mamá Merlo teñen un merliño. Que ilusión! Un merliño! Pero cando o merliño nace, que desilusión! Que contrariedade! É branco!!! Pero, como? Todos os merlos son negros! Todos os merlos son negros! Todos! O merliño ao verse rexeitado polos seus pais decide marchar da casa. É aquí cando comeza a aventura do noso merliño na busca de paxaros aos que asemellarse, porque, se non é un merlo, que é?



O MONSTRO DO CASTELO
Teatro del Andamio

Autor: Álvaro Guevara / Dirección: Álvaro Guevara
Elenco: Berta Lema, Bárbara Grandío, Manu Clavijo, Carlos Martín e Anxo Tirado / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Iago, un repartidor de pizza, ten que entregar unha grande de mozzarella e chourizo nun enderezo. Perdido, atopa dous vendedores do *top-manta* que en realidade son unhas bruxas no paro. Elas, que tamén van ao mesmo enderezo, esperan a que abran a porta do castelo..., pero no interior espéraos o monstro para comelos aos tres e a pizza, por suposto.

Despois de escenas de terror e rap, saberemos cal é o segredo do monstro do castelo.

+info. en: www.teatrodelandamio.com



O SAPO ENCANTADO
Tres Globos

Autor: Irmáns Grimm / Dirección: Xan Pérez
Elenco: Xan Pérez / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Versión do conto dos irmáns Grimm *O rei sapo*. O príncipe Croberto foi convertido en sapo por unha meiga porque non quixo casar con ela. Será sapo ata que unha princesa lle dea un bico de amor.

+info. en: www.tresglobos.es



O REI DE MARES
The Pinga Teatro

Autor: Miquel Condal e Suso Pando / Dirección: Miquel Condal / Elenco: Suso Pando, María Carrera e Miquel Condal / Xénero: Teatro infantil/Outros

Quintíño é un neno moi imaxinativo; de feito, vive máis tempo nas nubes que na terra. Pero unha das cousas que máis lle gusta é pasar a fin de semana co seu avó e navegar no seu barco *O rei dos mares*. Pola noite, e como é costume antes de durmir, o seu avó cóntalle a lenda da Serpi, Felicio e o Capitán. Quintíño pecha os ollos ao tempo que embarca nunha viaxe ao mundo dos soños; no océano infinito da imaxinación, distínguense dúas illas: a dos Felices Soños, protexida polo Capitán e Felicio –gardián dos soños–, e a illa Esperta!, rexida polo peor inimigo de todos os dormentes: Pesadelo...



OS CONTRACONTOS DE TALYTA E KUMY
Talytakumy

Autor: Talytakumy / Dirección: Talytakumy
Elenco: Joshua Mc Carey e Paulina Funes Alonso
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Talyta e Kumy chegan ao sitio crendo que se atoparán cunha festa para velliños da terceira idade. Cando saen da súa caixa máxica, para a súa sorpresa, atopan nenos e, sen saber que facer, deciden decontado saír do apuro converténdose en pequenas marionetas que narrarán os contos clásicos infantís. Mais axiña se decatan de que a distribución de personaxes, un tanto disparatados, lles dará a volta aos seus propios contos en “contracontos”: a bruxa de Brancaneves comerá a mazá, Caparuchiña Vermella levará o lobo á casa da súa avoa para cear, etc.

+info. en: www.talytakumy.com



OS NARIGUDOS
Tanxarina Títeres

Autor: Terry Jones / Dirección: Cándido Pazó e Tanxarina
Elenco: Eduardo Rodríguez, Miguel Borines e Andrés Giráldez / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Na illa dos narigudos todo son problemas. Pola culpa dos seus enormes narices, bailes e namoramentos rematan sempre en amargas disputas. Bartolo é escollido para ir á procura da solución á casa do Chas Tanda: “O home máis sabio do mundo”. Mais... Ai! A vida está chea de tentacións... E se puidese trocar o seu nariz por un máis pequeno?... Só o seu nariz...

+info. en: www.tanxarina.com



OS SOÑOS NA GAIOLA
Compañía do Trinke Trinke

Autor: David Pernas / Dirección: David Pernas
Elenco: David Pernas e Vanesa Rivas / Xénero: Teatro infantil/Outros

Esta obra é unha homenaxe ao poeta Manuel María e nela danse a coñecer parte dos poemas do seu libro *Os soños na gaiola*, presentándoos aos nenos e nenas a través da música e o xogo. Nun piso dunha cidade, sentado nun sofá, dorme un velliño que ata hai pouco vivía na súa aldea. Para que non estivese só, a súa filla levouno vivir con ela. Un día, por sorpresa, recibe a visita da súa neta (xa moza). Os dous van lembrar a pasada vida na aldea.

Comeza o espectáculo

Antón Lopo

Para os máis escépticos, aí queda a programación do teatro galego para a temporada: toda unha demostración do esforzo dos profesionais por ocupar espazos pendentes e saldar débedas de anos perdidos, esmolados, hipotecados, minguados. A programación é impresionante, polo menos sobre o papel, na teoría, no poder de ilusión das estatísticas. A práctica dirá canto deron de si os proxectos nunha realidade con frecuencia demasiado exígua. ¿Que outro país pode presumir de ter en cartel, ao mesmo tempo, a Sarah Kane, a Woody Allen, a Manuel Rivas, a Vidal Bolaño, a Xavier Durringer, Ánxeles Cuña Bóveda, Koltés, Heiner Müller, Eurípides, Chéjov, Manuel Lourenzo, Gustavo Pernas, María Reimóndez, Teresa Moure ou Alfred Harry? A nómina é esmagadora, non só polos nomes e pola capacidade evocadora das súas obras, senón tamén pola ambición dos que os elixiron, clara proba de que estamos ante un momento sen precedentes na historia do teatro galego.

E, ademais, non están eles sós: acompañanos autores que fan xermolar en Galicia as latitudes orientais, outros que son a forza autóctona da queiruga rosa ou que responden ao principio comunal da autoría colectiva. Desde *Frida Kahlo e Perón*, da compañía A Internacional, á *Ifixenia*, do grupo Arela das Artes, pasando pola *Lili* cabareteira que constrúe Blanca Cendán para B.B. Producións e a *Aurora Rodríguez*, de Encena Producións Artísticas, con actores e actrices como Roberto Cordovani, Carlos Neira, Goldi, María Barcala, Xosé Manuel Olveira, Ernesto Chao, Artur Trillo, Josito Porto, Mónica García, Anabell Gago, Toni Salgado, Fernando Dacosta, Elena Seijo, Elina Luaces, María Bouzas, David Creus, Carlos Álvarez-Ossorio, Diego Freire, Margarita Fernández, Vicente de Souza, Ana Santos, Vítor Mosqueira, Laura Ponte, Susana Dans ou Belén Constenla, por citar só algunhas estrelas do universo de transformacións que nos espera nos próximos meses, todos eles dispostos a descubriremos as facetas múltiples do noso reflexo sobre o escenario.

“*A nómina é esmagadora, non só polos nomes e pola capacidade evocadora das súas obras, senón tamén pola ambición dos que os elixiron, clara proba de que estamos ante un momento sen precedentes na historia do teatro galego.*

Hai circo –*Kamikaze*, de Pistacatro–, hai gore de insania perturbadora –*Extrarradios*, de Teatro do Noroeste–, hai valentía indescribible –*Flores migratorias*, de D2–, hai pulsos de premonición –*Bailadela da morte ditosa*, de Teatro de Ningures–, hai explosións de enxeño –*Bicos con lingua*, de Talía Teatro–, crónicas biopolíticas –*A mirada de Pier*, de Nut Teatro– e hai voces de temperamento difícil de clasificar como as de Pepa Yáñez e Davide Salvado en *O negro vai con todo*.

Hai directores que describiron xa traxectorias gravadas na nosa memoria, como Xúlio Lago, Cándido Pazó, Eduardo Alonso, Etelvino Vázquez, Lino Braxe ou Celso Parada, e outros, como Rosa Álvarez, Teresa de la Hera, Alfredo Rodríguez, Marcos Orsi ou John Eastham, que están a labrar estilos propios nas turbulencias creativas destes principios de século. Pero tamén hai máis, moito máis... Así que desconecten o móbil e prepárense para contemplar a vida... O espectáculo está a punto de comezar...



OS TRES PORQUÍÑOS E ALGÚN OUTRO

Teatro Tempo

Autor: Teatro Tempo / Dirección: Teatro Tempo
Elenco artístico: Mario Tomás López / Xénero: Teatro infantil/Monicleques

Espectáculo para todos os públicos a partir dos catro anos de idade, onde un personaxe despistado chega preguntando polo manipulador de monicleques. Esqueceulle acaso que ten que realizar a función? Este é o comezo do “xogo” entre o público e o actor, entre o actor e os monicleques e entre os monicleques e o público. Todo iso para reconstruír este vello e famoso conto que todos coñecemos... ou non.



PACAMA

Katarsis, Educación e Teatro

Autor: Kevin Stewart e Carolina Ramos / Dirección: Omar Álvarez / Elenco: Dous elencos en xira (Kevin Stewart e Pablo Sánchez / Kevin Stewart e Raquel Feliu)
Xénero: Teatro infantil/Xestual

Un espectáculo non verbal para rapaces a partir de dous anos. Dous amigos descubren un mundo de aventuras no seu cuarto que os distrae do sono. A lúa e as estrelas son o marco deste espazo tan divertido e acoledor en que apetece xogar... e descansar.

+info. en: www.katarsiseyt.com



PINOCHO

Títeres Cachirulo

Autor: Jorge Rey / Dirección: Jorge Rey
Elenco: Jorge Rey e Carmen Domech
Xénero: Teatro infantil/Monicleques

Espectáculo infantil de monicleques baseado no conto de Carlo Collodi *Le aventure di Pinocchio*. O famoso boneco construído por Geppeto vive as máis incríbles aventuras para chegar a ser un neno de verdade, feito e dereito.

+info. en: www.titerescachirulo.com

O GRAN SALTO QUE CHEGOU... UNHA BOA NOITE

O I PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL QUE ACADOU O TEXTO BOAS NOITES XA FACÍA PRESAXIAR O ÉXITO DA PRODUCCIÓN POSTERIOR. BERROBAMBÁN, A COMPAÑÍA GALEGA CON MAIOR TRAXectoria EN TEATRO INFANTIL DE ACTOR, ACOMETEU CON ESTA OBRA O SEU PROXECTO ESCÉNICO MÁIS EXTENSO E INTEN-
SO. FOI, ADEMAIS DO TEATRAL, UN TRABALLO EDITORIAL E DIDÁCTICO, NON EXENTO DE RECOÑECEMENTOS, CO QUE O GRUPO QUE LIDERA PAULA CARBALLEIRA PERCIBE TER DADO “O GRAN SALTO”.

BERRO BAM



BÁN

Son moitos os méritos que concorren en *Boas noites* e que a identifican como unha das montaxes máis ambiciosas de teatro infantil galego dos últimos meses. Actualmente en distribución, a obra é unha alegoría á inocencia da infancia e á súa necesidade de xogar soñando. Unha percep-

ción tan obvia como desapegada da vida cotiá. Paula Carballeira plasmouno así sobre o papel, e coa súa peza puxo o punto e seguido a un proxecto que logo se abriu paso na escena, pero tamén na oferta literaria para os máis novos e mesmo no ámbito docente.



POLGARIÑO

Artello Teatro alla Scala 1:5

Autor: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro
Dirección: Manuel Pombal / Elenco: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques

Na memoria colectiva de todos os pobos hai historias que nos falan dun ser humano débil e pequeno que, coa súa intelixencia, xenerosidade e audacia, é quen de librar os seus dos inimigos máis terribles. Mais para nós, ben por ser o primeiro que coñecemos, ben polo xeito en que o mestre Perrault nos contou a súa historia, é Polgariño o noso favorito entre os heroes clásicos. E aquí estamos, xogando con seixos e miguíñas, deixándonos perder no bosque, probando as botas de sete leguas...

+info. en: www.artello.com



QUE PASA EN LA PLAZA III

Pablo Nojes y Páprika Teatro

Autor: Pablo Nojes / Dirección: Pablo Nojes
Elenco: Pablo Nojes / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Un xograr presenta unha galería de personaxes que protagonizan diferentes historias no ámbito dunha praza: un pallaso que loita por poñer o nariz e se namora dunha flor; un concertista de frauta e a inesperada interrupción dun ximnasta; un vendedor de mel que caza sons nos seus frascos...; e outros como o mestre Doménico Gargantoni, cantante lírico, quen debe superar con paciencia as reiteradas interrupcións do señor Anselmo, un espírito cándido cheo de avidez polo coñecemento.

+info. en: www.pablonojes.com



ROBIN HOOD

Produccións Acontrabutaca

Autor: Wonderland Group / Dirección: Xosé Lueiro
Elenco: Nuria Sanz, Patricia Vázquez, Rocío González, Ana Puente e Fran Ameixeiras / Xénero: Teatro infantil/Musical

Logo de cinco anos nas cruzadas, Robin volve á súa vila natal con idea de gozar dun merecido descanso. Ao pouco de chegar, descobre con sorpresa que o malvado príncipe Xoán, que tenta facerse co trono, está explotando a vila de Nottingham con abafantes impostos e trata de concertar a voda coa súa curmá Lady Marian. A aparición de Robin, xunto a Trasno e Little John, fará que as cousas ocorran de forma moi distinta.

+info. en: www.culturactiva.org



RUNAKO E EBERE
Pablo Nojes y Párika Teatro

Autor: Pablo Nojes / Dirección: Pablo Nojes
Elenco: Carla Espósito e Silvina Mañanes
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Ebere e Runako son dous nenos africanos que viven en dúas aldeas separadas por un río e tamén separadas por vellos rancores. A pesar de que os seus maiores son inimigos, deciden xogar xuntos ás furtadelas.

Axiña descubren o emocionante e enriquecedor que é xogar de dous en dous, e xuntos preparan un plan para reconciliar os seus maiores, quen, por outra banda, esqueceran o motivo orixinal da súa inimizade.

+info. en: www.pablonojes.com



SOMBREIROS SEN CHAPEU
Tanxarina Títeres

Autor: Tanxarina / Dirección: Eduardo R. Cunha “Tatán” e Miguel Borines / Elenco: Miguel Borines, Andrés Giráldez e Eduardo R. Cunha “Tatán” / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Tres sombreiros, construtores de sombras, lévannos da súa man a un espectáculo músico-visual composto de pequenas historias onde personaxes como Charlot, o camiñante, a cantante de ópera, o manipulador de monicreques e outros van facer as delicias de pequenos e grandes.

+info en: www.tanxarina.com



TRISTÁN, CARA DE CAN
Compañía do Elefante Elegante

Autor: Elefante Elegante / Dirección: Elefante Elegante
Elenco: María Torres e Gonçalo Guerreiro / Xénero: Teatro infantil/Xestual

Tristán é unha comedia xestual interpretada ao estilo dos debuxos animados. *Tristán cara de can* pasa os días ladrando, sen que o máis pequeno sorriso se debuxe nos seus beizos. Pero un día, dentro dunha misteriosa caixa, aparece unha boneca de trapo que vai tentalo todo para facer rir o noso personaxe. Será ela capaz?

BERROBAMBÁN

A trama de *Boas noites* é a historia de Xiana, unha pequena que non ten tempo para xogar porque os seus pais lle enchen o día cunha morea de actividades extraescolares. Pola noite, a cativa non quere durmir, prefire xogar. Ata que chega onda ela Pedro Chosco, co que emprende unha viaxe a través dos medos que non deixan durmir os nenos, para descubrir que no sono de cada noite hai unha fantástica aventura chea de personaxes imaxinarios; por iso, non debe ter medo de pechar os ollos e deixarse quecer entre as sabas. A obra foi galardoada en 2007 co I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, que valorou a súa achega contemporánea a personaxes da mitoloxía popular galega a través dun tema tan actual como o estrés infantil.

Na súa ampla traxectoria desde a súa profesionalización no ano 2000 coa obra *Díarriamente*, Berrobambán leva producido diversas e destacadas propostas orientadas, sobre todo, cara ao público familiar. Con *Boas noites* acaba de marcar un punto de inflexión na súa carreira, especialmente pola ampla difusión e envergadura que foi adquirindo o seu traballo desde a distinción literaria.

“Para nós hai un antes e un despois de *Boas noites* porque é un proxecto moi amplo, que comprende diversos aspectos, e non somos unha compañía moi grande. Supuxo afrontar un traballo dunhas determinadas características que non abordamos antes: ter tanta xente en escena, sacar adiante a unidade didáctica... facer, en definitiva, un traballo creativo máis completo”, explica Paula Carballeira, que xa leva publicados trece libros de literatura infantil e xuvenil.

“NÓS ENFOCAMOS ESTE PROXECTO COMO UN TRABALLO GLOBAL E SABIAMOS QUE AS ESCOLAS ÍAN ESTAR INTERESADAS NA OBRA, E A UNIDADE DIDÁCTICA É UNHA FERRAMENTA PARA QUE, ESPECIALMENTE OS PROFESORES, POIDAN ACHEGARSE A TODO NO QUE NELA SE PROPÓN”



Un traballo, este, que está a contar co favor do público: máis de trinta funcións e preto de sete mil espectadores esta temporada, ademais de valerlle unha nominación aos Premios María Casares como Mellor Texto e aos Premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

“Fixemos un esforzo moi grande en ter difusión e visibilidade, unha das cousas máis complicadas, e conseguímolos”, argumenta Chiqui Pereira, outra parte importante de Berrobambán. “Para unha compañía pequena como a nosa ese é un salto que está aí, e é un logro que se acadou grazas a este proxecto e tamén grazas a todo o traballo anterior. Agora miras atrás, ves todo o que se conseguiu, e estamos encantados e súper orgullosos do resultado”, confesa.

Xunto a outras obras como *A cabana de Babaigá*—producida en 2006 polo Centro Dramático Galego—e *Buhl*, con *Boas noites* Berrobambán pecha unha triloxía de

teatro para os máis novos centrada na temática do medo na infancia. E faino achegándonos dun xeito lúdico personaxes imaxinarios da mitoloxía popular, moi arraigados na nosa cultura, como son Pedro Chosco ou o Home do Saco, sempre como unha ponte entre a ficción e o sentir dos máis cativos.

Pasamedos é o título da unidade didáctica que acompaña a *Boas noites*. Dirixida por Antonio Reigosa e ilustrada, ao igual que o libro, por Noemí López, rescata toda esa filosofía e psicoloxía da obra. É un DVD interactivo pensado para as escolas, cunha serie de xogos, cancións e actividades ao redor da obra.

“Nós enfocamos este proxecto como un traballo global e sabiamos que as escolas ían estar interesadas na obra, e a unidade didáctica é unha ferramenta para que, especialmente os profesores, poidan achegarse a todo no que nela se propón”, di a autora.

Por suposto, como en toda obra infantil que se prece, non faltan as cancións e a música, que Berrobambán leva ao escenario sempre en directo. Son composicións de Manuel Vázquez, outro membro do grupo que coída, con sabedoría e eficacia,

do sentido musical de cada texto que se interpreta. “Crear a música para *Boas noites* resultou unha das partes máis gratificantes e intensas porque foi componéndose segundo o que queríamos transmitir en cada escena, durante todo o proceso de ensaio e de creación de todo o espectáculo”, comenta o músico.

Anabell Gago e Lorena Conde completan o equipo da compañía e o elenco da obra.

“A experiencia queda aí, como tantas cuestións prácticas que aprendemos ao afrontar este proxecto, pero *Boas noites* foi unha aposta polo Manuel María que acadou o texto”, reconece Chiqui. “Que nós montamos este espectáculo e que outras compañías o poidan facer nos anos seguintes é o mellor que lle pode pasar a este premio, porque iso dá visibilidade. O premio apóiase en nós e nós nel, e así ten que pasar coas próximas compañías para impulsar novos proxectos”, observa.

Berrobambán leva o xogo ao escenario e xoga facendo teatro. No ideario das súas montaxes busca fomentar os valores da lectura como o mellor xeito de enriquecer o imaxinario infantil. En *Boas noites* aprendemos que ler tamén é un xogo, sobre todo, cando se xoga ao teatro.



UN CUENTO VIEJO VUELTO A CONTAR

Títeres Cascanueces

Autor: Lázaro Duyos Jordán e Iroshi Arai / Dirección: Iroshi Arai / Elenco: Lázaro Duyos Jordán / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

A lúa e o sol desaparecen misteriosamente. Só un pequeno neno pode rescatalos.

+info. en: www.titerescascanueces.net



UN RATIÑO E A LÚA

Katarsis, Educación e Teatro

Autor: Rafael Curci / Dirección: Rafael Curci
Elenco: Pablo Della Chiesa, Omar Álvarez e Isabel Blanco (voz en off) / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Unha historia de amor contada con humor e chea de contratempos, avances e retrocesos, soños e desexos que semellan inalcanzables. Gualdo, o protagonista da obra, é un simpático ratiño que se afana por coñecer a súa eterna namorada, a Lúa. Ademais de galante e namoradeiro, é traballador e ousado, polo que Gualdo decide chegar ata a Lúa. Un gato feroz e unha parella de ratas teimudas son algúns dos contratempos con que terá que lidar, pero o máis sorprendente para Gualdo será descubrir se a Lúa é tan fermosa como semella de lonxe.

+info. en: www.katarsisseyt.com



UNHA ROSA NO XARDÍN

The Pinga Teatro

Autor: Miquel Condal / Dirección: Miquel Condal
Elenco: María Carrera, Miquel Condal e Suso Pando
Xénero: Teatro infantil/Outros

Un bo día, unha rosa nace no xardín dunha casa antiga e abandonada. Alí coñecerá un can pouco ladrador tan antigo como a casa, Can Can; uns paxariños un pouco enredantes, Coto e Loro; e unha serpe moi simpática, ou, máis ben, dúas serpes: Serpe de Serpentes e a aventureira Serpentiña de Cerveira, “Tiña” para os amigos. Todos eles vivirán unha historia chea de emocións e momentos persoais e non tan persoais.



VARIETÉS
Seisdedos

Autor: Seisdedos / Dirección: Anxo García Fernández
Elenco: Anxo García e Luís Iglesias / Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Pasen e miren! Eses fabulosos artistas que traballan nas rúas das nosas cidades: o equilibrista, a médium, o trapeceista, a cupletista e, por suposto... o xitano da cabra!
+info. en: www.viravolta.es



VIDA, CRIMES E PRISIÓN DE
TORIBIO DE MAÑÓN
Viravolta Títeres

Autor: Viravolta Títeres / Dirección: Anxo García Fernández / Elenco: Pilar Álvarez e Julio Balado
Xénero: Teatro infantil/Monicreques
As aventuras e desventuras de Mamede Casanova, alias Toribio, famoso bandoleiro galego de finais do século XIX que inspirou *Las Galas del Difunto* a Ramón María del Valle Inclán.
+info. en: www.viravolta.es



A HABITACIÓN DA MAXIA
La Imagina Machina

Autor: Mago Romondi / Dirección: Mago Romondi
Elenco: Mago Romondi / Xénero: Maxia
La Imagina Machina presenta o seu primeiro espectáculo de maxia, da man do veterano mago Romondi. O mago Romondi practica todo tipo de maxia, aínda que é un experto na maxia de preto. Este espectáculo ofrece un percorrido divertido e ameno polas diferentes variedades da maxia. Un espectáculo para todos os públicos.
+info. en: www.laimaginamachina.com



A MAXIA DE BENXAMÍN E LOLI
Mago Benxamín

Autor: Benxamín Fernández Penedo
Dirección: Benxamín Fernández Penedo
Elenco: Benxamín Fernández Penedo e Loli Fernández Durán / Xénero: Maxia
A maxia de escena (pombas, panos, bastóns, areas, líquidos, lume...) e a maxia de humor e interactiva (cordas que se cortan e recompoñen, cousas que aparecen nos lugares máis inverosímiles, variñas e abanos que rompen e son recompostos polos propios espectadores, cartas con le- dicia, billetes que se multiplican...) mestúranse neste dinámico espectáculo no que tamén hai lugar para os escapismos e as grandes ilusións.



A MAXIA DO NADAL
Chrystyan Magic

Autor: Chrystyan Magic / Dirección: Chrystyan Magic
Elenco: Chrystyan Magic, Sonya Lago e un colaborador
Xénero: Maxia
Espectáculo ambientado na época máis máxica de todo o ano, o Nadal, onde á fantasía e ilusión sú- mase o máis entrañable personaxe destas datas: Papá Noel, que nos visitará desde moi lonxe para facer realidade todos os desexos do público asistente, e xunto coa súa axudante, Mamá Noel, farán as delicias de grandes e pequenos, para festexar un Nadal inesquecible con moitas, moitas sorpresas!
+info. en: www.chrystyan-magic.com



A NOSA MAXIA
Cyrille Sinclair de Magia a la Carta

Autor: Cyrille Sinclair / Dirección: Cyrille Sinclair
Elenco: Cyrille Sinclair / Xénero: Maxia
Este singular percorrido pola maxia do século XX é unha homenaxe ás grandes lendas da maxia que son fonte de inspiración da maior parte dos magos na actualidade. Slydini e Fred Kaps soben á escena nas mans do nacionalmente galardoado Cyrille Sinclair; a participación dos espectadores completarán o triángulo máxico de *A nosa maxia*. Os efectos combinados con pezas musicais trans- formarán os minutos en momentos de deleite intemporal ao contemplar a beleza e misterio.
+info. en: www.magiaalacarta.com



ILUSIÓN
Ilusionista Pedro Volta

Autor: Pedro Volta / Dirección: Pedro Volta
Elenco: Pedro Volta / Xénero: Maxia
Un espectáculo abraiante en que Pedro Volta rea- liza unha maxia altamente visual combinada con historias máxicas. Un dos números do espectáculo foi seleccionado para aparecer nos extras do DVD da exitosa película *O ilusionista*, protagonizada por Edward Norton. Un espectáculo de ilusionismo en que público de todas as idades gozará durante unha hora e cuarto.
+ info. en: www.pedrovolta.com



POR ARTE DE MAXIA
Mago Romarís

Autor: Antonio Romarís Lens / Dirección: Antonio Romarís Lens / Elenco: Antonio Romarís Lens
Xénero: Maxia
Adaptación para a súa representación en teatros do primeiro espectáculo de escena do Mago Romarís, que ata agora só se viña realizando ao aire libre no seu propio escenario.



SONATA MÁXICA
Javier Muro

Autores: Javier Muro e Cyrille Sinclair / Dirección: Javier Muro e Cyrille Sinclair / Elenco: Javier Muro e Cyrille Sinclair / Xénero: Maxia
Espectáculo máxico-musical onde os obxectos e bonecos cobran vida e comezan a interactuar e falar cos magos Javier Muro e Cyrille Sinclair, e dan entrada a todo tipo de ilusións máxicas que sorprenderán o público cun amplísimo e variado repertorio de xogos. Doutra banda, destaca a participación dos rapaces en varios efectos, vestíndoos de magos e facendo eles mesmos a maxia.
+info. en: www.javiermuro.es



30.000
Pisando Ovos

Dirección: Damián Muñoz / Elenco: David Loira e Ruth Balbís / Xénero: Danza contemporánea
Coproducida polo Centro Coreográfico Galego, *30.000* é a terceira obra de longa duración da compañía. O espectáculo convida a unha reflexión sobre o papel do diñeiro na sociedade actual e das relacións entre os cartos e as persoas.



A LUZ...
Cía. Galega de Danza
Contemporánea–Ballet Jesús Quiroga

Autor: Jesús Quiroga / Dirección: Jesús Quiroga
Elenco: Ana Belén Ferreiro, Eva Faraldo, Iris Pintos, Sabela Adalid e Jesús Quiroga / Xénero: Danza contemporánea
A luz... inspírase no libro de poemas de Eva Veiga *A luz e as súas cicatrices*.
“O sangue, sempre presente nas evocacións de Eva Veiga, desde o subconsciente de onde aflora a poesía. De todas as formas, as súas feridas son agora só cicatrices. Tamén na alma. Asombra tanta paixón, tanta vitalidade, tanto amor. Un cántico permanente á vida e aos seus froitos inmediata- mente en sazón despois da flor. Intensísima, extrema... expándese, pois, nun sistema reticular de símbolos que resplandecen como unha constelación fulgurante”. Luz Pozo Garza
+info. en: www.jesusquiroga.com



ABCDANZA
Druidadanza

Autora: Mercedes Suárez / Dirección: Mercedes Suárez
Elenco: Silvana Couñago, Yolanda Pérez, Beatriz Garrido, Julia Méndez, María Alonso, Miguel A. Ponte, Pablo Aradillas e Fernando Piñeiro (bailaríns); Lino Braxe e Gonzalo Uriarte (actores) / Xénero: Danza contemporánea
ABCDanza é un espectáculo que, a través do xesto, nos conta diversas historias por medio de diferentes estilos de danza, desde o clásico ata o contemporáneo, utilizando tamén nalgunha delas a interpretación dramática con textos de Lino Braxe.
+info. en: www.druidadanza.es

Outras teatralidades

Andrea Álvarez Pino

Como é posible que o teatro, polo menos tal e como o coñecemos en Europa, ou, mellor dito, en Occidente, teña relegado a último termo todo o especificamente teatral, é dicir, todo aquilo que non obedece á expresión da palabra, ou, se se quere, todo aquilo que non cabe no diálogo? Artaud, 1933. O cruel francés teimaba en que o teatro volvera ás súas orixes instintivas, ao uso de linguaxes prelógicas, non verbais, que permitiran a captación desas outras realidades que existen pero que son imperceptibles na vida cotiá. De aí que para el o teatro sexa alquimia, porque opera unha transformación máxica que permite a apreensión das realidades veladas que só son recoñecibles no caos. E por iso *O teatro e o seu dobre*, porque o teatro duplica a realidade, pero non a realidade visible, senón as súas zonas escuras, os intersticios. Se eu hoxe tivese a oportunidade de conversar con Artaud, de contarlle do caso particular do teatro que se pode ver actualmente nas salas galegas, diríalle que as cousas cambiaron paseniño, que a tiranía do texto empeza a diminuír e que si, que sen un elemento de crueldade na base de todo espectáculo o teatro non é posible. Mais diríalle tamén que aínda nos falta un paso para acabarmos de integrar na nosa paisaxe escénica esas novas linguaxes contaminadas e contaminantes que, actualizadas, funcionen a modo de mecanismos de alerta desvelando a construción aparente do que chamamos realidade; que destrúan ou polo menos ensucien a fixación de formas de percepción do real exercitando unha mirada híbrida e transfronteiriza coherente coas contradicións desta sociedade do simulacro que todos compartimos e alimentamos.

Necesitamos poder asistir a unha cota maior de propostas que arrisquen públicos con montaxes tecidas dunha escrita escénica ecléctica que faga saltar polos aires a comprensión tradicional da teatralidade aproximando o teatro ás accións das artes visuais e do movemento, e que sexa estimulante dun tipo de espectáculo transxénérico no que fiquen integrados o teatro, a danza, a *performance*, a instalación, etc., posibilitando a problematización dos fenómenos da presenza e da representación.

Pero tempo ao tempo, non é?

A Rede Galega de Teatros e Auditorios e a Rede Galega de Salas inician en setembro un segundo ciclo cuatrimestral de distribución cun calendario de máis de setenta espectáculos teatrais dos cales preto dunha decena parecen conter os ingredientes dunha arte de fronteira, dun teatro de zonas de paso, permeable e traizoable, multidisciplinario, antixerárquico, e máis centrado no proceso creativo que no resultado. Neste senso, haberá que prestarlle especial atención ás propostas das compañías galegas máis novas. Nut Teatro, con Carlos Neira á fronte, mantén en cartel *4.48 Psicose*, montaxe do texto homónimo de Sarah Kane, e *A mirada de Pier*, de creación colectiva. O equipo porfía nunha liña de traballo situada na zona intermedia entre o teatral e o performativo que supón unha posta ao límite de ficción e realidade, ben aproveitando e potenciando a dimensión ficcional da historia, ben forzando a súa presenza real. Que o elenco estea formado só por mulleres segue a ser marca distintiva, como ocorre en *Varadas*, da Compañía Femme Fatale, cabaré revisitado a través de novas plataformas e soportes creativos que presumiblemente emprega a escena como espazo de investigación sobre as actuais problemáticas de xénero. Destaca ademais a inclusión de *Play*, obra debut da recentemente creada Play & Rewind. A unión de Borja Fernández, artista irreverente e multifacético, e Uxía Vaello, intérprete de danza contemporánea, promete ter *swing* de códigos de movemento e experimentación temática e formal. Pola súa banda, Almacabra Teatro-Circo presenta *Poni*, versión libre sobre textos de Rodrigo García e Nando Llera que pretende enfoques escénicos novidosos baseados na interacción de diferentes disciplinas artísticas.

“*Necesitamos poder asistir a unha cota maior de propostas que arrisquen públicos con montaxes tecidas dunha escrita escénica ecléctica que faga saltar polos aires a comprensión tradicional da teatralidade aproximando o teatro ás accións das artes visuais e do movemento (...)*

“*Que outras teatralidades lle quedan por diante ao teatro para poder seguir sendo un medio artístico eficaz cultural e politicamente?*

E xa para rematar, cómpre salientar a presenza neste segundo período da programación de 2008 dos dous últimos espectáculos da andaluza Cámara Negra Teatro, dirixida por Carlos Álvarez-Ossorio. Por un lado, un *Hamletmaschine* desgarrado e violento que, en diálogo coa textualidade posmoderna de Müller, aposta pola autenticidade actoral e por unha comprensión procesual do traballo creativo ao introducir elementos de *performance* que fan evolucionar a peza dunha función a outra baseándose no ritual da comunicación co espectador. Por outra, a adaptación de *En la soledad de los campos de algodón*, que continúa a liña de austeridade estética característica da compañía e que desenvolve un traballo dramaturxico fondamente indagatorio centrado no ritmo e na corporalidade á procura da poética de Koltès máis aló das palabras da escrita do autor francés.

Que outras teatralidades lle quedan por diante ao teatro para poder seguir sendo un medio artístico eficaz cultural e politicamente? Que novas hibridacións que resitúen as súas funcións dentro da voraz cultura da imaxe e da hiperrealidade? Que novos códigos nómades e mestizos que respondan ás concepcións contemporáneas da súa natureza exiliar e desterritorializada?

Na temporada que comeza teremos que sentar nos patios de butacas galegos con ganas de nos abandonar ao pracer de ver teatro, pero tamén dispostos a cuestionar a súa natureza mesma e coa expectativa de que, como a de Artaud, a nosa mirada ilusionada e crítica sexa factor alquímico imprescindible que axude a desautomatizar e a reinventar convencións sociais e artísticas.



AL SUR DEL SUR

Marco González Tango Argentino

Autor: Marco González / Dirección: Marco González
Elenco: Marco González, Valeria González, Leonardo Mosquera e Carina Lucca (bailaríns); Alejandro Szabo, Vera Pavlova, Marcelo González e Sergio Veloso (músicos) / Xénero: Danza/Outras

Al sur del sur é un espectáculo de tango e folclore arxentino onde a música, as letras e o vestiario percorren a xeografía arxentina. Así como o país se divide en diferentes rexións de acordo cos seus máis importantes trazos xeográficos e climáticos, tamén por razóns culturais poden identificarse distintas zonas, cada unha delas con características propias, aínda que tal vez non independentes entre si, pois todas elas son permeables ás influencias do exterior.

+info. en: www.marcogonzaleztangargentino.com



CORPO. SON-CREACIÓN

Experimentadanza

Dirección: Pilar Alonso e Carlota Pérez / Elenco: Pilar Alonso (pintora), Pablo Rodríguez (guitarra), Pablo (saxo), Danae de la Vega/Carlota Pérez (danza contemporánea) e Denisse (danza contemporánea)
Xénero: Danza contemporánea

Espectáculo multidisciplinario que ten como fin a creación dunha obra de arte. Con este obxectivo, emprégase a fusión entre os corpos como inspiración do artista, a música que pon notas aos bosquexos, aos momentos de dúbida, ao proceso de investigación, e o cotián e o intercambio entre as diferentes disciplinas artísticas.



DE CABEZA

Teresa Nieto en Compañía

Autora: Teresa Nieto / Dirección: Teresa Nieto
Elenco: Jesús Caramés, Daniel Doña, Manuel Liñán, Vanesa Medina, Teresa Nieto e Olga Pericet
Xénero: Danza contemporánea

“...Chego ao bordo do trampolín, asómome, comprobo a altura, prepárome. Pódome tirar DE CABEZA, vencer a vertixe... ou ser incapaz de facelo, a pesar de intuír cantos bos momentos agardan abaixo. Podo intentalo unha e outra vez e terminar sempre retrasándoo, ou pedir axuda a alguén para que agarde abaixo cos brazos abertos, ou necesitar un bo empurrón para paliar a coraxe que me falta. Podo, sinxelamente, sentar a observar, desde a altura, desde outra perspectiva, o que a vida me ofrece: novos encontros, desencontros, amores, desamores, complicidades... novos conflitos que (para non variar) me traerán DE CABEZA”.
Teresa Nieto

+info. en: www.teresanieto.es

BAILAN CON MOITA SENSIBILIDADE, PERO TAMÉN COA MESTRÍA QUE OUTORGA A TÉCNICA DA DANZA CLÁSICA. DESTA ÚLTIMA, A COMPAÑÍA GALEGA DRUIDADANZA FIXO ESCOLA E, DA MAN DA COREÓGRAFA MERCEDES SUÁREZ, UN MODO PERSOAL DE ENTENDER E SENTIR. AVOGAN POR DESTERRAR OS TÓPICOS QUE FAN DO BALLET CLÁSICO UN ESTILO MINORITARIO E FOMENTAN A SÚA ESENCIA COMO A MELLOR FERRAMENTA PARA MEDIR A VERSATILIDADE DUN BAILARÍN.

Algo está a pasar no mundo da danza. Todos os seus modos están de moda. Atopámonos con ela en todas as partes e as montaxes coreográficas –galegas e non galegas– interesan e incrementan en adeptos. Algunhas das diferentes compañías do noso país fan xa liñas mestras e, entre elas, Druída é unha das máis destacadas.

Na Coruña, nunha traseira rúa dos arredores do estadio de Riazor, onde inevitablemente se respira ambiente futbolero, ten a súa sede esta senlleira compañía e escola de danza. Son as seis da tarde, hora de clase para as alumnas máis cativas, futuras bailarinas quizais, que ao saíren do colexio teñen aquí a súa cita co baile. Recíbenos Mercedes Suárez, directora do centro e da compañía, e sitúanos axiña: “O primeiro que realmente se aprende coa danza, cando realmente te queres dedicar a esta profesión, é que non é unha afección, senón que é algo serio, un traballo diario e non de dous días á semana”, afirma.

DRUIDA

TÉCNICA, ARTE





DE MEU

BStudio

Autora: Dolores Mayán / Dirección: Dolores Mayán
Elenco: Emilia Pardo, Natalia Iglesias, Vanesa Otero e Celia Mayer / Xénero: Danza contemporánea

De meu xorde da necesidade de explorar e repasar os roles que a sociedade lle asigna á muller, da falla de liberdade que ten de elixir un camiño de seu, da repetición, aparentemente inocente, de estereotipos que atrancan o desenvolvemento das persoas, as limitan e condicionan negativamente, marcan e dirixen os seus pasos. Quimeras de muller ante os camiños da vida que cre seus cando son doutros ou alleos. Catro bailarinas perden o seu nome, deixando de ser elas mesmas para converterse en todas.

+info. en: www.bstudiodanza.com



INSULTOS PRIVADOS

Javier Martín

Autor: Javier Martín / Dirección: Javier Martín
Elenco: Javier Martín, Cinzia Prigone (audiovisual)
Xénero: Danza contemporánea

“Insultos privados (sangue no espello). Todo movemento é de carne... Pupilas vídrosas por cousas feitas por un tal Tifón. Medusa, puta! Todo grazas a ti e todo debido a ti pon os pelos de punta... Di: saberás por min iso que buscas. Gota a gota, encontro a asfixia para un exquisito orgasmo (como un don Xoán en fuga)... Creo en ti..., o seu espello... vivo e vulnerable; co sangue virxe que me queda sintetiza o seu cristal, necesítalo pero, por que llo deu? Un espello que se enfronta a outro espello... Escintileos sónicos. Un vampiro que loita con outro vampiro... Gústanse. Humidade con olor metálico... Como poden ocorrer estas cousas?”

+info. en: www.javiermartin.com



MENOS 1

Pisando Ovos

Dirección: Rut Balbís / Elenco: Rut Balbís
Xénero: Danza contemporánea

Menos 1. A persoa, o individuo, a individualidade. Estamos sós, queremos estalo? Un mundo en que os lados opostos non están tan separados, en que o cambio dun estado a outro sucede de forma continua, onde a risa se converte en algo triste e a caída nun momento elegante. Será un traballo en que se confundan as imaxes, onde as formas tornen no que non son, un momento para rir e sentir, un novo intre que sumar.



MENÚ VEXETAL (DÁME VERDE)

Disque Danza

Autora: Paula Carballeira / Dirección: Carmela Bueno e Alfredo Rodríguez / Elenco: Carmela Bueno, Olivia Maté, Paula Cobián e Olga Cameselle (bailarinas); Nuria Gullón (actriz) / Xénero: Danza/Outras

O verde é a cor da paisaxe con boa saúde. Verde é a vida. Verdes son os ollos dos gatos negros, que anuncian misterios. Verdes son as herbas que curan e as herbas que matan. Verde é a cor da maxia da menciñeira. Daquela, por que o verde non é a cor da comida que anuncia misterios, a comida con maxia, a comida que pide aventura? Agora ti, despois do que che dixen, descubre que se pode xogar coa comida, que se poden mesturar sabores imposibles, combinar cores, tragar palabras...



ODONATA

Cía. Pepe Hevia

Dirección: Pepe Hevia / Elenco: Viviana Boronat, Danay Hevia, Pepe Hevia, Ona Marimón e Sònia Romá Xénero: Danza/Outras

Odonata fusiona a danza coa música e a videoarte para falar do instinto animal que todos posuímos e que nos impulsa a loitar, a continuar e a cambiar, malia que no cambio se pode atopar o fracaso. A partir desta imaxe Pepe Hevia decide inspirarse no comportamento biolóxico do cabaliño do demo formulando unha simbiose entre a transformación do individuo e a eterna loita de adaptación do cabaliño do demo para conseguir o soño, ter alas para voar.

+info. en: www.emedous.com



QUE PASA AQUÍ?

Entremans

Autores: Armando Martén, Katerina Varela e Ánxela Blanco / Dirección: Compañía Entremans Elenco: Armando Martén Caballero, Katerina Varela Garea e Ánxela Blanco Lesta / Xénero: Danza contemporánea

Espectáculo de danza contemporánea para os máis pequenos e para os que non o son tanto. Ás veces a miña cadeira resúltame pequena e non podo alcanzar as cousas da mesa; o teléfono da casa parécese demasiado grande, pero é lixeiro e bonito; e a butaca deforme é a máis cómoda que tiven, mais... o reloxo vai ao revés, que pasa aquí?

SON MOITOS ANOS OS QUE LEVA FORMANDO BAILARÍNS E CREANDO BRILLANTES COREOGRAFÍAS CUNHA MÁXIMA: RACHAR TODOS OS TÓPICOS QUE RODEAN A DANZA CLÁSICA SEN RENUNCIAR Á TÉCNICA, QUE HA DE SER A BASE DE TODA EXECUCIÓN

A concepción da danza de Mercedes Suárez vén dunha consolidada traxectoria artística ligada a coreógrafos tan destacados como Irina Gryvina, Eva Borg (quen formou parte da súa compañía), Víctor Ullate, Carmen Roche ou Emilio Altés. Todo o asimilado impregna agora cada unha das súas clases e coreografías para Druída.

Silvana Couñago, Yolanda Pérez, Beatriz Garrido, José Ángel Mosquera, Miguel A. Ponte, Fernando Piñeiro, Margarita Iglesias, Elena Casas, Matilde Pedreira e Pastor R. Feal compoñen o corpo de baile da compañía. A danza que interpretan ten un selo propio que pasa pola súa coidada técnica de baile, en perfecto equilibrio coa sinxeleza da escenografía e o seu propósito de conectar co espectador a través da expresividade de cada movemento.

“Gústame os ballets con moita xente, os cambios continuos nos tempos musicais, pasar dun adagio a un allegro, facer que a xente se sorprenda continuamente, que sexan moi movidos dentro do movemento”, recoñece Suárez. “Paréceme que somos das compañías que máis nos movemos no escenario, que máis enerxía transmitimos a nivel de danza”, admite.

Desde 1982, cando fundou a Escola de Danza Druída e, posteriormente, a compañía Druida-danza, son moitos anos os que leva formando bailaríns e creando brillantes coreografías cunha máxima: rachar todos os tópicos que rodean a danza clásica sen renunciar á técnica, que ha de ser a base de toda execución. “A técnica clásica debe estar por riba de todo. Non falamos de tutús nin dun vestiario concreto, senón duns coñecementos que se lle deben esixir a todo bailarín. Como ocorre en calquera profesión. Se eu chamo un fontaneiro, quero que saiba arranxar calquera avaría. Se eu chamo un bailarín, quero que saiba bailar pero non un estilo determinado, senón calquera cousa que eu lle pida que baile”, argumenta a coreógrafa.

As calidades dun bailarín clásico, di, son as máis difíciles de atopar polas condicións físicas que require, por iso son poucos os que acadan un nivel de perfeccionamento óptimo. “O que che dá a técnica clásica non é máis que elasticidade, potencia, coordinación de movementos, oído musical, aprendes a xirar, a saltar...”; logo, cumprido este proceso de aprendizaxe, serán as propias aptitudes do bailarín as que o fagan evolucionar cara a un estilo determinado, explica.



En todos os seus espectáculos, a temática social e o sentir popular son outra constante, e adoita botar man de recoñecidas pezas da literatura, da música ou doutras artes para argumentar cada mensaxe. Así, a obra de Federico García Lorca *La casa de Bernarda Alba* inspirou unha das súas montaxes máis representativas: *Drama de mulleres*. Noutra, *Verde transparente*, amosábannos o sentir da emigración. En *20 anos non é nada*, a loita dunha compañía de danza por sobrevivir aderezábase coa música de Bach e Beethoven. *A redeira* trasladábanos ás cantigas de amigo de Martín Códax e *O calar do tempo* á voz de Dulce Pontes... E así outros tantos títulos.

“Interésame máis o público que contar historias nas que nada é o que parece. Iso son parvadas pseudointelectuais”, asevera. E é que as de Druída son coreografías cun transfondo social que, artisticamente, pretenden esperar a sensibilidade do espectador. “En danza non tes que entender. Se o bailarín non é quen

AS DE DRUÍDA SON COREOGRAFÍAS CUN TRANSFONDO SOCIAL QUE, ARTISTICAMENTE, PRETENDEN ESPERTAR A SENSIBILIDADE DO ESPECTADOR

de facerche sentir nada e non esperta as túas emocións ao bailar, iso non é danza nin é nada”, asegura a directora da compañía. É o propio inconsciente, segundo di, o que pon sobre o escenario e durante o proceso creativo todas as nosas vivencias e sentimentos de forma natural. Non obstante, Mercedes Suárez considera a este respecto que atravesamos un momento de “involución”, porque, ao seu xuízo, “estamos vivindo nunha época na que a danza deixou de ser tal para se converter nun teatro xestual, onde se fala máis que se baila ou onde hai máis elementos de escenografía que baile”.

Druidadanza traballa agora en novos proxectos –como o seu novo espectáculo, *ABCDanza*– cos que afondar na creatividade, na expresividade e pureza dos movementos, nas formas, na estética e incluso na mestura de estilos, buscando popularizar a danza máis clásica e recuperar a súa esencia.



TRADICCIÓN

Nova Galega de Danza

Autores: Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer
Dirección: Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer
Elenco: Lorena Ballesteros Rodríguez, Emma Cabañas Hidalgo, Alba Vázquez Gómez, Laura García-Vera Valiente, Iván Villar Agulleiro, Vicente Colomer Busoms, Xaime Pablo Díaz Rodríguez (corpo de baile); Pedro Lamas, Xabier Díaz, Suso Iglesias, Ricardo Rozas, Miguel Queixas e Xosé Belmonte (músicos en directo)
Xénero: Danza contemporánea

Nova Galega de Danza atópase inmersa nun proceso de investigación, de achegamento á danza tradicional máis pura, para reinventarse a si mesma, imbuírse da nosa cultura de danza máis primaria e dar un paso máis na procura dunha danza contemporánea de marcado carácter galego. O feito de que en Galicia se baile dun xeito determinado e se faga unha música concreta define a nosa identidade. A nosa singularidade como bailaríns e músicos radica nesa identidade e é aquí onde nace *Tradición*.

+info. en: www.novagalegadedanza.com



VALLE ROSA

Cía. Galega de Danza Contemporánea–Ballet Jesús Quiroga

Autor: Jesús Quiroga / Dirección: Jesús Quiroga
Elenco: Ana Belén Ferreiro, Eva Faraldo, Iris Pintos e Jesús Quiroga / Xénero: Danza contemporánea

Valle rosa preséntase en dous actos, inspirados ambos na poesía de Rosalía de Castro. O primeiro, “Valle”, toma como referencia a obra *Cantares gallegos*, onde Galicia é a alma enteira chea de esperanza e xuventude propia da vida que comeza. “Rosa”, o segundo acto, inspírase en *Follas novas*, onde a poeta expresa que “o sol da vida é o mesmo que ilumina o mundo que habitamos (...)”

+info. en: www.jesusquiroga.com



Y OTRA VEZ...

Experimentadanza

Dirección: Thierry Taboni e Carlota Pérez / Elenco: Thierry Taboni e Carlota Pérez / Xénero: Danza contemporánea

Coñecémonos e xogamos a conquistarnos. Eu buscaba algo alí fóra e ti non querías, tiñas medo a perderme; ás veces desexaba que foses outro. Pelexamos, unha loita de poder. Volvémonos recoñecer para poder seguir xuntos e por momentos cremos confundirnos; fixémonos vellos e volvemos ao mesmo lugar, e así unha e outra vez...



TUI, O BALUARTE SUR


Habitantes: 16.948

Espazo escénico: Teatro Municipal Área Panorámica.
Rúa Colón, 2. 36700 Tui

Aforo: 554

Web: www.concellotui.org

O TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA DE TUI CUMPRE EN 2008 CINCO ANOS COMO ESPAZO DEDICADO Á CULTURA. É UN EDIFICIO CUN SÉCULO DE HISTORIA QUE ESCRIBE AGORA A SÚA SEGUNDA ÉPOCA DOURADA, DESTA VEZ COMO REFERENTE DAS ARTES ESCÉNICAS PARA TODA A COMARCA DO BAIXO MIÑO.



Para quen o fai por vez primeira, ir ao teatro en Tui supón redescubrir a funcionalidade dun dos inmobles máis emblemáticos da vila. Os seus muros sobreviviron a décadas de vicisitudes e cometidos diversos ao servizo da comunidade; hoxe dan cabida á ampla proposta cultural deste concello do sur de Galicia. Tui, cidade bimilenaria posuidora dun fermoso conxunto histórico-artístico e dunha riqueza paisaxística singular que agroma cara á beira do río Miño, suma aos seus moitos atractivos o Área Panorámica, unha das xoias arquitectónicas da vila, que exerce con total dignidade como centro cultural.

Hospicio, hospital e instituto

Situado nunha das rúas principais, esta construción de estilo neogótico asentou a súa primeira pedra en 1902, aínda que ata 1923 non quedou rematado. Desde entón tivo moitos usos. Foi hospicio, fogar para nenos desamparados e hospital militar durante a Guerra Civil. Xa en 1950 pasou a ser instituto. A xente do lugar recórdao cumprindo esta función, posto

que desde 1958 se destinou enteiramente ao ensino e foron moitas xeracións de tudenses as que pasaron polas súas aulas. En 1991 cesou nesta actividade e foi adquirido pola Xunta de Galicia como espazo multiúsos. Foron necesarios diversos procesos de rehabilitación ata se converter, en 2003, no teatro municipal e principal espazo de encontro da vida cultural do concello e de toda a comarca. Nas súas instalacións alberga, ademais, a biblioteca, as oficinas da radio municipal e unha sala de conferencias, nunha zona que, antano, acollía dous claustros e unha capela.

“É un edificio ao que a xente lle colleu apego polos distintos usos que tivo. Cando entran, moitos cidadáns quedan abraiados do que houbo aquí e do que agora hai”, explica o técnico de cultura do Concello, Miguel Alfaya, que observa: “Agora mesmo Tui posúe unha infraestrutura cultural como moi poucos lugares teñen en Galicia. É un espazo para valorar entre os dez máis importantes no noso país”.

Desde o interior, o rosetón que adorna a fachada principal convértese nun excepcional foco de luz no amplo e acolledor vestíbulo que

**“AGORA MESMO
TUI POSÚE UNHA
INFRAESTRUTURA
CULTURAL COMO MOI
POUCOS LUGARES
TEÑEN EN GALICIA.
É UN ESPAZO PARA
VALORAR ENTRE
OS DEZ MÁIS
IMPORTANTES
NO NOSO PAÍS”**

dá a benvida ao público. O auditorio, o seu principal reclamo, ten cabida para 554 butacas, distribuídas en pendente para proporcionar mellor visibilidade sobre o escenario, tamén de gran capacidade. Abrangue unha superficie de 22 metros de ancho e dez metros e medio de fondo, cun proscenio en forma semicircular. Está equipado con catro varas electrificadas, a primeira de oito metros, unha tremoia de catro bandas, ademais dunha gran pantalla de cine automatizada e electrificada, e todo un sistema de iluminación e proxección da máis avanzada tecnoloxía.

Noutras dependencias deste centro cultural atópanse os camaríns, logo dun singular corredor decorado cos carteis dos espectáculos que subiron ao seu escenario. E xa na planta baixa, un almacén.

“O edificio innova no sentido de que vén dignificar o labor de moitas asociacións culturais de Tui e satisfacer unha sólida demanda de ocio que sempre houbo nesta poboación. É un luxo para nós poder contar cunhas instalacións así, que serven de motor para a cidade”, asegura Alfaya.





A axenda cultural *Corredoira* articula toda a programación de teatro, danza, música e outras actividades que promove a Concellaría de Cultura ao longo do ano. Edítase cada seis meses, xa que a programación se organiza nesa mesma cadencia temporal. Nela, pódese atopar un calendario de actuacións e toda a información relativa aos espectáculos, outras citas de lecer e convocatorias populares: desde o famoso Festival Internacional de Documentais Play-Doc ata a Mostra de Artesanía, a Feira do Libro ou mesmo as Festas de San Telmo, declaradas de Interese Turístico Galego.

Captar público, tamén en Portugal

“O usuario ten dereito a ver neste espazo todo tipo de espectáculos, por iso abrimos a porta a distintos xéneros e variedades: teatro, danza, concertos de música folk ou coral, formatos máis pequenos como o contacontos...”, explica o programador. En Tui, o día do teatro é cada venres; na carteleira vaise alternando

o teatro infantil co teatro de adultos e, á súa vez, o teatro clásico cos espectáculos máis contemporáneos e de danza. Todo para que ao espectador non lle falten opcións.

Nos seus cinco anos de funcionamento, desde o 11 de abril de 2003 en que o Teatro Municipal Área Panorámica abriu as súas portas, son un cento de funcións as que leva organizado a Concellaría de Cultura e preto de 23.000 espectadores os que aplaudiron estes cinco anos dedicados ao teatro.

Tras este crecente éxito agóchase un serio labor de promoción e publicidade para facer chegar a cada veciño a oferta cultural do Concello e captar público de toda a comarca, como de feito está a ocorrer. As miras están postas agora cara a Portugal. Seis mil exemplares de *Corredoira* chegan cada temporada a todos os domicilios de Tui e, este ano, enviáronse outros tantos a Valença do Minho.

“Interésanos Portugal porque cremos que Valença apenas ten oferta de espectáculos e sempre houbo moita unión entre estas dúas

“O USUARIO TEN DEREITO A VER NESTE ESPAZO TODO TIPO DE ESPECTÁCULOS, POR ISO ABRIMOS A PORTA A DISTINTOS XÉNEROS E VARIEDADES: TEATRO, DANZA, CONCERTOS DE MÚSICA FOLK OU CORAL, FORMATOS MÁIS PEQUENOS COMO O CONTACONTOS...”

localidades”, argumenta Alfaya. “A nosa chamada xa está obtendo a súa recompensa porque estamos a ter unha media de dez a vinte espectadores portugueses en cada función. A ver se crece este número”.

Nas tarefas de promoción é fundamental, tamén, o papel da radio municipal e os seus espazos exclusivos en antena para informar cada semana dos espectáculos que se van representar nos días sucesivos. Por outra banda, desde hai un ano funciona un servizo de información gratuíta, o Público-Cultura, que lle permite ao usuario darse de alta a través dun correo electrónico e recibir por este medio información de todas as actividades. E ademais, notas de prensa, carteis, folletos publicitarios, etc.

O ano 2007 rematou con dezaioito espectáculos contratados e unha media de 226 espectadores. O equipo responsable non quere outra cousa que expresar a súa gratitude: “Queda moito por facer, pero ao público hai que darlle as grazas polo seu apoio”, conclúe Alfaya.



EN BREVE

A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS SUCEDE AO IGAEM

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) entrou en funcionamento o pasado 10 de xuño como organismo especializado da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das políticas de fomento da produción e do tecido empresarial cultural, tanto no interior como no exterior do país.

A nova entidade, que queda adscrita á Consellaría de Cultura e Deporte, sucedeu ao IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) e iniciou a súa actividade encamiñada a prestar unha atención específica, centrada no valor económico dos produtos culturais, aos sectores editorial, audiovisual, multimedia, escénico, musical e de artes plásticas.

OURENSE INAUGURA EDIFICIO PARA A ESCOLA DE ARTES ESCÉNICAS

A Escola Municipal de Artes Escénicas de Ourense conta, desde o pasado mes de xuño, cun novo edificio destinado a acoller as clases de interpretación e demais disciplinas relacionadas coa arte dramática, que se viñan impartindo desde hai dous anos na Escola Municipal de Ourense, situada en dependencias do Auditorio. O novo centro, que foi financiado maioritariamente con fondos europeos, depende organicamente da Concellaría de Educación e a súa directora é Thelma Joy Putman.

As instalacións inclúen unha sala polivalente con patio de butacas para 124 persoas, escenario e camerinos. Os máis de 100 alumnos do centro contan tamén con espazos para talleres, aulas especiais para impartir as diferentes disciplinas e departamentos de ensaio de expresión corporal, mimo, esgrima e danza. Tamén dispón de biblioteca, videoteca e fonoteca, unha base de datos sobre a historia do teatro na provincia, así como obras de recurso documental á disposición de todos os grupos de teatro e colexios.

A FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS BONIFICA A CONTRATACIÓN EXTERIOR

A Feira Galega das Artes Escénicas que organiza a AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) continúa este ano co programa de bonificacións iniciado en 2007

para favorecer a contratación exterior de espectáculos galegos. Na actual edición contéplanse descontos do 40 por cento dos cachés para teatros e auditorios públicos ou privados non galegos e entidades organizadoras de festivais, certames ou feiras; e do 30 por cento para xestoras de redes públicas. Esta porcentaxe incrementase nun 10 por cento no caso de que as solicitudes procedan de Euskadi, comunidade autónoma convidada.

Un total de 25 espectáculos –14 de teatro para adultos, 8 de teatro para público infantil e 3 de danza– conforman o cartel artístico da edición 2008 da feira, que se desenvolverá do 13 ao 17 de outubro en seis espazos escénicos de Santiago de Compostela e terá a súa sede expositiva e operativa no Auditorio de Galicia. A presenza da produción galega é maioritaria neste evento (20 montaxes), aínda que tamén se poderán ver tres propostas procedentes de Portugal e dúas de Euskadi.

O CATALÁN CISCO AZNAR DIRIXIRÁ 'GISELIÑA' PARA O CCG

O coreógrafo e bailarín catalán Cisco Aznar dirixirá a próxima produción do Centro Coreográfico Galego (CCG) para a temporada 2008-2009, unha versión libre do ballet *Giselle* que levará por título *Giseliña*. Na peza participarán os 13 bailaríns e bailarinas que foron escollidos nun proceso de audición celebrado na Coruña ao que se presentaron 139 profesionais.

ELES E ELAS CÓNTANNOLO

DENDE O PARAÍSO



NOME: Marisa Vidal Collazo

IDADE: 40

OCUPACIÓN: Profesora

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me gusta desde sempre. Ademais, teño un grupo de teatro no instituto no que imparto clase.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Valdemuller*, do CDG.



NOME: María Dolores Sanmartín

IDADE: 49

OCUPACIÓN: Administrativa

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me gustan todas as artes e pola proximidade e a relación máis directa e que hai entre o espectador e os actores.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: O musical de *Peter Pan*, de Theatre Properties.

A nova produción, que ten prevista a súa estrea no mes de marzo, será a terceira desde a posta en funcionamento do CCG, e despois do éxito acadado polas anteriores montaxes: *Vacuo* (2007), obra de Maruxa Salas; e *Kiosco das almas perdidas* (2008), de Roberto Oliván con música de Mercedes Peón.

Cisco Aznar traballa na actualidade na cidade suíza de Lausana, onde dirixe a compañía Buissonnière.

‘DANZA 3’ LEVA A 15 CONCELLOS TRES ESPECTÁCULOS DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL

O ciclo Danza 3, que organiza a Consellería de Cultura e Deporte, levará a 15 concellos galegos ata o mes de outubro as actuacións de tres grupos de música e baile tradicional. As formacións e espectáculos seleccionados para participar neste programa son Cantigas e Agarimos, con *Na Algalia de Arriba*; O Fiadeiro, con *Esta noite hai unha fña*; e Xacarandaina, con *Prestixio*.

Os municipios participantes neste ciclo –que busca a difusión do folclore tradicional galego nunha clave actual e se insire no proxecto xeral Cultura vai– son Verín, Carballo, Cambados, Celanova, Betanzos, Vilagarcía de Arousa, O Porriño, Ponte-deume, Ribadavia, Monforte de Lemos, Moaña, Melide, Noia, Vilalba e Sarria.

O CDG ABRE TEMPORADA 2008-2009 CON ‘A BOA PERSOA DE SEZUÁN’ A CARGO DE NUNO CARDOSO

O Centro Dramático Galego (CDG) abre a temporada 2008-2009 a finais de outubro coa produción da obra orixinal de Bertold Brecht *A boa persoa de Sezuán*, con dirección escénica do portugués Nuno Cardoso. A nova proposta da compañía pública contará con espazo escénico de F. Ribeiro, iluminación de José Álvaro Correia, espazo sonoro de Fran Pérez e vestuario de La Canalla. Na interpretación participarán Hugo Torres, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Toni Salgado, Alberto Rolán, Roberto Leal, Marta Pazos, Rosa Álvarez, Rebeca Montero, Mónica García e Rocío González.

A boa persoa de Sezuán é unha obra de madurez de Brecht, que constitúe unha boa representación de toda a temática e o imaxinario do dramaturgo alemán. O argumento da peza parte da decisión de tres deuses de baixar á terra coa esperanza de atopar persoas que sigan os seus ditados, é dicir, que sexan boas persoas.

MANUEL URGOITI SERÁ O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN QUE XESTIONARÁ A CIDADE DA CULTURA

Manuel Urgoiti, presidente de Banco Gallego e ex-presidente do Padroado do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, presidirá a Fundación Cidade da Cultura, que se constituirá para levar adiante a xestión do complexo do Gaiás mediante un

sistema mixto de participación pública e privada. Ademais de varios centros de creación e outros proxectos, a Cidade da Cultura albergará o Arquivo Nacional, a Biblioteca Nacional, o Centro de Arte Internacional, o Museo dos Nenos e o Escenario Obradoiro.

A nova fundación, promovida pola Consellería de Cultura e Deporte, suporá a incorporación ao proxecto cultural de 15 grandes empresas galegas e o seu capital inicial será de 25 millóns de euros, dos cales un 51% correrá a cargo das empresas e un 49% será achega pública do Goberno galego.

A CORUÑA ACOLLE O III FESTIVAL GALEGO DE CABARÉ

A cidade da Coruña acolle do 22 ao 28 de setembro o III Festival Galego de Cabaré, que afronta esta nova edición como a da consolidación definitiva desta cita que pretende facer visible a existencia deste xénero en Galicia, así como a calidade e variedade dos seus traballos.

Distintas rúas, locais nocturnos e salas de concertos acollen as distintas propostas artísticas do festival que dirixe Nelson Quinteiro, programación que se completará cunha exposición fotográfica e tres galas de cabaré que se desenvolverán no Forum Metropolitano. O evento quedará clausurado o 27 de setembro cunha función especial que terá lugar no Teatro Rosalía de Castro.



NOME: Uxío Diz Tilves
IDADE: 53
OCUPACIÓN: Vendedor
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque é cultura e fala da vida, e é unha das manifestacións culturais máis clásicas.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *O club da calceta*, de Teatro do Morcego.



NOME: María del Rosario Ansedé Lema
IDADE: 63
OCUPACIÓN: Xubilada
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me encanta. Son de Venezuela e alí fago teatro, teño un grupo que se chama Químera.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *La cenicienta*, en Venezuela.



NOME: Mercedes Rey Otero
IDADE: 54
OCUPACIÓN: Administrativa
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me encantou sempre todo o que sexa arte, e o teatro en especial.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: O musical *Mamma Mia*, en Madrid.



NOME: Paulo Rico Paineiras
IDADE: 30
OCUPACIÓN: Preimpresor gráfico
POR QUE VAS AO TEATRO: Adoito ir, sobre todo se é galego. Poder ver os actores en vivo é todo un privilexio.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Noite de Reis, ou o que queirades*, do CDG.



NOME: Iago Martínez Anta
IDADE: 37
OCUPACIÓN: Informático
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me gusta ver os actores en directo e porque ten sempre unha parte de improvisación.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *O club da calceta*, de Teatro do Morcego.



A MULLER COMO INSPIRACIÓ

Cuarteto Ephímere

Elenco: Mario Peris Salom (violín 1), Rosa M.ª Gayoso Vázquez (violín 2), Javier Escobar Vidal (viola) e Isabel Figueroa Lorenzo (violonchelo) / Xénero: Música de cámara

Mozart remata o seu cuarteto KV421 en re menor na noite en que Constanza dá a luz o seu primeiro fillo. Schumann sente saudade por Clara mentres escribe o seu cuarteto en lam Opus 41, asumindo, por vez primeira, o papel de esposo que agarda na casa mentres a súa muller está de xira como gran concertista de piano. A rebuldeira fuga que foxe en feminino da negra sombra que me asombra que planea por riba de todos. Dous autores intemporais xunto con dous autores galegos contemporáneos e a inspiración que, como a morte, viste de muller.



ALEJANDRO CABALAR E LAURA DÍAZ

Dúo Saxo Piano, Alejandro Cabalar-Laura Díaz

Elenco: Alejandro Cabalar (saxofón) e Laura Díaz (piano) Xénero: Música de cámara

Este dúo fórmase en outubro de 2003 coa intención de dar a coñecer o repertorio de saxofón e de ampliar a literatura deste instrumento introducindo nos seus concertos as obras menos coñecidas ou menos interpretadas, sen esquecer os grandes clásicos escritos para esta formación, así como as obras escritas por compositores contemporáneos galegos e españois.



CONCERTO DE CORDA

Sexteto de corda No Mar

Dirección: Mijail Moriatov

Elenco: Mijail Moriatov, Anca Smeu, Claudio Guridi (violíns); Timur Sadikov (viola); Valeri Moriatov (violonchelo); e Andrei Sobolev (contrabaixo) Xénero: Música de cámara

A formación No Mar creouse na Coruña en 1999 e dende ese ano actúa regularmente por toda Galicia e fóra dela. O seu repertorio consta de pezas coñecidas e populares de diferentes épocas de música clásica.

+info. en: www.mijailmoriatov.4mg.com



CONCERTO DE VENTO METAL

Quinteto de vento metal Santa Cecilia

Dirección: Miguel Brotóns / Elenco: Dúas trompetas, trompa, trombón e tuba / Xénero: Música de cámara

O quinteto interpreta pezas de diversos autores de música desde a época barroca ata temas do século xx. É un dos grupos máis antigos de Galicia.



QUE EU SEI MUIT

Grupo de Música Antiga Martín Códax

Dirección: Miguel Ángel López Fariña e Fernando Olbés Durán / Elenco: Fernando Olbés (tenor), Paula Corujo (soprano), Roberto Sala (chirimía, frautas, percusión), Carlos Castro (percusións e dulcema), Ana Sánchez (soprano), Miguel A. López (fídulas, arpas e organistro), Francisco J. González (baldosa, cítara), Philippe Copin (zanfona) e Andrés Díaz (frautas, chirimía e laúde) Xénero: Música de cámara

O programa xira en torno ao repertorio cortés románico e boa parte do latino medieval que se difundía oralmente e era composto para ser cantado. De todo o repertorio galaico-portugués que chegou ata nós só se conservan coa música escrita seis cantigas de amigo de Martín Códax e sete cantigas de amor do rei don Denis de Portugal. Un percorrido pola poesía amorosa galego-portuguesa tomando como centro as sete cantigas do rei don Denis xunto con cantigas de Martín Códax, Johan Airas, Roi Fernandiz de Santiago, Airas Nunez e Afonso Eanes de Coton.



DÚO DÜRICHEN-PERMUY (VIOLÍN E PIANO)

Dúo Dürichen-Permuy

Elenco: Ludwig Dürichen (violín) e Alicia González Permuy (piano) / Xénero: Música de cámara

O violinista Ludwig Dürichen e a pianista Alicia González Permuy son os integrantes deste dúo, formado en 2005 a consecuencia do concerto que Alicia deu como solista coa Orquestra Sinfónica de Galicia, da que Ludwig é axuda de concertino. Os programas que propoñen xiran en torno á figura de A. Gaos e compositores da súa época, de finais do século xx e principios do século xx, coa excepción de C. Franck (1822-1890), co que presenta grandes similitudes formais na súa sonata.



D-VERTIDO

Ancestral Servicios Musicales

Xénero: Música de cámara

Concerto didáctico de instrumentos de corda, con participación activa do alumnado, no que se introducen elementos humorísticos á vez que se desenvolve un programa no que se mostra a familia do violín. Interpretación de pezas clásicas mesturadas con adaptacións de coñecidas cancións infantís. O ritmo do espectáculo é moi intenso e variado, e pasa de recrear a música do cine mudo a interpretar danzas antigas para seren bailadas polos nenos.



GALICIA NA MEMORIA

Nova Poesía

Dirección: Julia María Dopico Vale / Xénero: Música de cámara

Nova Poesía presenta un percorrido histórico a través dos poetas galegos máis representativos sobre o soporte musical do piano, que acompaña a palabra poética, en dúo coa bandurra e co canto lírico, interpretando temas de autores galegos (Chané, Baldomir, Montes), populares e de música clásica. A música, permanentemente presente, acompaña a palabra poética nunha selección de textos que evocan a nosa cultura e tradicións galegas.



DO SÉCULO XVIII AO XXI

Ensemble Vigo 430

Dirección: Alejandro Garrido / Elenco: Mario Peris, Rosa Gayoso, Marta Vélez, Raquel Carrera, Elena Vázquez, M.ª José Pámpano, María Carrasco, Mauro Mariño, Tania Capón (violíns); Javier Escobar, Sara Franco, David López (violas); Isabel Figueroa, Alejandro Costas (violonchelos); Óscar Rodríguez (contrabaixo); Alicia Alcayna (clave); e Xulia Estévez (fruta travesa) / Xénero: Música de cámara

Un programa variado que percorre a historia da música, con obras mestras como a *Suite* de Bach, a *Serenata* de Dvorak e o conmovedor *Adagio* de Barber, xunto coa obra da compositora galega Rosa Gayoso *Cruces de pedra*.

+info. en: www.vigo430.com



RISEIRO

Ludus Tonalis

Dirección: Julia Cea e Blanca Padín / Xénero: Música de cámara

O coro nace na Coruña no ano 1998 e está composto principalmente por cantantes galegos, con formación e experiencia en música vocal. Desde ese ano participaron en diversos certames e festivais de Galicia, puxeron voz á música de Nani García para a banda sonora da película *De bares*, gravaron para a TVG e co grupo folk Luar na Lubre. Despois da publicación do disco *Grilanda*, enteiramente en galego, o coro presenta no seu último traballo discográfico unha particular visión de obras recollidas dos cancioneros tradicionais de Galicia xunto con obras propias, compostas expresamente para as súas voces.

+info. en: myspactv.com/index.cfm?fuseaction=vids.individual&videoid=20435946

FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS, 2008

SANTIAGO DE COMPOSTELA,
DO 13 AO 17 DE OUTUBRO

Espazos: Auditorio de Galicia, Sala Nasa, Salón Teatro,
SGAE-ARTeria Noroeste, Teatro Galán, Teatro Principal

Espectáculos seleccionados:

TEATRO PARA PÚBLICO ADULTO

Companhia do Chapitô (Portugal), *Drákula*
Lagarta, Lagarta, *Aeroplanos*
Matarile Teatro, *Animaís artificiais*
Ningures Producións, *Bailadela da morte ditosa*
Os Monicreques de Kukas, *7 contos capitais*
Peripecia (Portugal), *Novecentos. O pianista do océano*
P.T. Excéntricas, *No comment*
Sarabela Teatro, *Dáme veneno*
Talía Teatro, *E ti, quen vés sendo?*
Teatro do Atlántico, *Unha primavera para Aldara*
Teatro do Morcego, *O club da calceta*
Teatro do Noroeste, *Extrarrádios*
Teatro Galileo, *Náufragos*
Voadora, *Periferia*

TEATRO PARA PÚBLICO INFANTIL

Artello Teatro alla Scala 1:5, *Polgariño*
Berrobambán, *Boas noites*
CaChuzo, *Game over*
Galitoon Productions, *Babiliglub*
Katarsis, Educación e Teatro, *Pacama*
Marie de Jongh (Euskadi), *¿Por qué lloras, Marie?*
Títeres Cachirulo, *Típico Tópico*
Trigo Limpo Teatro Acert (Portugal), *Andar nas nuvens*

DANZA

BStudio, *Sono silente*
Kukai-Tanttaka (Euskadi), *Hnuu illa...*
Nova Galega de Danza, *Tradición*

www.feiradasarteseskenicas.com

PROGRAMACIÓN

setembro-decembro 2008

Teatro de actor
Teatro de monicreques
Danza
Música de cámara
Maxia



rede galega
de salas

36 formacións artísticas
44 espectáculos
107 funcións

SALA NASA. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA SANTART. SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEATRO ARTE LIVRE. VIGO
TEATRO DEL ANDAMIO. A CORUÑA
TEATRO ENSALLE. VIGO
TEATRO ESCENA. SANTIAGO DE COMPOSTELA



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

71 formacións artísticas | 81 espectáculos | 332 funcións

ARTEIXO
BETANZOS
CARBALLO
CEE
A CORUÑA. IMCE
A CORUÑA. TEATRO COLÓN
CULLEREDO
OLEIROS
SADA

CEDEIRA
FERROL
NARÓN
ORTIGUEIRA
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

AMES
BOIRO
A ESTRADA
LALÍN
MUROS
NOIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

BURELA
FOZ
LUGO
MONFORTE DE LEMOS
VILALBA
VIVEIRO

O BARCO DE VALDEORRAS
O CARBALLIÑO
OURENSE. AUDITORIO MUNICIPAL
OURENSE. TEATRO PRINCIPAL
RIBADAVIA

CAMBADOS
PONTEVEDRA
SANXENXO

CANGAS
GONDOMAR
PONTEAREAS
REDONDELA
TUI
VIGO. CAIXANOVA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais